De Navia ao ceo

Toño Núñez

Christian Villamide, fotografía

Acceda aquí ás versións en


Castellano English Naviego

Unha iniciativa da

asociación de escritoras escritores en lingua galega

A elaboración do texto, rematada en outubro de 2017, e as súas traducións, xeorreferenciación e subida á sección O Territorio do/ Escritor/a da web da AELG www.aelg.gal foi posíbel grazas ao convenio de 2017 coa Deputación Provincial de Lugo.

DEPUTACIÓN DE LUGO


DE NAVIA AO CEO
Texto
TOÑO NÚÑEZ
Fotografía
Christian Villamide


Estas humildes chorimas,
estas floriñas montesías da memoria,
para as floriñas da miña vida:
Juncal, Violeta e Antía

DE NAVIA AO CEO

No devalo do século pasado, no remate do conto *O soño de Ánxela* (Everest Galicia, 1999) escribín o seguinte texto:

> *Hai xa un mangado de anos fun cativo coma vós. Crieime nunha aldea de Navia de Suarna, nunha aldea perdida entre tesos, ao pé das montañas dos Ancares. Alí medrei arrodeado de animais e de natureza.*
>
> *Daqueles anos en Vilameixide gardo moitos recordos: os contos da avoa Carme a son da lareira nas longas e frías noites de outono e de inverno mentres cociamos a caldeira para os cochos, as primeiras cereixas de maio, o cantar dos carros volvendo para as casas cargados de herba seca nas cálidas e estreladas noites de verán, o arrecendo das mazás no madureiro…*
>
> *Os recordos son coma pombiñas brancas que aniñan na nosa memoria… E cantos máis anos lle imos ganando á vida, máis pombas imos coleccionando. No meu pombal xa teño ben delas. Algún día ensinaréivolas…*

Pois ben, xa que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega me concedeu esta honra, como a xente de lei, eu quero pagar as débedas contraídas. Foi chegado, pois, o día de botar as pombas a voar.

1. O río que me leva

O río que me leva, nos leva, é o Navia, o río que fai de eixe da vida do concello de Navia de Suarna de SO a NL. O seu nacemento localízase na fonte da Pedriña, non lonxe de O Cebreiro; máis concretamente, en Busnullán, concello de As Nogais. E despois de recoller augas das terras dos concellos de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna (atravesando polo medio a súa capitalidade), A Fonsagrada e Negueira de Muñiz, entra nas veciñas terras de Asturias (mesmo fai de fronteira natural nalgúns tramos) e vaise entregar ao Cantábrico; non sen antes descansar e recrearse na ría de Navia, da Navia asturiana: Navia de Luarca. Descanso máis ca merecido, pois o seu leito espétase no fondo de encaixados e estreitos vales; e as súas augas moen e remoen, roen, furan e vencen mil e un montes, tesos, petoutos e penas para poderen abrirse camiño cara ao mar. Un camiño de arredor de 150 quilómetros, contando afluentes.

Respecto da orixe e do significado do seu nome, non hai coincidencia, pois os estudosos atopan distintas solucións. Martín Sevilla Rodríguez afirma no seu estudo *La toponimia asturiana de origen indoeuropeo prelatino* que o nome do río deriva do vocábulo indoeuropeo *naus*, que significa "barco". Ao río chamaríanlle *Nawia* nunha lingua indoeuropea falada na zona en tempos bastante remotos, ao tratarse dun río navegable. Posteriormente, coa romanización, evolucionaría á forma Navia actual. Outra solución bastante aceptada apunta a posibilidade de que o lugar lle deba o seu nome á deusa Navia, que na mitoloxía galaico-lusitana era a deusa das augas e dos ríos. Nesta mesma liña, Xabier Moure Salgado recolle no seu blogue *Patrimonio da comarca dos Ancares* o seguinte: "Navia viría da partícula prerromana *nav* (depresión, concavidade do terreo). En Galiza está amplamente documentada na epigrafía a deusa prerromana Navia". Para Blanca García Fernández-Albalat no seu traballo *Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas* (1990), sería unha divindade que facilitaría o paso ao Máis Alá a través da auga".

Se o río de Navia levase coñac
todos os borrachos iriamos alá…
Iriamos alá, iriamos alá…
Se o río de Navia levase coñac…
(Popular)

Non, o río de Navia non leva coñac. Leva augas prístinas e níveas que baixan bulideiras, cantareiras, engaiolantes e verdadeiras dos cumes e das abas dos Ancares.

O río Navia leva brincos de troita e laios de desespero. O desespero dunhas aldeas, duns lugares, dunhas lareiras que morren de soidade. E de desleixo…

E choran as carpazas, e choran as xestas, e choran os ameneiros… E choran as abrairas, e choran as maceiras, e choran as cerdeiras… Os fentos, os acivros, os érbedos, os buxos, os sabugueiros…



O río que me leva… O río que nos leva…

E choran os cans, os xatos, as ras, os escánceres, as aguias, as sapagueiras… Alí, onde as terras estremeiras e orientais de Galicia se dan a man coas de Asturias e León, choran e adoecen de nostalxia, e de perdas, as poucas vellas e vellos que quedan. U-los nenos e as nenas? As mozas, os mozos, as polavilas, as mallegas…

E choran os carros, os adrais, os fungueiros, os xugos, as grades, as airas, os vincallos, os viortos, as marrotas, os palleiros e as medas… As incres, as brosas, os gadaños, as pancas, os podóns, os fouciños, as petas e os angazos…

Ai… aquela Navia que eu lembro…

Mais, para vir a Navia non é necesario, nin recomendable, que o río rei leve coñac… O noso río leva o que ten que levar: auga! No tempo en que o chamado progreso mudou os ríos en correntes de xurro (vaia progreso!), o río Navia aínda goza de bastante boa saúde. Porque nace na cerna dunha serra brava e vai aleitándose e medrando coa achega de fontes, córragos, regos, regueiras, regueiros, seimeiras e ríos pequenos de augas puras e frescas; augas que escorren inquedas, brincadeiras e cantareiras á procura de acougo no colo do pai Navia. Tamén a chuvia que deitan as nubes no lombo das montañas, dos tesos, das valgadas e das campas dos Ancares vai arrexuntándose e atopando acollemento no leito que aloumiña os vales cara a esa grande chaira líquida chamada mar. E, en chegando a primavera, daquela, cando o tempo amaina e se volve amable, os cumes, os montes e os tesos van espíndose do seu mantelo branco, que se esfarela inocente e impotente diante das caricias sedutoras das primeiras raiolas de sol, que van quentando a cada día con máis decisión.

Ora ben, a saúde é relativa. Un río que noutrora rebentaba de vida e daba salmóns, anguías, mexillóns, caranguexos e troitas a esgalla, dende hai anos, foise murchando… Os encoros da treboada franquista interpuxéronse na remontada dos salmóns río arriba. As anguías, os mexillóns e os caranguexos foron minguando ata desapareceren. As troitas… Ulas? Renegado sexa o progreso que vai deixando ás súas costas un rastro fedorento e asasino… Dende a ignorancia e a humildade, a un parécelle que o progreso había ser outra cousa. Ai… o home, ese animal racional… Ese animal racional interesado… Quen isto escribe, debe ser un dos poucos nativos que non empuñou endexamais unha cana; nin de neno, nin de rapazolo, nin de mozo. Agora que vou para vello, aínda que quixese, non me pagaría a pena tentalo. Porque nas augas do Navia, coma nas de tantos outros ríos, xa case non quedan troitas; tan só unha que outra. Inzaron as bogas! Dóenme as tripas ao dicilo. Lembro cando era novo

e antes de gadañar os prados se cortaba a auga das presas; por pequenas que fosen, sempre quedaba unha fonte ou dúas de troitas na canle. Pasear á beira do río, onde os banzados amansaban as augas, era un espectáculo: centos de troitas bulían, rebulían e choutaban incansables para degoiro dos nosos ávidos ollos. En calquera poza de calquera regueiro podías pillar unha cambada de troitas á man, cunha nasa ou cun espeto de madeira. E, na maioría das casas das aldeas ribeirás, e nas da mesma vila, había redes… No museo de Grandas de Salime (Asturias) contan cunha boa mostra delas. Redar era algo cotiá. Ata se pescaba ás agachadas fóra de tempo e sen permiso ningún; sei de quen se atrevía a facelo poñendo un saco pola cabeza; só había que facerlle dous furados na parte superior para ver; desta maneira, o gardarríos, ou a garda civil, non identificaban o furtivo, que fuxía cando se sabía vixiado ou sentía que se lle aproximaban. O río pai e os ríos fillos daban troitas a sacos. Cantidade e calidade; porque as troitas do Navia tiñan sona internacional. Por iso viñan aquí, pescar ao Navia, pescadores de toda Galicia, de León, de Asturias, de Madrid… E, aínda, de Portugal.

Agora… Vaiche boa… Levo escoitado diferentes e "científicas" teorías sobre a desaparición das troitas no noso río. Que se o *purín*, que se as obras da autovía, que se a sombra dos ameneiros, que se o aumento da temperatura da auga… Certamente, e malia a praga que padeceron os ameneiros estes últimos anos, o río, na actualidade, corre enteiramente asombrado por un túnel vexetal, que medrou vizoso e descontrolado. Dende a estrada que vai de Navia a Becerreá, antes, avistábase o río ao longo de toda ela. E os prados e as veigas de ambas beiras. O río, os prados e as árbores convivían en harmonía e conformaban cadros visuais de incomparable beleza. Agora, a vexetación campou ás súas anchas e, aínda que igualmente fermosa polo que ten de brava e virxe, a relación descompúxose. Cando as aldeas estaban poboadas, as xentes e a facenda



No fondo do val, o río faise invisible, por veces…


mantiñan o equilibrio do hábitat. Agora… Agora seica é pecado cortar unha cana dun freixo… Ás veces penso que os que deseñan estas leis, e os que lexislan, nunca a aldea pisaron. Non sei… Quizais a suma de todas estas razóns teña algo que ver coa desfeita final. Mesmo hai outra teoría ben curiosa que escoitei en Navia e que ten máis feituras de lenda moderna que de argumento. Din algúns que os pescadores asturianos, moi ruíns e envexosos eles, botaron *piscardos* no noso río adrede. Ao parecer, a desculpa sería que servisen de alimento ás poucas troitas que quedaban, pero… Pero… no canto de comeren as troitas os *piscardos*, foron estes quen comeron as ovas das troitas. Estache boa a navalla, sonche moi pillabáns os asturianos de río abaixo…

E se deixamos o río e botamos monte arriba, outro tanto. Os osos, os lobos, as lebres, os coellos, as perdices, as garduñas, os esquíos, as donicelas, os paxaros… Ulas? Ulos? Andar polo monte ou por calquera camiño, de día ou de noite, era tan entretido… Fatados de animais vivían ceibos na serras, nos montes, nas poulas, nas chousas, nas ouriceiras, nos calangros… E saíanche ao paso, e sen avisar, en calquera momento; cumpría andar atentos… Os lobos seica volveron… Fan desfeitas de cando en vez, é certo. Pero non se escoitan ouvear… Son estes os nosos lobos? Os que xeraron tanta literatura popular? Tamén din que volve andar o oso. Non sei… Pola contra (e algo terá que ver a escaseza de lobos), inzaron desproporcionadamente os corzos, os cervos e os xabarís. Iso si, estes últimos inzaron ao tolo, e fan moito derramo nas colleitas dos poucos e avellentados habitantes que quedan.

E falar do río e de regueiros é falar de muíños…

Unha noite no muíño,
unha noite non é nada;
unha semaniña enteira,
esa si que é muiñada…
(Popular)

Se os muíños falasen… Pero hai tempo que quedaron calados, mudos e derrotados por sempre. Por sempre? Quen sabe? O futuro está por escribir. Pero… Quizais fose o do Médico, na vila de Navia, o que pechou o porteleiro, a resistencia. Teño gardada no fardelo da memoria a imaxe de 15 ou 20 cabalerías cargadas de centeo, trigo ou cebada; e atadas no portal que había a carón, agardando quenda para moer… O muiñeiro cobraba en especie, quedando coa maquía. Agosto pasou, mallou quen mallou… Ai… Na presa do Muíño do Médico aprendemos a nadar a meirande parte da rapazada da vila. E o banzado, que entretiña e enganaba as augas e as encamiñaba cara á presa… E o enorme e encantado pozo de



Despois veu a desfeita… Quen nos levou a primavera?

Suspenas… Postal incomparable. Si, está cheo de recordos, de momentos, de imaxes, o fardelo da memoria. Os muíños calaron, as presas entullaron, os banzados… O banzado levouno unha riada e quedou soterrado no fondo do pozo. Os restos e cascallos fan de freo e o pozo vaise enchendo de pedras e de entullos. E ano a ano vai deixando de ser pozo…

O Banzado

...Os recordos son coma pombiñas brancas
que aniñan na nosa memoria...

O Banzado era un oasis
no albor da infancia.
Despois veu a desfeita.

Coitelos de timidez.
Rapazas en flor.
Miradas á espreita.

A presa do Médico.
Forcois.
Suspenas.

O pozo da Madre.
O Rabión.
As Lameiras.
Que foi delas...?
Quen nos levou
a primavera?

Poemas de Amor en Outono, 2014

E, no Alargo, as lavandeiras…

Era unha noite de lúa,
era unha noite clara;
eu pasaba polo río
de volta da muiñada.
Topei unha lavandeira
que lavaba ao par da auga…
(Popular)

E a roupa clarexando. As lavandeiras, aquelas mulleres arregazadas que esluían as mans no inverno, cofa que te cofarás, amolecendo os trapos na auga conxelada. E que deixaban ver algo das súas pernas brancas, de paso… Ai… Cantas murnas padecidas! Unhas lavaban para si e para os seus. Outras… Outras para sacaren uns pesos. Co

tempo, viñeron as lavadoras… Tamén teño gardada na alforxa da memoria (eu, que case non teño memoria) outra imaxe que me entrou fonda: Coche de liña *La Directa* cargado ata os topes. Xente sentada e de pé. Fora día de feira en Navia. Eu ía para Lugo, para o estudo. En San Martiño da Ribeira baixou un paisano. Vendera unha res, xato ou vaca. Nunha man levaba a prisión. Na outra, un paquete de "Colón", deterxente para a lavadora. Aínda me lembro… Certamente, resultárame moi significativo o contraste, que simbolizaba a fin dun xeito de vida e a chegada da modernidade ás entrañas da serra perdida, ás entrañas da serra ancaresa.

Tamén teño pousada na retina a imaxe do derradeiro barqueiro, o barqueiro de Barcia, Nicanor do Quello. O que non lembro é se aquelas barcas tiñan nome propio por aquí; creo que era, sinxelamente, *a barca*. Pero, talmente, imitábanlles moito aos batuxos do Miño; unha caixa de madeira invertida, non máis. Tampouco lembro se cheguei a cruzar o río algunha vez naquela barca. Paréceme que si; pero non sei se confundirei o desexo coa realidade… Nin tampouco sei se naquela barca subiría algunha vez o raposo que sabía as tres verdades máis grandes do mundo. Fermoso conto, abofé. Mais, non mo contaron de neno; non, xa perdera a inocencia había moitos anos; e contoumo o amigo Antonio Reigosa, mestre de contos, lendas e mil sabedorías máis.



Onde a auga, a madeira e a pedra se volven poesía…

Ríos, regueiros, regueiras, regos, fontes… Veas xenerosas que aleitan e lle dan vida ao noso chan. Saltadoiros ou pasadoiros, pontigos e pontes… Os pontigos, esas obras de madeira que comunicaban beira con beira e que o tempo e as riadas foron levando da nosa paisaxe; mais… non da nosa memoria, aínda. Nas pontes, na ponte, na nosa ponte, detereime máis adiante.

E non podo deixar de falar do río sen referirme ao "Gran Suarna". Esa Negra Sombra que asombrou a vila de Navia, e o concello en xeral, e ameazou o seu futuro moi seriamente. E a súa sombra é tan escura e longa que aínda non esmoreceu de todo. Non obstante, como os labregos do conto de *Pedro e o lobo*, as naviegas e os naviegos levamos escoitado tantas veces que vén o lobo (o encoro), que xa non cremos nada.

Corría o ano de 1951 cando se presentou o velenoso proxecto para construír un gran encoro, un máis, no curso alto do Navia; esta vez anegando terras galegas. Franco e os seus acolléranse á moda das grandes obras hidroeléctricas. Sería o cuarto que padecería o noso río, despois dos de Salime, Doiras e Arbón, todos eles, xa, en terreo asturiano. A parede de contención tería 150 metros de altura e retería 123 hectómetros cúbicos de auga. A xigantesca presa ergueríase nos terreos do concello lindeiro de Negueira de Muñiz e a enchente afogaría terras de Ibias (Asturias), de Negueira de Muñiz, de A Fonsagrada, de Navia de Suarna e Cervantes, acubillando e soterrando a vila da Pobra de Navia. As obras comezaron de contado, mais, aos poucos, interrompéronse. Aínda hoxe se pode ver en San Antolín de Ibias o grupo de vivendas coñecidas como de Santo Domingo, que nunca chegaron a ser habitadas. E en Río de Porcos, unhas formidables rochas lémbrannos os que serían os alicerces da impoñente presa. E tamén se pode ver a pegada no solar que acollería as obras das oficinas e as vivendas dos técnicos. Malia a parálise, a empresa Saltos del Navia C. B. nunca renunciou á concesión e conseguiu que lla fosen renovando nos prazos de seu; e aínda a conserva. Recentemente, no 2010, a empresa concesionaria volveu abalar a pereira coa intención de superar a peneira da lexislación medioambiental. Mais, no 2012, o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente fanou polo pé a arroutada e ditou unha resolución negativa, argumentando graves consecuencias para a flora e para a fauna da zona; así como para os lugares de interese comunitario do Alto Navia, de Ancares-Courel, e para a reserva da biosfera Eo, Oscos, Terras de Burón e dos Ancares. Manaia sexa, esta vez, o referido ministerio. No tocante ás datas, non coinciden sempre nas distintas fontes consultadas; pero, os feitos, entendo que se desenvolveron nunha secuencia moi parecida a esta. Sendo eu un rapazolo de 14 ou 15 anos, removido pola traxedia, escribín, quizais, os meus primeiros versos:

Navia I

Entre tesos illada,
no vale das soidades,
espira un pobo esquecido,
mortal de necesidade;
que morre pola inxustiza
e sen ilusións de ser redimido
da ameaza que o acubilla,
da ameaza do Gran Suarna.



Como as gadoupas opresoras do espiño…
Como un mar de néboa…
O "Gran Suarna" quixo afogar o noso futuro…

Diante da contestación e da oposición veciñal dos concellos afectados, o proxecto inicial detívose, foi evolucionando e pasou por distintas etapas: un encoro considerablemente menor, dous encoros (un abaixo da vila de Navia e outro augas arriba)… Conclusión: máis de medio século de incerteza e de ameaza. Incerteza que coutou o desenvolvemento de, especialmente, Navia vila e Navia concello. Durante máis de arredor de trinta anos non se fixo unha casa nova en Navia, pecharon negocios, a xente marchou… E as administracións deixaron esquecida Navia á súa sorte. O argumento era sempre o mesmo: non paga a pena investir nun pobo que vai desaparecer. Así, moitos servizos que ían chegando a outras vilas a Navia tardaron un mangado de anos en vir; ou nunca viñeron. E todo isto agrandou aínda máis a febre migratoria da época, claro. Mais, despois, a veciñanza foi perdendo o medo e, en chegando a década dos oitenta do século pasado, a construción tivo un curto pero intenso período de revitalización: fixéronse edificacións novas e restauráronse outras; tanto é así, que hoxe a imaxe de Navia é a dunha vila moi renovada. Mesmo nas aldeas erguéronse obras novas e acondicionáronse moitas outras. E a administración volveu a ternos algo, pouco, en conta. Agora ben, dende hai xa ben anos, a agonía é evidente… Porque falta o máis importante: a xente. Agora vense ben as consecuencias da riada migratoria.

De certo, con ben tristura o digo, Navia está ferida de morte. Morre de soidade… Si, o que non logrou o "Gran Suarna" á forza poida que o consiga, en non muitos anos, a soidade; sen pretendelo, e sen esforzo. A soidade e o desleixo. Pilloume algo verde e irresponsable, pero lembro como épica a loita da veciñanza, apoiada pola xente concienciada de toda a provincia e de toda Galicia, contra o encoro asasino. En realidade, cuando digo veciñanza, tería que matizar que quen máis enerxía puxo nesa loita foi a xente nova: mozas e mozos que tiraron do carro do "Non ó Gran Suarna" con especial forza e empeño. Manifestacións, festivais, pintadas, artigos de opinión e cartas na prensa… Rios de tinta correron polo Navia abaixo para librar as súas augas dun atranco máis. Xa os maiores se opuxeran e asinaran escritos de protesta, pero foi a mocidade quen socializou e pediu axuda ao resto da provincia e de Galicia. E a solidariedade foi decisiva. A min soábame que o profesor don Xesús Alonso Montero, ata hai ben pouco presidente da Real Academia Galega, andara por Navia. E púxenme en contacto con el e confirmoumo; e mais contoume como fora e cando fora a visita.


Ousado eu, pedinlle se me escribiría unha crónica sentimental daquela andaina… Veleiquí a súa resposta baixo o título de *Unha fermosa lembranza*:

> *A primeira vez que estiven en Navia de Suarna foi o 10 de xullo de 1977 co gallo da campaña das eleccións lexislativas dese ano, as primeiras, en democracia, dende 1936. Eu lideraba a candidatura, pola provincia, do Partido Comunista. No mitin falou unha mestra que estivera nas cadeas franquistas 13 anos, a gran Enriqueta Otero, e eu pechei a rolda de intervencións. Lembro que foi nunha discoteca e que fomos escoitados con moito respecto, e lembro que foi o concello da provincia que máis nos votou. Penso que se debía este éxito electoral a un longo artigo que eu publicara na revista* Triunfo *de Madrid no que me solidarizaba cos miles de veciños da comarca que, desde había máis de 40 anos, vivían baixo a lousa dunha tremenda incerteza: construirán ou non as autoridades un embalse que asolague os nosos mellores eidos?*

Anos despois, Darío Xoán Cabana tamén tomou parte activa na defensa do noso río e do noso concello. E tamén Darío me emprestou o seu texto. Deixo aquí unha entresaca da produción do actual académico de Roás, ou Saor, produción que escribiu para ler no peche da manifestación antiencoro que aconteceu por volta do ano 1994:

> *"…A nosa Terra non ten falta ningunha de máis enerxía eléctrica. A metade da que en Galicia e á conta de Galicia se produce é exportada sen ningún beneficio para nós: parte dela en quilovatios para o consumo de fóra, e outra parte non pequena en forma de aluminio. Para que queremos nosoutros os encoros proxectados no Alto Navia, que nos privarán para sempre daquel val? En nome de que progreso popular ou ben común se pode defender tanta barbarie destructiva? Non lles abonda con teren xa apedrado o curso medio e baixo daquel río? Non lles abonda con teren sobreexplotado de maneira selvaxe os outros ríos de todos que regaban vales fértiles, terras de viño e nutrimentos agora asolagadas para sempre baixo a lama? Será acaso que queren practicar unha louca enxeñaría da paisaxe e converter o País dos Mil Ríos noutra Finlandia dos Mil Lagos?...*

Vaian, pois, dende aquí, o meu recordo, o meu recoñecemento e o meu agradecemento para todas aquelas persoas que loitaron por e con nosoutros. E, tamén, claro, para todos aqueles mozos e mozas naviegos, hoxe cumpridos e cumpridas xa, que defenderon con afouteza o noso chan das poutas dun progreso noxento e servil. Aquela ferida, aínda que deixase secuelas, case poderiamos dicir que curou. A da soidade…



Din eses do outro lado que cantan mellor ca nós…

E aínda así, mentres hai vida… hai esperanza… E en Navia, malia todo o antedito, hai moito que ver, moito que facer, moito que gozar e que vivir. Porque temos unha paisaxe máxica, de montaña e de val. Para min, toda vila, lugar ou cidade que é atravesada por un río, este xa lle confire unha personalidade de seu. E Navia de Suarna, a máis dun fermoso río, e de mil e un regueiros e fontes, ten un enclave único. A nosa orografía, que tanto dificultou os traballos dos nosos labregos e labregas ao longo dos séculos, e a nosa variedade climática, compensáronnos agasallándonos un medio natural privilexiado. As terras do concello soben e baixan incesantemente entre altitudes que van dos 300 ata moi preto dos 2000 metros. Unha sucesión de vales e montes sen descanso. Vales e valiñas encasquetados entre eses montes, con moi escasas concesións ás veigas. Ladeiras sollías e avesías. De quentura e de frescura. Tesos multicolores. Xogos de luces e sombras. Un clima de encontro e fusión entre as rexións eurosiberiana e a mediterránea. Unha flora e unha fauna poucas veces superadas en cantidade e diversidade. A nosa vila… Un fermoso niño agochado entre tesos, fermosa cunca prateada, engalanada pola tríade río-castelo-ponte; as súas prazas, as súas rúas, os seus recunchos, as súas características casas de galerías e balcóns, os seus arredores… As nosas aldeas e os nosos xeitos de vida… Os nosos hórreos, os



Un río, un castelo, unha ponte…
Uns fillos que sementan fillos lonxe…

nosos cortíns, as ouriceiras, as alzadas, as brañas… Os soutos, as reboleiras, as grandas… Os montes engalanados de chorimas de carpazas, de uces, de toxos, xestas e piornos… As troitas, as lebres, os coellos, as perdices… As androllas, os chourizos, os roxóns… Os galos, os años, os cabritos… A rosca de noces, o roscón, as papas de arroz… A nosa lingua… As nosas xentes… Porque, en Navia, todos somos *bois*…

Ai… O tempo levou os salmóns, os muíños, as fraguas, as veigas, os barqueiros e as lavandeiras… Mesmo o medo ao "Gran Suarna"… O río vaime/vainos levando… Como levou antes a tantas naviegas e naviegos… E aínda levará. Porque, como tan ben deixou dito Jorge Manrique: "Nuestras vidas son los ríos que van a dar a la mar…". E a naviega, do Tabillón, Eva Méndez do Roxo tamén quixo mergullarse nas augas do noso río para sacar do fondo do fondo estes fermosos versos:

Os Segredos do Navia

Achégome á túa pel milenaria,
aínda fría a pesares do paso das vidas.

Ollo o meu reflexo no fondo dos teus segredos.
Dador de vida,
sepultura de almas.

Afondein os pés en ti,
xoguein, a non ter medo, na escuridade que habitas,
apañeinche as pedras e ameinte coa paixón toda de
quen só sabe ser.

Medráronme as canas,
fíxenme vella,
tu tamén mudaches:
quitácheme outros amores,
desbordácheme a mesa con manxares.
Fuches meu.

Ispo as teas neste frío mes de incerteza,
volto a verme reflectida na túa pel,
volto a tar chea de amor.
Sen roupa, sen medo,
entrégome a ti.

Novamente na paixón infinita.

Desta volta quero ser un máis dos teus segredos.
Envólveme angorde,
penetra polos poros da miña inexistencia.

Convérteme en pedra, peixe, vida.

Como poético e fermoso é tamén o traballo audiovisual de Ovidio Fernández Sánchez, meu veciño de porta, *Naviegos, os outros arraianos* (2001), no que viaxa ao lombo do río pai, dende o seu nacemento ata se derramar no mar, e polo río do tempo, e nos leva augas abaixo á procura da memoria e da identidade; narración emotiva, imaxes de singular beleza, música engaiolante.

Mesmo Manuel Rivas, naquel interesantísimo programa de televisión española *Esta es mi tierra*, pasou polos Ancares e falou de Navia con moito cariño.

Ai… O río que nos leva…

2. Da terra

O concello de Navia de Suarna (noutrora, as terras que conformaron o Condado Naviensis) forma parte da comarca dos Ancares, no estremo centro-oriental de Galicia; alí, onde se dan a man as terras de Galicia, León e Asturias. Limita, xa que logo, con terras dos concellos de San Antolín de Ibias (Asturias), Candín (León), Cervantes, Becerreá, algo de Baleira e A Fonsagrada; todos estes catro últimos, da provincia de Lugo. Mesmo temos aldeas compartidas con A Fonsagrada e con San Antolín de Ibias. Si, si, aldeas nas que a liña divisoria entre concellos ou comunidades pasa polo medio dalgunha casa. Por iso se di que hai persoas dalgunhas familias que dormen coa cabeza en Galicia e cos pés en Asturias, ou ao revés. Ata teño escoitado que o corpo dun accidentado, que logo morrera, quedara metade dun lado e metade do outro. E que isto orixinara un grave conflito entre Asturias e Galicia, pois ninguén quería levantar o cadáver. E o morto botou alí non sei cantas horas e días… Como acabou o conto? Quen cedeu? Creo que, finalmente, o morto tivo que levantalo un xuíz galego; porque a cabeza, o corazón e a ferramenta da reprodución quedaran do noso lado. E seica as pernas e os pés non valían tanto… Será un conto? Non o sei. O que si sei é que as 20 parroquias do concello e os seus arredor de 100 núcleos de poboación repártense por entre os, aproximadamente, 242 quilómetros cadrados de superficie que abrangue. Dende o aire, os nosos ollos contemplarían unha morfoloxía do terreo esgrevia; unha sucesión de montes e vales que se asentan e medran en distintas direccións, con poucas lombas, alzadas ou chailas de repouso. De leste a sur, o concello deféndeo a serra dos Ancares, imperial, vista dende o alto de Restelo, ao oeste. Nas terras do concello non se erguen grandes elevacións, emporiso: porto de Ancares (1.650 m), Tesón (1.375 m), Pico Surcio (1.122 m)… Pero as concas dos nosos ríos, grandes e pequenos, aliméntanse das augas que caen, en forma líquida ou de neve, en cumios moito máis empoleirados, que arriman aos 2000 metros de altitude: Miravalles, Cuíña (Pico do Horro para nós), Mustallar… e nas súas abas que miran para Galicia. E por entre esa ringleira de montes e tesos furan valentes e decididos eses nosos ríos, regueiros, regueiras e regos, formando valgadas, valiñas, vales pechos, gargantas e grobas; a maioría das veces, sen concesión a veigas ben definidas. Unha mínima expresión serían as veigas de Navia e de Barcia, e poucas máis. Por iso, os prados que regan, case sempre, son costentos e de moi difícil acceso. Pero prados poucos quedan…



A serra puxo o seu traxe branco para recibir a primavera…

Unha grande arteria, dúas veas medianas e moitas pequenas sucan as nosas terras. O Navia, o noso río rei, que entra polo O e sae polo N, fendendo case pola metade o concello e a propia capitalidade; o Ser, que corre de SO a NO alimentado por unha manchea de ríos menores, algúns enraizados nas lindeiras terras de Cervantes; e o Rao, que vén do SL, pilla cara ao N e, despois, xira con rumbo ao NO; e que mesmo lle rouba augas a León e vai engordando coas achegas, tamén, dun fatado de regueiras e regueiros pequenos que lle axudan a chegar ao Navia feito un señor. Despois, o regueiro de Bullán, o de Folgueiras, o de Galegos, o Curveira, que atravesa tamén a vila, o de Barcia, o de Mosteiro, o Mosa…

Os máis deles corren con frecuencia polo leito de fondais imposibles e de montes que case se din segredos ao oído. Impresionantes e espectaculares os canóns do Ser, que se perde misterioso entre penedos cortados pouco menos que a chumbo que o agochan receosos. Contemplalo dende algúns balcóns estratéxicos encolle a alma. Noutrora, sacar a herba dos seus prados era tarefa de heroes, porque os carros non chegaban a eles e había que carrexar os feixes e as cordadas ao lombo por carreiros moi salagres e empinados. Por algún destes cavorcos despenáronse os que levaban un morto a enterrar; por iso reza o título de *Un morto que matou catro vivos*. O que non sei dicirvos a ciencia certa é se tal suceso aconteceu ou se é un conto; dá o mesmo, se non pasou, puido ter pasado, talmente. Mais, o que si é ben certo é que levar os mortos a enterrar dende algunhas aldeas da montaña ata o cemiterio parroquial volvíase un traballo complicado; o normal era organizar quendas de catro homes para írense relevando, porque podía ser necesario percorrer varios quilómetros co falecido ou falecida a ombros dos portadores.

O Rao, que engule o Murias e o Balouta, vén de León con moito xenio; e, en chegando á aldea de igual nome, Rao, acouga e bota unha cabezada no abrigado, vizoso e fermoso val que o acolle e lle dá mecos, a cambio da auga xenerosa que lle deixa. A soneca é pequena porque logo esperta e pilla ás alancadas en louca carreira, abríndose paso a cachetazos por entre penas talladas e tesos bravos; tan bravos, que non lle deixan ver o sol nin lles deixan baixar aos humanos beber das súas augas; non sei ás cabras do monte. Como no Ser, moitos dos prados que rega, hoxe a monte a maioría deles, daban unha herba moi escrava, sen concesións ao eufemismo; perder o equilibrio neles implicaba baixar a rebullóns ata o mesmo río, e máis dunha vaca ou xovenca se ten despenado desta maneira. Mirar os seus impresionantes cavorcos dende Becerral ou Aigas corta o impo. Agora ben, na súa marxe dereita, a sollía, os camiñantes afoutos poderán atravesar a extensión de érbedos máis salientable de Galicia; é dicir, o paraíso do oso pardo; que, ao parecer, volve poboar estas terras. Certamente, esta ladeira, de microclima amable con matices mediterráneos, semella un oasis no medio da fraga atlántica. Por iso podemos atopar, esparexidos por toda ela, un mangado de cortíns que gardan rexos os trobos ou colmeas das poutas do lambelo plantígrado. O clima quente e os inesgotables xardíns de uces e xestas virxes que locen estes montes con vistas aos cursos de auga son propios para as abellas, que dan, xenerosas e solidarias, un mel incomparable. Un cortín é unha construción de pedra, case sempre circular, que remata nunhas lousas ou bardas que sobresaen do pico da parede, formando un beirado moi requintado; certamente, son dunha feitura rechamante e engalanan e alegran notablemente a paisaxe, tan montesía e salvaxe. Algúns deles foron erguidos en lugares caprichosos, sempre abrigados, pero de moi difícil acceso; e hainos que mesmo parecen prolongacións das inexpugnables penas. A mágoa é que á maioría deles tragounos, igualmente, o monte por falta de uso e mantemento. Ai… o desleixo…



O palacio da raíña das flores…E das súas doncelas…

E, do Navia… xa falei abondo… Pero aínda podería engadir moitas máis cousas. Podería dicir, por exemplo, que os canóns do Sil levan a sona; mais, os que gardan o Navia cando se vai achegando a Asturias non lles teñen envexa a aqueles. E que as súas voltas e reviravoltas, as do Navia, para abrirse paso cara ao mar, pintan postais e cadros dunha beleza cativadora na retina de quen os contempla; por veces, beleza serena; outras, desbocada. Poño por testemuña á amiga de Castroverde Ánxela Gracián, quen pasou por aquí un día de lecer e amizade e quedou anegada de beleza. Daquela gozosa viaxe naceron estes versos:

Lembranza

Se durase para sempre aquela viaxe no ar
dos recordos.
Detendo un instante infinito do tempo todo acugulado
de amizade.
Escoitariamos eternamente aquel rumor
asulagado.
Coma un nimbo de ecos que nas ondas leva o río
cara á Ribeira.
Transformado en música que fai amarelear as follas
dos abeneiros das beiras.
Anunciando o outono que entra preguiceiro
polas Veigas.
Navia, detida para sempre nesa imaxe que só é música
de auga e pedras
no recanto de Barcia.
Si, deixei aberta a porta da túa magoada torre medieval.
Para regresar.

Quedo, pois, autorizado para afirmar que quen decida pasar unhas horas, unha tarde, unha mañá, ou o día enteiro, camiñando ou paseando polas súas, case sempre, estreitas e sombrizas beiras, non perderá o tempo. Por momentos atopará lugares de augas tranquilas que aloumiñan con tenrura sedutora os nosos ollos; momentos para a serenidade, para a contemplación e para a introspección; noutros, as augas collen présa e corren nerviosas, bulideiras, apuran o seu camiñar e vólvense música de jazz. Daquela, o noso espírito espreguízase e sentímonos nenos. E, de tanto en tanto, beirearemos pozos e remuíños enfeitizados, de augas escuras, hipnotizadoras, que nos producirán un certo desacougo… Na primavera, as augas baixan tolas e rebenta a vida, e o coro dos paxaros interpreta sinfonías sublimes para calmalas. No verán, a peneira de follas de ameneiros, salgueiros, pradairos e freixos xoga cos fíos do sol e crea para nós un espectáculo de luces e sombras impagable; os violíns dos paxaros e os clarinetes da auga poñen a banda sonora. No outono, paz; no



As augas aloumiñan con tenrura sedutora os nosos ollos…

inverno… silencio… Pero, cando a neve derrete seguido, ou a chuvia cae teimuda, as enchentes asaltan o leito con ímpeto irreprimible; entón, como di a copla, o río leva carballos e follas, e madeiros, e todo o que se lle poña por diante. Como a auga non ten por onde estenderse, o nivel sobe de maneira ameazante e os alicerces das pontes tremen de medo. Unha desas riadas foi a culpable da morte do fermoso, pero enfermizo, banzado do Médico, que atrancaba o río de Vales de Abaixo a Forcois e gardaba o pozo de Suspenas con fidelidade de amante, amais de alimentar o muíño de igual nome, o muíño do Médico. Lamentable e vergoñento que as "autoridades competentes" leven máis de trinta anos sen recuperalo. Mais…

Mais… Onde queda Navia? Velaquí a pregunta que moitas lectoras e lectores se farán. Malia ser un concello estremeiro e medio esquecido entre montañas, na actualidade está ben comunicado e pódese chegar á súa capitalidade, a Pobra de Navia de Suarna, dende distintos lugares e por diferentes camiños. Hai anos non sucedía así, e as enormes dificultades orográficas eran as responsables dunhas estradas e dunhas pistas moi salagres, esgotadoras e, case sempre, perigosas. E isto teno ben acreditado Xabier Moure no seu *blogue Patrimonio dos Ancares*, onde se pode ler que no:

> … *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia*... de Tomás López, publicado no ano 1784, a vía máis importante que cruzaba o concello era unha desviación da que ía de Lugo á Fonsagrada. En 1804 escribía Lucas Labada: «No concello de Navia de Suarna asegura a xustiza que case todos os camiños son intransitables». A primeira obra que fai referencia ás comunicacións de cada parroquia e ao seu estado, é o *Diccionario* de P. Madoz, publicado entre 1845 e 1850, onde sinala que todos os camiños locais son malos e están mal coidados. Situación que a principios do século XX non millorara tal como testemuña Amor Meilán na súa *Geografía General del Reino de Galicia* adicada á provincia de Lugo: «A capital do concello, por toda vía de comunicación ten un tramo (29 km) entre Becerreá e A Pobra de Navia. Coa Fonsagrada, a capital do partido, únea un mal camiño de carro, torto e difícil, de 28 quilómetros. E nada máis».



Un mar de néboa… Do que emerxen cumios coma illas…

Na actualidade, a principal vía de acceso sería a LU-722, que vén, dende Becerreá, case sempre paralela ao río. Este percorrido, de voltas e reviravoltas constantes, era moi engaiolante, porque se divisaban o curso e os fermosos meandros ao longo de case todo o traxecto, con abondosos prados ás beiras; agora, o túnel vexetal

formado por, sobre todo, ameneiros, cegaron o leito do río, e a maioría dos prados quedaron a poula; isto fai que este percorrido sexa menos gozoso. E dende hai xa vinte ou máis anos, a maioría de naviegas e naviegos preferimos deixar a autovía, ou a N-VI, á altura de Baralla, tal e como reza nos indicadores respectivos, e baixar a Navia despois de coroar o alto de Restelo. Por aquí, se non hai néboa, poderemos extasiarnos coa vista da serra ancaresa á dereita e o vale de Córneas, e os tesos que o defenden, á esquerda. A beleza manca. Mais, se houbese néboa nos vales, o espectáculo sería, igualmente, indescritible; aínda que máis incómodo e perigoso o percorrido. Un mar de néboa do que emerxen algúns cumios coma illas. E, se fose de noite, as luces dos lugares, agora iluminados, semellan as beiras dalgunha das nosas rías galegas. O recomendable é vir por unha das opcións e volver pola outra. Pero tamén podemos chegar a Navia dende A Fonsagrada pola LU-P-1901, cruzando o alto de Louxas. Ou dende San Antolín de Ibias (Asturias) pola LU-722, pasando por Sena e A Ribeira. Así mesmo, dende Balouta (León), pola estrada que atravesa o porto de Ancares, baixa por Balouta en dirección a Rao e morre na LU-722 que vén de Asturias. E aínda se pode chegar pola LU-P-3505 que nos trae dende Piornedo e pasa por riba de Vilaquinte, pola Campa de Labiadas, por Vilaverde e Freixís. Certamente, non quedan esgotadas as posibilidades; porque hoxe en día hai un sarillo de estradas que intercomunican aldeas, parroquias e concellos lindeiros que sería esgotador e innecesario desembeleñar aquí.

Procurei situar o concello con certa miudeza porque, con frecuencia, cando me presentan a alguén e lle digo que son de Navia, pensa antes en Navia de Luarca ca en Navia de Suarna. No contexto dos afeccionados á pesca, Navia de Suarna era, e é aínda, ben coñecida; fóra del, non tanto. Ora que nosoutros tamén existimos; somos e estamos aquí. Aquí, onde as cadelas son cuzas e os becerros, xatos; onde as píntegas son sapagueiras e os vagalumes, vellas das papas… Onde o sol acende os tesos e a lúa aluma os lousados… Aquí, onde o reloxo da vida ten un andar demorado…

Quen sabe ben onde queda Navia, esta Navia, é Antonio Reigosa, sabio amansador de raposos el. Claro que me ten dito que os raposos de por aquí son máis malos de amansar, máis rebezos, ca os do seu Mondoñedo, nos que el é experto. Mais, quen sabe, sabe. O de Zoñán vén e volve con frecuencia, por un lado e polo outro. Porque el sempre ten *Ansia de Navia:*

> *Nas cinco ou seis veces que visitei as terras de Navia, desde a primeira aló polo fin da década dos oitenta do pasado século ata a máis recente haberá un par de anos, sempre regresei con ansia de volver. Ansia de ver, de andar, de estar... Ansia por gozar ao vivo do pentagrama que di Muñís, Coro, Vilarmundín, Castañedo, Freixís ... e tantas notas sonoras inesquecibles, imposibles de soñar.*

Terra costenta, de grobas, de penas, de valgadas e de montes… En consecuencia, e dada a característica costenta do noso terreo, os nosos carros, os nosos xugos e a nosa maneira de xunguir as vacas, ou os bois, é (era), tamén, diferente. Mentres houbo carros, arados e grades, nós xunguiamos á cabeza; é dicir, o xugo suxeitábase coa soga á base dos cornos das vacas, despois de poñerlles unha boa mulida protectora, claro. Tamén había xugos mixtos: vaca-cabalería; esta, a cabalería, burro ou macho, si que se xunguía ao pescozo, como nas terras máis chás. O xugo mixto era o propio das casas onde só había unha vaca e un burro, ou macho; ou, nas casas máis fortes, usábase para os traballo menores, ou para arar leiras pequenas cando o resto das vacas andaban ocupadas noutros traballos. Mesmo había veces, cando as costas eran pronunciadas e as cargas cumpridas, en que se facía preciso tirar do carro con dúas ou máis parellas; neste caso, a parella dianteira uníase ao carro por medio dunha gavita, ou cadea. Por iso, tamén, os carros eran moito máis lixeiros. E os camiños máis estreitos. Mesmo houbo labregos que, cando comezaron a vir os tractores, por aquilo de ser máis ca o veciño, trouxeron algúns que entalaban nas paredes ou nos ribados. E, polo conseguinte, víronse na obriga de cambialos; ao tempo que quedaron sen as ganas de ser máis ca os outros.



Falan a sabedoría e a arte popular…

En fin… Terra gandeira, agrícola e, tamén, madeireira, bases principais da nosa economía. Porque industria… pouca, certamente. E iso que tivemos unha experiencia pioneira, que paga a pena salientar. Falo da ferrería-fundición de Rao. Si, seguramente, un dos primeiros e escasos intentos de industrialización da zona. Parece ser que xa funcionaba a finais do século XVIII e que, nese momento, traballaban nela por riba de 20 operarios. Tal industria debeu estar situada entre as aldeas de Robledo e Murias de Rao; posiblemente, próxima á actual ponte que une as beiras do regueiro de Balouta, entre as aldeas citadas. Na actualidade non queda rastro dela. E pouco tempo debeu estar en activo, pois xa no ano 1826 debera deixar de funcionar; ao parecer, por falta de ferro. Aínda que a *veneira* non quedaba lonxe (disque se localizaba no monte Carozo, preto de Murias), faltaba a materia prima. Os potes que nela se facían debían ser de boa calidade e levaban estampado na *panza* o nome de Rao. Consérvanse moi poucos exemplares, pero algún aínda queda. Talvez, unha das causas deste fracaso industrial fose que, daquela, deixar de traballar as terras estaba mal visto. No século pasado chegou a haber unha central eléctrica moi rudimentaria, unha moi activa serra, unha fábrica de gasosas e de refrescos; varios muíños importantes, dous albardeiros, dous ferreiros, varios carpinteiros, xastres… E, notable foi, tamén, a actividade

comercial da vila. Ultramarinos, comercios de teas e de roupa, ferraxerías, farmacias, pensións, bares… E cantinas, moitas cantinas! En consecuencia, na Pobra de Navia coexistiron durante ben anos cinco ou seis entidades bancarias. Na actualidade hai unha fábrica de embutidos, unha central eléctrica pequeniña, unha importante explotación gandeira de carne, que funciona a xeito de cooperativa… E aínda sobrevive, pero decadente, unha certa actividade comercial. Mais… sabedes cal é a empresa máis potente de Navia dende hai xa ben anos? Si, esa que estades pensando: a de ambulancias e pompas fúnebres, que é toda unha e conta con varios empregados. Dixo o outro: "É o que hai".

Pero, tamén, terra de ríos e de pontes… De alzadas, de brañas, de nabais, de veigas e de fontes… Xa ora, non todo son carpazas, uces, xestas, toxos, piornos e carqueixas. No concello de Navia, alí onde os montes toman alento para seguir engatando ata os cumios, a terra amansa. E, ao abrigo das serras, dos tesos e das lombas, os nosos vedraños ergueron lareiras e teitos. E antes das aldeas houbo castros. E antes… Arredor dun cento de aldeas, grandes, medianas e pequenas, asentadas en lugares ben escollidos, con terras para labrar, prados, lameiros e soutos. Como oasis de fartura no medio das serras bravas. Fértiles leiras de nabos, de millo e



No lombo das serras… Repousan as aldeas…

de patacas; ou de trigo, centeo, avea e cebada, en barbeitos e searas. Moitas e de máxima calidade as castañas, as noces e as abelás. Lembro cando aínda se varexaban os castañeiros e se apañaban os ourizos para as ouriceiras… E aqueles mozos que fachendeaban de pasar de castañeiro a castañeiro facendo exercicios de funambulismo polas varas de abalar… Do noso concello saían os mellores xatos, cabritos e años… E toneladas e toneladas de madeira; principalmente, de castañeiro e nogueira… E nos lugares de ribeira, como a vila de Navia, Barcia, Vilarantón, A Ribeira… viño, mel, froita… Hoxe, a modernidade e a globalización, amais dunha poboación moi escasa e

moi avellentada, son as máximas responsables de que moitos destes produtos, que foron a riqueza do noso concello, deixasen de recollerse.

Froito da "civilización" de todas estas terras, as vistas aéreas das aldeas ancaresas de hai 50 anos, despois da sega, amosaban cadros espectaculares. O mosaico de cuadrículas irregulares que formaban as terras de labor arredor dos núcleos habitados, coas marrotas de pan nas leiras e as medas nas airas, contrastando co verde dos prados, dos lameiros, dos hortos, dos soutos e dos montes, extasiaban a vista dos lagarteiros e das aigas. Un decorado de formas e de cores caprichosamente dispostas e estruturadas. Xeometría pura. A xeometría dun minifundismo levado ata extremos inimaxinables… Ou, na entrada da primavera, cando as leiras, ateigadas de montóns de esterco, fumeantes e perfectamente aliñados, ofrecían imaxes artísticas, inverosímiles. Os camiños, as paredes, as sebes e os sebeiros… No outono… o lapis do arado debuxando liñas infinitas nos barbeitos sucados… O cromatismo dos montes e das árbores froiteiras na primavera… Agora… Agora o rural cambiou moito. Sobra terra. Falta xente. Xa case non se bota centeo, nin trigo, nin avea, nin cebada… Tampouco garavanzos. Nin liño, nin millo do país. A contorna das terras produtivas arredor das aldeas minguou unha animalada. Nalgunhas desas aldeas, mesmo entran os piñeiros nas casas… Non se pode negar a evidencia: o rural, especialmente a montaña, xa non é o que era. Non estou aquí analizando causas, só constatando un feito irrefutable. Tras de tempos, tempos veñen… E foron chegados os tempos das máquinas, que substituíron os fouciños, os podóns, as gadañas, as brosas, os malles, os carros, os fungueiros, os xugos, os angazos, as petas, as aixadas… E foron chegados os tempos da desvandada… Emporiso, aínda, moito queda. A vista a voo de paxaro aínda segue ofrecéndose telúrica…

E… volvendo ao viño… E a pesar de que eu son o menos indicado para falar de viño. Pero… está tan de moda falar de viño… Como xa dixen, na vila e nas aldeas de ribeira había ben viñas. Na costaneira de Forcois, ata Landedo; en Barcia, Vilarantón, Embernallas, A Ribeira, Coea… Igualmente, en Sena, Barca… terras veciñas, xa de Asturias. Moitas daquelas viñas desapareceron. Mais, polo que sei, estase recuperando o coidado das cepas, das parras e dos galleiros e, río abaixo, vólvese colleitar bo viño. Eu probeino en Sena, un branco fresquiño que entraba só e consolaba… Mais eu non son de fiar, abofé. Non obstante, os entendidos din que si, que conforta. E a augardente sempre tivo sona. Os meus maiores posuían viñas en Barcia, e aínda eu teño vendimado nelas.



As mans encalecidas… A Terra… O sol…

Ai… aquelas cubas de madeira nas que, para pisar as uvas, había que entrar nelas en coiros… E cando se libraban, tamén servían para gardar a gra. Tal foi que un día, un meu tío meteuse nunha desas tinas para apañar uns tegos de centeo e… botoulle un rato por entre a perna esquerda e a perneira do pantalón arriba… Boa se armara! Onde querería ir dar? Dódema de rato!

Fose polo viño, fose pola augardente, fose polo que fose, por estas terras andou Ánxel Fole en diferentes ocasións; do seu paso por aquí hai varios documentos gráficos que non menten. Unha das fotos é dos primeiros anos sesenta; nela aparece o autor de *Á lus do candil* acompañado de Avelino Pousa Antelo e de Antón Santamarina Becerra, tío do académico de San Martín de Suarna Antón Santamarina. Noutra viaxe posterior, Fole chegou a Navia na compaña do escritor de Paradela Manuel Rodríguez López, tal e como este recolleu no seu libro *Viaxes con Ánxel Fole*. O propio Manuel Rodríguez López, no mencionado libro, fala sucintamente desa viaxe. Velaquí un parágrafo que concorda ben co que levo eu dito:

> *Deixámo–lo troiteiro río Ser e entramos no profundo e estreito val da vila medieval de Navia de Suarna, tantas veces condenada a desaparecer polo antigo proxecto dun complexo hidroeléctrico. Navia é unha fermosa vila que ultimamente perdeu o medo ao asulagamento e decidiu erguer novas edificacións, incluso un moderno grupo escolar, a carón do castelo e da ponte, tamén medieval, orgullo do pobo.*

E, da relación Fole-Navia, Ruth Fernández Fernández, en *A provincia de Lugo na obra xornalística en castelán de Ánxel Fole*, fai referencia a un artigo foleano publicado en *El Pueblo Gallego* nos primeiros días do ano 1936 baixo o título de, precisamente, "Navia de Suarna". Polo enorme interese que este artigo do mestre Fole ten para min, para toda a veciñanza de Navia e para os potenciais lectores e lectoras deste traballo, reprodúzoo integramente. Di cousas marabillosas:

Navia de Suarna
Sección Andar y ver, *El Pueblo Gallego*, *x*aneiro de 1936.
Ánxel Fole

> *No cejaremos hasta interesar la curiosidad inteligente por estos pueblos montañeses de la provincia de Lugo, tan repuestos, tan a trasmano, que se llaman Portomarín, Navia de Suarna, Cebreiro, etc. Conservan todavía, firmemente calcada, la huella de la tradición, y justifican, como pocos, las molestias de un largo viaje. No se ofrecen fáciles a la banal curiosidad del turista; pero, en cambio, ¡qué espléndido hallazgo, para el viajero que sabe peregrinar al mundo antiguo: andar, mirar y admirar!*
>
> *En el hondón del valle queda Pontes de Gatín, de donde parte la nueva carretera que, atravesando toda la comarca de Cervantes, llegará a Ambas Mestas, ya en tierra leonesa. Después, San Román de Cervantes, encaramado en las nubes. Tierra de lobos: tierra de cultivo difícil, con pocos*

caminos, de vida económica rudimentaria, a pesar de la fertilidad de su suelo.

Otro valle, muy apreciado, guarnecido de altas montañas, atravesado por el Navia, ya caudaloso, que una hora antes habíamos visto torrente de espumosas aguas. Aquí el clima es clemente y se cultiva la vid, a unos kilómetros de bravas tierras serranas, azotadas por la ventisca, cubiertas por la nieve, inhóspitas fragosas.

En este vallecito, Navia de Suarna, con su puente romano y su castillo con su redonda y mellada torre.

Dos únicas "pallozas" en el pueblo y muchas casas antiguas con bellas volandas de balcones de madera, curva fachada y alto y redondeado tejado. En ellas perdura la traza de las primitivas viviendas de estos pueblos: la "palloza", aún existentes en tierras del Cebreiro y Cervantes. Esta sola circunstancia bastaría holgadamente a justificar una detenida visita a esta interesantísima villa de la Puebla de Navia de Suarna.

Subimos al castillo. Dentro del espacioso cubo hay un viejo edificio que antes fue local de escuela. Anchas grietas en sus paredes, puertas y ventanas, desfondadas. Una ruina dentro de otra ruina; pero ¿qué diferencia entre esta mísera casa vieja, que fue levantada hace menos de medio siglo y ya no sirve para nada, y la robusta y gloriosa ancianidad de las piedras del castillo que, después de ser, durante siglos y siglos, inexpugnable defensa del pueblo, aún hoy sirve para algo: siquiera para contemplar la villa de un solo golpe de vista…, y para encender enconadas disputas entre los arqueólogos! Una escuela dentro de un castillo… ¿La cultura en el regazo de la tradición?. Pero no estamos ahora para fabricar metáforas"ad usum et abusumpaidantium". Subimos por una escalera tallada en la roca, de donde brota una fuente al ras de una angosta saetera cavada en el formidable espesor de los muros. No sabemos si esta fuente tiene una leyenda. Si no la tiene, hay que inventarla a toda prisa, antes de que lleguen aquí las primeras caravanas de turistas. ¿Qué heroico guerrero, qué bárbaro Moisés con casco y cota de malla, ha hecho brotar de la entraña de la roca esta vena de agua, al vigoroso golpe del cuento de su lanza? ¿Qué caballero andante, qué Esplandián, qué Amadís, después de rescatar a su dama, que padecía cautiverio en este castillo, al descargar colérico su espada contra la cabeza de un guardián, alumbró esta fuente, al errar el golpe, dejando perdurable testimonio de su hazaña? Tal vez conociésemos su nombre, si, en lugar de una espada, blandiera un rastrillo o, siquiera, un tridente, como Poseidón, al disputar con Atenea.

Una fuente dentro de un castillo… De hoy en adelante llamaremos a esta fuente: "Fuente de los Arqueólogos". ¿Por qué no va a haber en Navia de Suarna una "Fuente de los Arqueólogos", como hay en Guadarrama una "Fuente de los Geólogos"?.

Ya estamos en lo alto de la torre. El pueblo y el valle. Suben penosamente la rampa izquierda del puente romano dos parejas de bueyes que tiran de un carro del país, cargado de bocoyes. Van uncidos a la "mulida" por el testuz. Al lado del puente hay un hórreo muy espacioso, de tipo asturiano, con el tejado de cuatro vertientes, muy repentino, y

balconaje de madera a lo largo de sus cuatro caras. Tiene cierto aspecto de pagoda, visto desde el castillo. Aquí no existen los típicos "cabaceiros" gallegos.

El puente romano, las casas viejas del pueblo, las altas montañas, el cielo brumoso, las aguas del Navia, de sordo color, componen una añeja litografía romántica.

Es tiempo de retirarse

"que xa as tellasfumegan I-os curutos
das montañas se fan muitomais grandes"

Como se dice en los dos postreros versos de la primera Égloga de Virgilio, trasladada por Gómez Ledo a nuestra lengua vernácula.

Ya en casa de nuestro amigo y guía, el Sr. Calvo, corresponsal de EL PUEBLO GALLEGO, reposamos y restauramos nuestras fuerzas con un jamón de la tierra, digno de dar más fama al pueblo que le dá nombre, y un pan que nos hace perder la nostalgia del de Vilaboa y del de Mondoñedo. Todo esto adobado con un vinillo deliciosamente travieso, con la llana gentileza del anfitrión y con nuestro apetito, propincuo pariente del hambre canina… Penden del techo, suculentas, guirnaldas de chorizos, pingües perniles que provocan caudalosas secreciones desaliva. Por el suelo, parapetos de sacos de nueces, formando "blocaos" de Jauja, sustanciosas columnas de quesos. Arrimadas a la pared alcuzas, bocoyes. Un cuerno de cazador colgando de la pared, nos parece el auténtico cuerno de la abundancia… Entra unjoven labrador, que acaba de apearse de una magnífica yegua. Compra y compra, en grandes cantidades, los más variados productos alimenticios. Nos pasa por el magín la idea de interrogarle de esta guisa: "¿Cuándo se casa usted, amigo Camacho?".

A la salida del pueblo encontramos un hombre que lleva un farol, cuya luz violentísima muerde la niebla furiosamente. Recordamos lo que en el pueblo nos contaron. Hace una semana mataron tres lobos, a unos kilómetros de Navia. "Pero –pensamos– con tan magnífico farol, no hay por qué tener miedo a los lobos". En Becerreá nos deshacen brutalmente la conjetura:


"–No es por miedo a los lobos; es porque aquí se usan mucho el carburo y también la gasolina".

¡Qué siempre hemos de topar con estos antipáticos desfacedores de leyendas y fantasías! Son tan inevitables como los catarros. Nosotros a crearlas y ellos a deshacerlas.

Pasamos por delante de una ventana fuertemente iluminada. Sus travesaños son las aspas negras, inmóviles, enormes, de un fantástico molino de viento. Pero, ¿para qué un molino en estos parajes cuando hay tanta abundancia de harina en el aire? Porque las aspas luminosas de los

faros del auto han ido removiendo incesantemente, a lo largo de todo el camino, blanquísima harina de pan candeal…

Certamente, temos moitas cousas das que "presumir", sen querer ser máis ca ninguén. Dalgunhas xa dei conta: a diversidade e singularidade do noso medio natural, a riqueza da nosa terra, do noso patrimonio… Ora ben, do que non podemos *fachendear* é de ter escritores recoñecidos. Iso non. Nisto témoslle envexa, da boa (admiración), á serra irmá, ao Courel. Poetas populares, como en todas as latitudes do mundo, claro que houbo. Quero lembrar aquí a Esther Fernández de la Peña e a José María Alonso, o pai do noso pintor Roberto Alonso, que viviu no castelo unha pila de anos. Seguramente houbese máis, mais eu non sei deles. De José María non dei conseguido ningún texto, pero aínda confío en facelo; de Esther, si. Esta muller, que case chegou ao século e foi moi crente e moi sensible, escribía poesías coma esta que me prestou Elda, a súa filla, e que se titula *Gratitud*:



Ai… A poesía popular… Ese sabor a mazás…

Es la gratitud una bella cualidad
que poseemos las personas
al llegar a cierta edad.
En mi juventud yo fui
siempre muy agradecida.
Y ahora que soy mayor,
lo soy aún más, todavía.
La sensibilidad que tengo
no me deja ser feliz;
sufro por todo y por todos…
No sé si sufrirán por mi.
Tengo ya setenta años
y no lo puedo creer…
La gente toda se admira
cuando a mi me ven mover.
Tengo una salud completa,
que a Dios quiero agradecer;
siempre me ha favorecido
en todo mi recorrer.

Dios mío, sigue mis pasos
como lo has hecho hasta ahora.
Y en el día de mi muerte,
dame una pequeña hora.

Esther Fernández de la Peña (8-6-1915/4-1-2015)

Mais, non, non temos historia no campo das letras. Moitos contos do mestre Fole poderían ter acontecido por aquí e, como queda dito, visitounos en máis dunha ocasión, proba de que nos gardaba lei. E tamén se acorda de nosoutros en "A caixa de habanos" (*Terra brava*), aínda que sexa só de pasada. Cando cheguei a ler a Fole, por momentos, revivín contos que eu escoitara de neno. Claro, nosoutros tamén somos terra brava, terra de lobos, de mortos… E de vivos. Mesmo alguén ten escrito que atopa rastro de Fole nalgúns dos meus contos primeiros. Un orgullo, ben entendido, claro. E moita poesía de Uxío Novoneyra tamén nos é ben familiar.

Por demais, Álvaro Cunqueiro, igualmente, tívonos presentes en "Xil da Ribeira" (*Escola de menciñeiros*), onde di que o bo do Xil, meirés da Ribeira de Piquín el, era posuidor dun grande talento médico e musical; e que tiña un fillo, Felipe Marat Danton, afillado de Portela Valladares, que andaba por Navia de Suarna e a terra buronesa facendo de capador. E, xa, camiño do remate, lévanos á apoteose:

> *Para final, Xil era xastre de doentes. Ía ver a un e dicíalle á familia que nada se podía faguer, e que o doentiño íase, e preguntaba se tiña traxe novo, e se non o tiña, Xil ía a Lugo, a Vilalba ou Mondoñedo, e mercaba un corte tirando a escuro, e facía o traxe que soamente usaría o doente cando fose defunto… Algúns enfermos animábanse algo ao ver ao Xil facerlles un traxe novo. Un tal Moure, de Navia de Suarna, sandou cando xa estaba despachado de todo, e gastou o traxe que lle fixera Xil e as xentes, nas feiras e nas festas, pedían permiso para tocalo no lombo, e levaban os nenos a que aloumiñaran a chaqueta de Moure.*

Si, noutros terreos temos historia, a nosa historia; pero dá medo o futuro… Na fraga da literatura, pola contra, a falta de historia, temos semente de mañás. Xa vos dei a probar un poema de Eva Méndez do Roxo; se seguides lendo, falareivos de Beatriz Dourado, de Eva Xanim, de Ítaca Cara, todas elas rapazas novas que andan a debuxar o seu propio camiño no mapa das nosas letras. E todas elas son fillas ou netas destas terras. E aínda pode haber máis persoas abríndose paso das que eu non dea razón.



Mais… Que é a beleza? Un enigma…

Xa que logo, con todo o que temos, e todo o que nos falta, estamos aquí e queremos seguir estando. Nestes tempos en que viaxar e coñecer é unha necesidade (ás veces case chega a converterse nunha obriga, e, se non contemplaches as vistas do banco do Calamoucho ou non fuches ás covas da Penamoura, non es ninguén), achegarse a Navia e aos Ancares é tan necesario como visitar calquera outro lugar fermoso. Son da opinión de que en todos os lugares hai algo que ver e algo que aprender. Vivimos tempos en que é de obrigado cumprimento visitar París, Londres, Roma, Nova York… Eu tamén fun algo, pouco, por aí adiante. Pero, logo, confeso que non coñezo máis da metade dos concellos de Galicia. Creo que algo non estou facendo ben… En fin… cousas miñas… Sempre ando a cabalo de dúbidas… No que non dubido é en recomendarvos que vos perdades un día, un par deles, unha semana… por aquí. Si, porque o que vos podemos ofrecer abonda de sobra para que veñades coñecer esta terra na que vin ao mundo, na que aprendín a dicir *pumar*, *zreixal*, *biouteiro… esgónzaro, cochosa, cucín… pantalois, chambaril, pertegal… pavilón, palafastrán, tulibán…* Na que aprendín a dicir *mai, pai, irmau, avoa, padrín*… Unha terra cunha personalidade ben singular e definida; xa na paisaxe, xa nos xeitos de vida, xa na fala… Unha terra engaiolante para quen a visita. Unha terra de benvida, de repouso, de conversa, de acollida…. Unha terra de ribeira, de media montaña e de serra… Unha terra que vos espera…

3. Da fala

O noso emprazamento físico, as características xeomorfolóxicas das nosas terras e o noso illamento son razóns de sobra para entender que a nosa fala tamén ten trazos específicos e ben marcados. Este non pretende ser ningún estudo lingüístico, vaia por diante, senón unha mera constatación do que recoñecidas autoridades na materia xa teñen investigado e publicado con moita solvencia. Situámonos no bloque oriental, evidentemente; pero, aínda, e a pesar do reducido do noso concello, en comparación

co conxunto do país, conviven no noso terrón diferentes versións dunha mesma palabra. Por ese noso encadre especial, temos de veciños aos leoneses de Balouta, Suárbol e, en xeral, as xentes do val de Ancares leonés; e, á vez, tamén veciñamos coas xentes asturianas de Ibias. Isto explica que o noso galego non sexa uniforme e convivan diferentes solucións: truita/trutia, eles/elos, caixa/caxa, muín/molín, unha/úa, unhos/uis…

Despois de recompilar información en diferentes traballos publicados, deixo aquí unha entresaca para contextualizar o fenómeno. No tocante ao léxico, a diversidade é difícil de apreixar. Tanto o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CPI de Navia en *Palabras de Noso* como Isidro Novo na sección da AELG que dirixe, *Palabras con memoria*, teñen aberto un camiño polo que aínda se pode, e se debe, seguir camiñando; puntualmente, teño colaborado cos dous proxectos. Ao longo deste traballo, na versión en "galego naviego", irei sementando unha mínima mostra da nosa riqueza léxica. A enorme vacilación vocálica e os castelanismos, que inzaron coma as malas herbas, complican, aínda máis, o asunto.

Decálogo dos trazos morfosintácticos máis recoñecibles:

1. Mantéñense os grupos latinos *QUA*–, *GUA*–: *cuatro*, *cuando*, *guardar…*
2. Solución do *ULT*– latino: *muito/ mutio*, *truita/trutia…*
3. Resultado das terminacións latinas *–INUM*, *–INAM*: *camín*, *cucín…*
4. Plural dos nomes rematados en –N: *cais*, *ladrois…*
5. Perfectos e futuros: *cantein*, *cantarein*...
6. Segunda persoa do plural: *cantais*, *cantabais…*
7. Segunda persoa de singular do pretérito de indicativo da segunda conxugación: *comiche*, *deche…*
8. Solución *–ANUM*, *–ANAM*: *irmao/irmau*, *irmá…*
9. Pronomes persoais: *eu*, *tu*, *ela*, *el*, *nosoutras*, *nosoutros*, *vosoutras*, *vosoutros*, *eles/elos*, *elas*.
10. Demostrativos neutros: *esto*, *eso*, *aquelo*, *estos*, *esos*, *aquelos*.

> *Non te acordas? Cuando baixache guardar os cais, atopache úa sapagueira eilí, na beira do camín. Deuche tanto noxo, que trousache e dexobache os pantalois. Despois, o meu irmau riuse muito de ti. Ie tu encarneirárchete con el ie viñeche pre xunto de nosoutras. Esto foi tal e como chol conto. Pro non volverein falar do caso. Tabais mui nanorados tu ie Luís aquel vrau.*

E aproveitarei esta breve incursión lingüística, mais necesaria, para inserir aquí unha achega de Eva Xanim, rapaza nova, naviega ela, con conciencia e formación fondas respecto da nosa lingua e do seu devir histórico. Eva, ademais de filóloga e investigadora, tamén vai medrando con paso firme como escritora, igual no eido da narrativa ca no da poesía. Si, temos futuro! Velaquí este seu marabilloso agasallo en forma de diálogo literario, un poema cheo de memoria e de luz:

Interrogantes

Dona Isabel de Castro e Andrade,
uma pregunta eu lhe queria fazer,
porque escreveu os seus versos de loor
numa linguagem com tão pouco prez?
Foi para que vissem em La Araucana
o poder abismal das nossas palavras?

Araucana nação mais venturosa,
mais q[ue] quantas og'ha de gloria dina,
pois na prosperidade ò na ruina
sempre enuejada estais, nunca ennejosa.

Dona Isabel de Castro e Andrade,
outra pregunta lhe queria eu fazer,
onde escreveu esses versos tão belos
cara ao ilustre Don Afonso de Ercilla?
Foi no castelo que queriam afundir
nos anos 50 aqueles mandos caciquís?

Se enresta ¡oh Illustre Afonso! a temerosa
lança, se arranca á espada q[ue] fulmina,
creyo q[ue] julgareis que determina
s'o conquistar a terra bellicosa

Dona Isabel de Castro e Andrade,
muitas preguntas mais eu lhe faria,
mas é preferível, naviega minha,
seguir desfrutando deste seu soneto
e bordar linhas novas coas mesmas grafías.

Faraa, mas não temais essa mão forte,
que se vos tira á liberdade e á vida,
ella vos pagará bem largamente.
Qu'atroco dúa breve e honrada morte,
Cõ seu divino estillo, esclarecida
deixará vossa fama eternamente.[1]

[1] "Soneto de la Señora Isabel de Castro y Andrade, a Don Alonso de Ercilla" publicado na obra *La Araucana* (1589) de Alonso de Ercilla e reproduzido tendo en conta a edição de Eugenio Carré Aldao de 1916. Considérase um dos poucos poemas escritos em língua galega em Galiza durante os Séculos Escuros e muitos estudosos afirmam que Isabel de Castro e Andrade, a condesa de Altamira, seria a primeira mulher galega em escrever na nossa língua.

4. Da xente

Os naviegos somos todos *bois*… Ollo, isto non quere dicir que sexamos todos moi grandes, grosos e afoutos… Nin que teñamos, por necesidade, cornos. É un chiste ruín, non me aguantaba sen botalo; aínda hai outro peor, que vou reter… Non, na nosa lingua, bois tamén significa bos. Cambadelas lingüísticas. Como slogan vale. Pero, como eu non creo nesas cousas, e como este traballo o fago con sentimento, mais tamén con seriedade, non quero quedar no slogan. As naviegas e os naviegos somos xente corrente. Guapa e fea, gorda e fraca, covarde e valente, intelixente e non tanto, divertida e afumada, egoísta e solidaria, malnacida e honrada… E, no medio, todos os matices que entren. De todos xeitos, sendo eu alumno do Instituto Masculino de Ensinanza Media de Lugo, despois de ter feito, uns cantos, unha pequena trasnada colectiva, fomos chamados a contas. Nome, apelidos, curso e… de onde eramos. "De Navia de Suarna", dixen eu. "Do monte tiñas que ser!" E quedei así, aqueloutrado, afundido, cavilando en que ser de Navia era moi mala cousa. Sempre fun lento de reflexos. E non caín na conta de que os que me acompañaban non eran, precisamente, de Navia, e tamén foran declarados culpables. Nalgún tempo, a quen posuía un algo de poder, do tipo que fose, humillar saíalle de balde. Se fose hoxe, ben sei o que lle espetaría: "A moita honra, meu señor". Mais, daquela… quedei calado, cheo de desacougo e culpabilidade. Unha anécdota, non máis. E hai que contextualizar, que eran outros tempos, e o sentido da autoridade vestía outro traxe.



E quedei así, aqueloutrado, fendido pola metade…

Certamente, ser de Navia imprime marca. Mais… non creo que máis ca nacer en calquera outro lugar. Este, o de quererlle á terra onde un nace e medra, penso que é un sentimento universal; que un vive e expresa con maior ou menor intensidade en función da personalidade de cada quen. En xeral, nacer nun lugar pequeno, entendo que impregna máis ca facelo nunha cidade, poñamos por caso. Lembro cando casei e me incorporei á nova familia, e falaba e falaba marabillas de Navia. Tíñaos queimados. Isto seica é bastante común en todas e todos nós. Chauvinistas? Si e non. Eu fágome responsable de chufar moito (todo canto dou) o meu horto; mais, non de facer menos

do dos veciños. Ata non hai tanto, a maioría da xente nacía, casaba e morría no terrón sen case saír del. Como a miña nai. Pola contra, o meu pai fixo o "servizo militar" na Coruña. E fora a Barcelona á voda dos meus tíos; amais de andar polos Pireneos franceses, na madeira, dous veráns e dúas primaveras; pero alí só vía ceo, coníferas, tesos e cumios, e o mar ao lonxe, seica. Tamén pasara uns meses polo Valadouro e por terras de Viveiro. E quedara namorado destas terras da mariña luguesa. Pero… non había quen o baixase da burra: Navia era o mellor lugar do mundo, o paraíso. Un paraíso no que tivo que traballar como un escravo. E xa que vén a conto, déixovos aquí uns versos que lle dediquei en *Navia, nai* e en *Poemas de Amor en Outono* a este home cosmopolita, viaxado, e dígoo porque coñecía moi ben todas e cada unha das aldeas do noso concello:

Meu pai é comunista

Meu pai non vai á misa.
Meu pai traballa os domingos.
Meu pai é comunista!
Meu pai ten unha fouce.
Comunista!
Meu pai ten un martelo.
Marxista!
Meu pai ten un arado de pau.
Leninista!
Pro tamén ten unha vaca.
Capitalista!
E catro fillos que manter.
Masoquista!
Meu pai…
Meu pai arrea feixes de toxos,
gadaña a herba de Curveira,
bota e recolle a colleita.
Meu pai érguese ás seis da mañá
e vai plantar pinos para o Icona.
Meu pai foi a Francia clandestino
a traballar na madeira
e non cobrou unha peseta!
Meu pai…
Meu pai é comunista!
Pobre meu pai...
Non entende os meus versos.

E aínda era máis fondo o querer da miña tía Manuela do Muxo. Ela pediulle á miña prima que lle puxese unhas letriñas no nicho que rezasen así: *"De Navia ao ceo"*. E a miña curmá cumpriulle o desexo, malera. Gústanme moito estas pegadas, este rastro, que deixan as persoas do seu paso por este labirinto de camiños chamado mundo. O que non me gusta tanto é que o fermoso texto rece en castelán…

Mais… agora… Agora xa somos case todos unha caste mestiza, de aquí e de acolá. Uns van e outros veñen. A finais do século XIX e primeira metade do XX, moitas naviegas e naviegos pillaron un barco e cruzaron o pozo grande. E por aquelas terras fixeron vida. Arxentina, Cuba, Venezuela… Algúns chegaron a bo porto e casaron entre si; outros foron mesturándose. Ao mesmo tempo, Navia foi lugar de acollida e aquí viñeron facer o seu niño maragatos e fornelos en diferentes momentos, amais doutra xente. A vila de Navia, na segunda metade do XIX, era ben pouca cousa. Despois deu en medrar e a actividade comercial chegou a ser, certamente, importante. As aldeas estaban cheas de xente, pois, na maioría dos casos, os matrimonios tiñan a seis, oito, dez, ou máis, fillos. E a terra non daba para manter tantas bocas. Así é que, pola norma, o vinculeiro casaba na casa e… E os mais botábanse ao camiño... Despois do trebón da Guerra Civil, e cando as augas foron acalmando e a industria deu en espertar un algo nas grandes cidades, o camiño foi, case sempre, o de Barcelona. Tamén houbo quen pillou cara a Madrid, Bilbao… E, xa, algo antes, Francia, Suíza, Inglaterra, Alemaña… Abro paréntese: Un recordo dende aquí para todos os mozos naviegos que morreron traballando na madeira, ben en Francia, ben en Navarra; traballo tan perigoso ou máis ca o da mina ou ca o do mar. Pecho. E, aí polo último cuarto do século XX, Vigo, Ferrol, A Coruña, Lugo… Unha hemorraxia incesante. E pasou o que pasou. Pasou que este recuncho do mundo comezou a padecer de soidade. E de desleixo. A xente máis nova, decidida, arroutada e emprendedora marchou case toda. E casaron e fixeron lume fóra. E a



O camiño da emigración… Un camiño cheo de baleiro…

natalidade freou en seco. Mesmo eu, non tanto por decidido senón porque cadrou, probei sorte. E quedei preto, pero aniñei en Lugo. No sentimental, teño a Navia caltrida na medula, no cerebro e na capela máis fonda da epiderme… Pero deixei un niño baleiro… Un máis… Velos aquí vos deixo estes versos de *Poemas de Amor en Outono,* que falan disto:

Futuro imperfecto

Xa non volverei a Vilameixide
en primavera.
Xa non volverei, gozoso, apañar,
por xuño, as cereixas á Lameira.
O meu barrelo de neno.
O meu barrelo...
Nin as castañas, no outono.
Nin as noces das nogueiras.
Nin dos pumares, as mazás primeiras.
U-los seus prados?
U-las súas leiras?
U-la Casa do Souto?
Que foi delas?
O meu planeta de neno...
Todo o meu planeta!

Xa non volverei a Vilameixide
en primavera...
A Sunavia, ao Canto, á Rebordela;
á Granda, ás Cruces... á Pumarega.
Mudaron as searas a pan
en barbeitos vizosos de toxos e xestas;
de caxigas, de carpazas... e silveiras.
U-los carros cargados de vida
cara a unha morte sen tregua?
Tan só quedan as pegadas das rodeiras
no leito lítico dos camiños desertos
poboados de baleiro. E de ausencias.
U-los mollos, as marrotas e as medas?
Aquel olor a herba seca.
E a fornada recén feita...

Soa quedou a fonte.
Só o Nabal a monte.
Soas as paredes que me acolleron
cando sempre era inverno.
Soa quedou xa, e sen lume,
a paleolítica lareira.
Sos quedaron o escano, o guindastre,

o trespés, o pote... a garmalleira.
As andoriñas no portal.
As cochosas na figueira.
As vacas, as cabras... as ovellas.
Sos, en Freixís, Fermín e os avós,
no regazo da Nai-Terra...
Soa... Deixeite soa.
Miña querida aldea.

O certo é que, se lle botamos unha ollada ás táboas de poboación, vemos que, hai máis ou menos un século, no concello de Navia había censadas arredor de 8.000 almas; no 1950, 7.200; no 1975, 4.500 e… na actualidade… Na actualidade non chegarán ás 2.000; e, para máis, a pouca poboación que queda, moi avellentada…. Hai futuro? A esperanza nunca se perde… Poder, pode habelo. Pero, se chegase a habelo, as coordenadas socioeconómicas han ter que ser ben diferentes das que rexeron no pasado. E, aínda, no presente.



Si, son de aldea… Na aldea calou o cantar dos carros…
Deixarán de escoitarse os paxaros?

Por unhas e por outras razóns, a riada migratoria mantívose durante décadas. Ora ben, o éxodo e a concentración en macroformigueiros urbanos non son unha patente que posuamos en exclusiva a xentiña de Navia, nin a do fogar de Breogán, sequera. Problemática complexa, que non se pode explicar á lixeira. Certamente, o rural en xeral, e a montaña en particular, sempre foron os primeiros desherdados. Mais… hai máis tea que cortar… Pero… terá que ser noutro momento e noutro lugar.

O mesmo Ánxel Fole, curioso e perspicaz coma sempre, despois dunha daquelas visitas das que vos falei, quixo saber a opinión dos propios veciños respecto do

abandono das terras e andou pescudando entre eles. E, despois, escribiu en *El Progreso* (Táboa Redonda, 8 de maio de 1977):

> *… Recogemos la primera información de labios de una señora de cierta edad, en una tasca. En los contornos, numerosas aldeas quedaron despobladas, cerrándose muchas casas. Las dos ferias de Navia de Suarna están ahora menos concurridas. Y añade que se dejaron de trabajar los viñedos por la misma causa. Pero el propietario del café "El recreo" nos asegura que la falta de concurrencia a las ferias está motivada principalmente por las entregas semanales de ganado que tienen lugar en Navia…*

Faise eco aquí o autor de *Contos na néboa* dun inesgotable debate que entretivo a veciñanza de Navia por décadas. Por que marcha a xente? Por que morren as feiras? Por que Navia non progresa? Como se solucionarían estes males? …? Aínda hoxe resoa o eco destas preguntas, e das moi diversas respostas, nas paredes das cantinas e das casas pechadas de Navia. Mais, como dixo o *nóbel* Dylan, as respostas agóchanse no vento…

Os camiños da vida, que dicía aquel grande home… Naviegas e naviegos sementados por aló e por acolá. Á procura dun futuro mellor. Para eles e para os seus fillos. E tal foi así que, en moitos casos, eses fillos e esas fillas puideron facer carreiras universitarias ou atopar traballos ben valorados. Lembro aquel tempo mozo en que as fillas e os fillos dos "catalais" que volvían pasar o mes de vacacións ás súas casas de nacemento parecían todas actrices e actores de cine. E aqueles coches que traían… E a alegría coa que gastaban o diñeiro… Os fracasos non saían á luz. Ou non queriamos velos. Quen non sucumbía?

Algo máis tarde e en menor medida, tamén os fillos e as fillas dos poucos que quedaron puidemos vivir ese feito marabilloso: a chegada á universidade das fillas e fillos de labregos, mariñeiros, zapateiros, albaneis... Fermoso! Xa o tardo-franquismo deu en repartir unhas frangulliñas, do que sobraba, en forma de bolsas de estudo; bolsas que moitas e moitos aproveitamos o mellor que soubemos e puidemos.

Si, as causas da riada migratoria dos anos 50, 60, 70 e, aínda, 80, do século pasado son moi complexas e diversas. Máis fáciles de observar son as consecuencias: a despoboación e o abandono das terras. E, a pesar da longa crise económica e das penurias que padece moita xente nas cidades, a xente non regresa. E iso que, agora, coa axuda da maquinaria e da tecnoloxía, a vida na aldea é moito máis liviá. E si que hai algunhas persoas que escollen vivir en harmonía coa natureza e vivir nun medio no que cada persoa, cada animal, cada árbore, cada lugar… ten un nome e entidade de seu; e non sucumbir devorado pola



Cubrirase de néboa o futuro? Volverá saír o sol?

indiferenza e pola despersonalización da masa, pola tiranía do reloxo, polas gadoupas dun liberalismo irracionalmente competitivo e inhumano. Velaquí a esperanza…

Mais, como non son futurólogo, non quero cuspir ao ceo. Prefiro volver ao rego, que me perdo. E neste rego tocaba falar da xente, da xente de Navia. E cómpre dicir que a xente de Navia sempre se veu levando aceptablemente ben cos veciños. Pero, hai matices. Aos de Becerreá igual os miramos sempre como algo "señoritos"; pola contra, os de Cervantes… como xente da montaña; os da Fonsagrada, boa xente; e os de Baleira… Uf, os cornapelos tiñan moi mala sona; onde chegaban, montaban quimera e ensinaban as cachabas e as navallas. E, se falamos dos de "fóra", tamén hai diferenzas. Aos da raia con Asturias considerámolos "nosos"; en xeral, os asturianos sempre foron ben vistos. Aos de León, non. E, tamén, hai que distinguir: os de Balouta e Suárbol, casteláns de dereito, pero galegos de feito. Agora ben, se tiramos para o outro lado do porto, eses eran "ancareses". E tal xentilicio tiña un valor pexorativo non disimulado: los tratantes, xente sen palabra e sen peso, informais, pouco de fiar. Certamente, sendo eu neno, os ancareses eran os do outro lado do porto: Candín, Pereda, Teixedo… As xentes de Cervantes e de Navia eramos outra cousa, eramos galegos! Co tempo, os de aquí tamén fomos aceptando ser "ancareses"; e, na actualidade, ser galego-ancarés, dos Ancares galegos, dá *pedigrí*. É o que ten o *márketin* ese. Mais… teño que precisar. Na nosa casa, na Casa do Muxo, adoitaban parar eses tratantes ancareses; especialmente "Os Cachuchos". Varios irmáns que andaban no trato, que cruzaban o porto cun fatado de vacas e chegaban a Navia a véspera da feira, e durmían na nosa casa; e as vacas, na nosa corte. No inverno, naqueles invernos, atravesar o porto non era cousa doada, xaora. Arredor de 50 quilómetros de andaina para vir, e outros tantos para volver. En cabalerías e a pé. Tres días fóra. Ás veces deixaban algunhas vacas na casa nosa, a cargo de meu pai. Teño que dicir que aqueles "Cachuchos" eran boa xente, pagadores e cumpridores, amigos. Mesmo o meu pai debeu andar en tratos, esta vez de namorar, cunha "Cachucha" ancaresa. Despois, as cousas torcéranse…

As feiras… Que feiras! Do Bierzo, dos "Ancares", de Ibias, da Fonsagrada, Becerreá, Cervantes, Córneas… viñan feirear a Navia. E de máis alá. Ás noites, despois da feira, había tantas cabalerías atadas ás argolas, diante das cantinas, que non se daba entrado nelas. E iso que en cada casa había unha cantina. Corría o viño, corrían as cántigas, corría o carto… Por veces, o viño collía por mal camiño e a feira acababa a paus. Aínda lembro unha batalla campal que protagonizaran os de Vilaverde e algúns máis contra os de Córneas. Recreeina nun relato, *Cornapelos*, de *Navia, nai*. Comeza así:

> *As argolas que había na parede non abondaban para amarraren tanto cabalo. Simón da Poza quixo entrar no almacén mollar a palleta; o viño era un dos escasos praceres que a vida lle concedera. Simón non era ben de todo. Andaría daquela polos trinta anos e aínda tiña cara de neno. De neno alto con andar de vello. O seu corpo escangallado abaneábase a cada paso que daba igual ca unha caxiga verde. Mesmo parecía que aquel esqueleto de manteiga que o sostiña se fose desmembrar dun momento para outro. Aquela feira xa levaba o carro ben cargado. Quizais por iso non se decatou de que os cabalos que estaban presos á porta eran dos de Córneas. El xa tiña oído falar deles. De sabelo, máis lle valera non ter entrado. Non sen esforzos, e correndo serio perigo de ir parar entre as patas dos animais,*

acadou o local. Xa dentro, e en vendo a caste de xente que alí había, dubidou entre dar a volta para fóra ou quedar. Á fin, a sede púidolle máis ca o xuízo e a súa voz tatexou para pedir un vaso de viño. Foi daquela cando un deles reparou nel. Ao Simón, decote miñaxoia, de bebido alixeirábaselle a lingua. Pero non para falar mellor; ao contrario, volvíase malfalado e faltón. Os que o coñeciamos, dabámoslle ao pau e non lle faciamos caso. Pero os cornapelos non o coñecían de nada e veulles que nin pintado que aquel espantallo aparecese por alí para empezar a feira.

–Oes, viorto, bebe a modo, non vaia ser que te torgues co viño– falou un cornapelo.

–Me cago na Pena Moura –sempre empregaba o mesmo xuramento–, bebo como me dá a gana, que para iso o pago– tatexou o Simón.

De seguido, ergueu o brazo e levou o vaso á boca. Entón, o que falara primeiro chiscoulle o ollo a un dos outros e este bateulle un case nada coa caiada no cóbado ao infeliz; e fixo que o viño lle collese por mal camiño, ata polos narices. Simón tusiu e espurriou o viño. O outro deulle unhas palmetadas no lombo máis fortes do necesario.

–Me cago na Pena Moura… Oes, fillo da cuza, quítame as mans de enriba que teño a navalla moi ben afiada, non vaia ser…

E foi. Simón non era ben. E era moi normal que os mozos dun lugar asoballasen, humillasen e abusasen canto se lles antollaba do débil, ou dos débiles, da tribo. Ora que, como a alguén de fóra lle dese por meterse con el, daquela, non había peor ofensa. Por iso os de Vilaverde e achegados, aquela noite, en canto se decataron da afronta, xuntáronse para chamar a contas aos cornapelos. Fora épica a liorta.

A aquelas feiras tamén viñan xentes de Balouta e de Murias de Rao, por setembro, con varas de abraira para varexar os castañeiros e as nogueiras. Dábanse e danse moi ben nas beiras do Rao. Feixes de varas de 4 ou 5 metros carretados ao lombo, costas arriba e costas abaixo, uns 30 quilómetros. E, supoño, as que non vendían, volvíanas para as casas. Que duro era facer un peso… E cesteiros con peselos, banastras, e cestos de todos os tipos. E albardeiros, capadores, tratantes disto e daquilo, zoqueiros, romanceiros… Bailes no salón de Carmen de Marcelín… Empanada de sardiñas, polbo… Rosquiñas e algún chifre para os nenos… Ño! Vou maior! Xa teño moito que contar…

E as festas… Que festas! Navia anegada de xente para honrar a virxe das Dores… Unha riada de crentes que chegaban descalzos, camiñando de xeonllos… para cumpriren as súas ofrendas. Pero, tamén, para bailar e troulear… Para xantar nas Veigas o luns, día da romaría… Precisamente, e en relación ás festas, teño que dicir que non dei atopado o pregón que Manuel María escribiu e deu en Navia, creo, aló polo ano 1983. Que mágoa! Se alguén soubese algo del…

Falei das relacións cos de fóra. Pero había dicir algo tamén das relacións entre nós. Como na viña daquel señor, houbo e hai de todo. Cando o traballo era á mau e había moita xente, o sentido do labor colectivo estaba instituído. Para botar a colleita, para segar, mallar, esfollar o millo, matar os cochos… E, despois do traballo, as polavilas, as

festas. E os xuntoiros na fonte ou nunha aira, nun quintairo, nun camín… Pero, non nos equivoquemos, non todo eran rosas; tamén había espiñas e corría o sangue por mor dun marco dunha leira que lle daba por mover os pés, por un derrego que se botaba fóra de si, por unha vaca que entraba nun xardín prohibido de verzas ou nabos… Unha moza que atendía a máis dun mozo… E, peor, aínda, se un deles era alleo… Si, o mellor e o peor da xente. Como en todas partes, xa que logo. Que tampouco somos tan revirados nós, eh… Xa falei de como se abusaba dos débiles. Pero, tamén, cando ardía unha casa, ou diante de calquera desgraza, a veciñanza era solidaria sen miramentos. Incluso, se o meu informante non novelou de máis, seica na Guerra Civil, os representantes da falanxe local enganaron os xefes de Lugo para que lles dese tempo aos seus veciños *rojos* a "retirarse". De feito, no concello de Navia non debeu haber mortos por represalias ou axustes de contas, que eu saiba. Na fronte, si; alí morreron mozos naviegos como de calquera outro lado; pero non se aproveitaron xenreiras persoais para tomar represalias, tal e como pasou en tantos sitios. Isto gústame contalo, porque fala ben da xente de Navia daquel tempo tan tinguido de dor, de odio e de sangue. Despois… Despois todo foi mudando. Coa chegada das máquinas, a pouca xente que quedaba e queda en idade de traballar, foise volvendo moito máis autosuficiente. A radio, primeiro, a televisión, internet… "Feisbu"! Si, mudou todo. A maneira de traballar, de vivir, de relacionarse, de pensar, de sentir… Detrás de tempos, tempos veñen… Sempre foi. E será.



Perduran as marcas do tempo… O arame garda, aínda, a ilusión…

E aínda quería engadir un case nada sobre outro tipo de relacións, non moi amables noutrora. Refírome á relación dos vilegos cos dos *pueblos*, como se dicía por aquí. A vila de Navia ten sido moi "señorita". E miraba os da aldea por riba do ombro. Ata na forma de vestir había evidencias. Isto aínda o vivín eu. Pouco a pouco, as cousas foron indo a mellor. As

concentracións escolares axudaron moito a sanear estas relacións. No tocante ao arraigo e aos dereitos dos individuos e das comunidades, xa é outro cantar. Pero, nisto, foron decisivas. Agora, as nenas e os nenos medran xuntos e interactúan dende os tres anos, comparten experiencias un mangado de cursos e a relación é, inevitablemente, de amizade. Tamén en *Cereixas bravas* (*Navia, nai*)) escribín un relato que algo ten que ver con aquela relación tan pouco amable.

> *Era un neno pobre. Moi pobre. Da aldea. Era un neno moi pobre da aldea. Sucio e mal vestido. Moi mal vestido, con remendos. Se mal non lembro, era rubio; pero moi espeluxado. Levaba postas unhas botas que lle quedaban grandes, moi grandes. Debían ser de seu pai, se o tiña, ou de seu avó. Eran unhas botas vellas, moi gastadas. Debía ser, o neno, do Tabillón ou de Embernallas. Ou, igual, da Balsa ou da Cernada. Era por maio, polo tempo das cereixas.*
>
> *O neno pobre, que quizais fose de Embernallas, trouxera a vender unha cestada de cereixas pobres, verdes aínda, que amargaban. Debían ser cereixas bravas. Pedía a peso por cada pratiño do café. Ninguén lle compraba. Pepín de Xosé díxolle que as rebaixase, que, se non, non vendería nada. O neno pobre fíxolle caso.*
>
> *Saímos ao recreo. O Catuxo, ao que o viu, dixo:*
>
> *–Ímoslle roubar as cereixas a aquel pavilón…*

Por outra parte, a xente da vila era hospitalaria e aberta, e segue a selo, coa xente que chegaba/chega de fóra. Si, a amizade prende fácil aquí. Temos boa terra, bo clima, boa mesa e bo viño. Abonda. Lembro o caso daquel pescador ao que convidaron a ir pescar *alpibardos* de noite. "Si, oh, aquí péscase polo día e pola noite; polo día, troitas; e, pola noite, *alpibardos*. Reticente ou non, o home aceptou a proposta. E, en chegando a noite pecha, marcharon á beira do río. Ao forasteiro déronlle un saco e dixéronlle: "Métete aí, cos pés na auga, e chama por eles polo baixiño, non vaia ser que os espantes; nós imos aí, algo máis arriba". O aprendiz de pescantín de *alpibardos* preguntou como había chamalos. Ti dislles: "Alpibardo, vente ao fardo, que por ti agardo". Non sei canto o tiveron agardando. Despois, cea e borracheira cumpridas e… amigos para sempre! En superando o ritual iniciático, coser e cantar. Si, moita xente chegaba aquí, por calquera razón, e enraizaba fondo. E isto segue pasando, certamente. Aínda que tamén haberá quen saia escaldado, que flor que guste a todos non se cría en lado ningún.

Na boa mesa e no bo viño tamén me quero deter un case nada. Porque tamén somos xente de bo comer e de bo beber. Marisco non temos, abofé. Pero as troitas do Navia son incomparables. O peor é que, agora, xuntar dúas ducias delas xa é privilexio de poucos. Noutrora, xa o dixen, habíaas a esgalla… Mais, a falta de lumbrigante, un bo galo do país feito con mans expertas e amorosas fai relamber os dedos. Xa non digamos unha lebre, un coello do monte, unhas perdices… E a carne á maragata facíase moito tamén e con moito éxito. As costeletas e os bistés de xato de aquí teñen sona ata en Madrid. Un cabrito, un año… sendo da casa, fartura sen taxa. O corzo ou o

xabaril con castañas… E, se pasamos ao cocho, somos os inventores das androllas; delicioso embutido feito con angallada, é dicir, costela de porco picada, debidamente adobiada, sazonada, embutida na tripas gordas e curada ao fumo. No tempo da fame, para estirar a angallada, picábanse os pelellos e engadíanselle á costela; un que outro non lle quedan mal; pero, sen abusar, que mellor sabe a carne con óso. Na Fonsagrada chámanlles butelos… Que saben eles! Butelo só hai un por cocho, a ver se se decatan dunha vez eses do teso. O butelo faise co mesmo mondongo, pero enchendo o ventrullo; e, que eu saiba, ventrullo só hai un por animal. Polo menos, nesta terra. Na Fonsagrada (boa xente, iso si, xente amiga) non sei… igual os porcos da Fonsagrada teñen varios ventrullos… E cando se enche a tripa gorda coa mesma costela, entón facemos o pigureiro; un por cabeza, igualmente. Os chourizos e as morcillas saben ás mil marabillas. Os roxóns, a cachola, o rabo, a soá… E o lacón tamén está ben bo! As nabizas, os garavanzos… E os cachos que sobran da noite, torrados na prancha desoutro día pola mañá… E os cachelos desfeitos (faragatos) que quedaron na pota, pisadiños na tixola cuns roxóns das tripas e unha ceboliña ben picadiña… miña madriña! E o queixo de cabra que me facía a miña avoa Carme… Tamén me conformaba se fose de vaca, daquelas vacas nosas… A Morena, a Pinta, a Lucera, a Garrida… E as filloas con mollo, tal e como mo daban en Murias de Rao… Pero, non saberedes que é o mollo, claro... Quéntase mel cunha pouquiña de auga e bótaselle manteiga de vaca; as proporcións a gusto de cadaquén. Métese a filloa no mollo, enchóupase ben e… delicia suprema! As papas de arroz… Empanada de chourizo e touciño entrefrebado… Empanada ou compota de mazá. Peras ao viño… E a rosca de noces e pasas que facemos aquí… O doce de castañas… Ai… Os amorodos, os pexegos, as cereixas de maio ou os garcios de quince libras… As peras de auga, as mazás do Santiago… Róncalle o nabo!





Non recoñeceremos a derrota… Mentres a Terra sexa xenerosa…

E xa vos dixen que tamén temos viño en toda a ribeira. Cada casa gobernaba a súa propia viña, ou tallos de viñas, e facía viño para consumo familiar. As cantinas da vila, que eran moitas, como xa dixen, adoitaban ir mercar uvas ao Bierzo e mesturábanas coas do país; e cando foron deixando de

coidar as cepas de aquí, xa se deu en traer toda a uva de León, e, incluso, de Zamora. Lembro as procesións, de cantina en cantina, para probar o viño novo, a ver cal saíra mellor: Kubala, Tralacerca, Xulio de Nicasio, José de Baixo, Arsenio, Eladio do Muxo… E, do outro lado da ponte, O Burato, a de máis sona fóra. Moita xente de Lugo me fala do Burato, unha cantina enxebre onde as houber, metida debaixo da pena da que saíron as pedras para facer a ponte e, tamén, o castelo; tan só tiña unha parede, a fachada frontal. Hoxe, ningunha delas queda. Ai… o viño novo, os magostos… A augardente da nosa ribeira… E, se a alguén non lle gustase o viño, no tocante á auga, a fonte de Navia dá unha auga que cura o mal de amores. Fresquiña, no verán; natural, no inverno… Acouga a mesma señardade.



As cepas vístense de outono… Regalía para os ollos…

Ben sei que estou algo chufón. Xa me decato. Igual non me credes. E tedes razón, facedes ben en non crerme. Non son obxectivo. Pero, se non vos fiades de min, facédelle caso ao bardo Isidro Novo, que de bo comer e bo beber aínda sabe algo:

> *Lembro estar por Navia no primeiro lustro dos oitenta. Eu tiña estado antes, pero non collera referencias. Soamente recordaba que había unha taberna fermosa ao pasar a ponte medieval que tiña un tinto moi xeitoso e tamén desa vez foramos probarllo. Á hora de xantar fomos a unha casa nunha praza – non sei se a Maior ou a de Chao da Torre, – onde nos dixeran que daban de comer malia que non houbese nada no exterior anunciando que o confirmase. Dixeramos na porta ao que viñamos e dando por boa a nosa vontade, a señora de mediana idade que nos atendeu subiunos a unha primeira planta nun silencio relaxado e amábel. E logo de acomodarnos á mesa dun comedor común de casa particular da época e de poñernos a bebida, desapareceu sen facernos ningunha pregunta. Cando volveu*

aparecer logo de pasado un tempo fíxoo cunha enorme sopeira e logo, seguidamente, cunha bandexa de arroz con carne e axiña con outra de cocido, e despois desa, con unha de carne asada e non sei agora se houbo máis... Logo trouxo unha variada sobremesa e cafés, botellas de licor, whisky... Todo moi rico e moi económico. Saímos de alí moi contentos.

Si, definitivamente, os de Navia somos todos *bois*.

5. Da historia e do patrimonio

Para abrir boca, tirarei de comodín. Un comodín literario que nace de entre dúas penas fondas, que son alicerces da vida: o sentimento e a xenerosidade. Un comodín, un debullar literario, con letras de ouro da autoría de Armando Requeixo, Mestre de Cociña Maior das Nosas Letras. O de Mondoñedo, con amor, escribiu de Navia e para Navia o que segue:

Navia nación de auga, veas fluentes da filla de Lugoue e Elaídna, nos confíns das terras dos seurros, pé das estremas que habitan os albións.

Navia matria, arco infindo da Ponte da Pobra, calzada que apunta aos ceos dende os tempos do Imperium.

Navia fidalga, señorío e feudo dos Osorio e do grande Conde de Altamira, muros medievais que ollaron o mundo dende os comezos do primeiro milenio e esborroaron irmandiños.

Navia en lombas e castrelos, corgas e furcos, píncaros que desafían os horizontes no Porto dos Ancares e chaman de tu os altores astures de Ibias, as cumieiras leonesas de Candín.

Navia castrexa do esplendor das citanias, landas de mámoas e dolmens, inframundos da espenuca das Penas de Frou, vieiros subterráneos entre os castros fortes de Cantón e Cabanela.

Navia cereal de farturento vizo, reino de pallozas e piornos, rodicios e pombais, alzadas de Pan do Zarco e Vispeiro, muíños do Ser, cortíns das solainas do Rao nos que a pedra libra de todo mal urso o néctar de Aristeo…

Navia anainada por un bris antergo e melancólico, vas comigo cosida ás pregas da amizade, á letra outonal de quen mellor te cantou no tempo noso, beizón que ha perdurar, por sempre, na santa mesma dos ollos.

Fermosa introdución, pois, que me serve para aproximarnos un case nada á historia, ou ao que sabemos da historia, desta terra. Vaia por diante que non podo fachendear de ser un bo coñecedor do noso pretérito, do noso patrimonio, nin da nosa etnografía. Vou botar man da miña moi escasa formación, da miña memoria de pulga e da miña preguiza como atenuantes. Tampouco son un tipo necesariamente curioso, nin lido. Oín dicir que nesta bóla xiratoria ninguén é perfecto. É un mínimo consolo para loitar contra a culpabilidade. Daquela, non me vou estender moito neste lance.

Roubarei coñecementos na viña dos que saben. Non podo, nin quero, que non son tan ousado, competir con Xosé Manuel González Reboredo, Pegerto Saavedra Fernández, Enrique López Fernández, Xabier Moure Salgado, etc., que son mestres na materia. Beberei das súas e doutras fontes para contextualizar minimamente este meu exercicio literario; non irei máis alá. Quen queira afondar na bouza da historia, da nosa historia, poderá axudarse da bibliografía final; e por ese camiño chegará a moita e mellor información ca que aquí eu deixo.

E, daquela, que sabemos da historia de Navia de Suarna? Para comezar e, insisto, sen ánimo de escarvar moito, falaremos da orixe do topónimo. Xa quedou recollida noutro punto a posible orixe de *Navia*. Cómpre dicir algo agora referido a *Suarna*. Ao parecer, podería vir da preposición latina *so* 'baixo ou debaixo' maila partícula *–arn* 'terra'. Cabeza Quiles opina que derivaría de *sub arna* 'debaixo da depresión'. Segundo Manuel Murguía, a etimoloxía de Suarna vén das palabras sánscritas *rua* 'ribeira' e *arna* 'río'; Murguía considera céltico o nome de Navia, deducindo que, polo tanto, significaría 'á beira do río Navia'. E, que opino eu? Miñaxoia… Eu opino que me parece ben o que opinan todos eles.



Mírome no espello da auga… E vexo medrar o día…

Entrando no ámbito da historia propiamente dita, a señora Wikipedia non sei se será de fiar; pero o señor Xosé Manuel González Reboredo, e con el a páxina web do concello, dinnos que existe moi pouca documentación que nos permita coñecer a historia de Navia de Suarna na Idade Antiga; e pouco, tamén, respecto da Idade Media. Hai que ter en conta que a Igrexa non tivo unha presenza notable nestas terras e non houbo quen gardase e conservase viva a memoria da nosa xente e do noso concello, dinos Reboredo, escritor relacionado afectivamente coas terras ancaresas. Non obstante, os restos arqueolóxicos aparecidos son testemuña da presenza de asentamentos humanos nestas terras dende a época megalítica. Curiosamente, atopei esta xoia, outra máis, no *blogue* de Xabier Moure: «Segundo algúns autores, en Coea, na parroquia de Castañedo, está a orixe do emperador romano Teodosio I o Grande (347-395). Se ben é certo que a maior parte dos investigadores sitúan o seu

nacemento en Coca (Segovia), non fallan os que o trasladan a Galicia. Benito Vicetto identifica Coca coa parroquia de San Salvador de Coea, en Castro de Rei; mais, Amor Meilán inclínase pola Coea de Navia de Suarna.» Lenda?

Certamente, con anterioridade ao século XVI, só temos noite, case, pecha. Algunha referencia á ábsida románica da igrexa de San Miguel de Barcia, á ponte de orixe romana e ao castelo medieval… E acabouse a colleita. Moi pouca cousa, pois. Mais, sábese que a representatividade social estaba xa ben definida e que por volta de 1466-67 os irmandiños botaron abaixo a fortaleza dos Altamira. Deste feito dá conta o senlleiro naviego Constantino Bértolo Cadenas (Tino de Féliz para nós), afamado crítico literario e editor, quen recrea de maneira épica a arroutada irmandiña nun texto titulado *Irmandiños del Navia*, creo que inédito, que se le con degoiro. Reproduzo uns anacos:

> *Desde las alturas de la barrincada Quicho de Féliz vió levantarse la polvareda, escuchó cascos y rumor alborotado de muchas gentes avecinándose. Viose luego como la bandada de la Hermandad vandeaba el rio Ser por las praderías de Villa de Quinte y alcanzaba a Veiga de Son. Con Don Alvaro de Quindós y sus capitanes gran bando de cuadrilleros con treinta flecheros, cincuenta lanzas y más de tres docenas de caballerías bien armadas y defendidas se aposentaron en la casa grande de Freixís habiendo grandes regocijos y ruido gozoso cuando el procurador que con Don Alvaro hacía compañía , con vara de mando en enseña, dio cuenta del desmochamiento alcanzado de las torres de Doiras que hasta entonces les había mantenido en trabajos y envió discretos a reclamar al alcalde de la Puebla su venida así como mandar recaudos y avisos a las gentes de Vilaverde, Son, Vilar de Pardín, Vila de Quinte, Barcia, Mera de Barcia, Villa de Anón, Abrente, Envernallas, Queizán, Penamil y de otros lugares del a este lado y de al otro del río para que todos tuvieran noticia y se levantase concejo antes de adentrarse en la Pobla de Navia para deshacer rocas y muros y murallas que la torre se levantaba sobre roquedal abrupto y a su refugio se hallaban los hombres malhechores de Altamira bien armados…*



No corazón da pedra latexa un queixido…
Que convoca á reconquista ao pobo irmandiño…

…Y fue entonces que Quicho de la casa de Félix se hizo oír adelantándose hasta el asiento de Don Alvaro y pidió derecho de sangre por razón de sentirse el más asoballado y quebrantado por las arbitrariedades y desmanes de Altamira y sus allegados, que a su padre Ricardo, quién fielmente había combatido bajo las ordenes reales en las contiendas y trastornos de marras, habían dado alevosa muerte, en noche y a escondidas, y luego arrojada fue su persona, que infante sin talla era por entonces, y su familia, su madre Doña Dorinda y sus hermanas, de su casa de Villar de Antón y que tuvieron hospitalidad de sus parientes de Ibias donde criado se había y con talla y fuerzas se sentía y por eso reclamaba ocasión primera de desclavar la afrenta a su sangre con la sangre de Don Nuño Lamas que ese sí era villano y nacido en mala hora. Don Alvaro dióle espada y cota de malla y bien dijo que la Hermandad no era tarea de venganza pero que bien atendía su reclamo y que acaso ocasión tuviera, y hablando a todos la vara de mando cogió de manos del procurador y dio cuenta de haber mandato del rey para el desportillamiento y desmochamiento de fortalezas, torres y muros de todo el Reyno que como encomendador de las Santas Hermandadas a cumplir ese mandato estaban emplazados y que razón de todo aquello era la llegada de las huestes y que a hacer juntanza y armas en la fecha de mañana, día de san Miguel, hacía llamada para llevar acabo la obediencia sin fuego o con fuego si hubiera resistencia…

Alguén, poñamos por caso o concello, debería publicar o texto íntegro. Fago votos. Pero, sigamos co fío da historia. Despois da desfeita revolucionaria labrego-fidalga, o señor de Altamira impuxo a súa lei e obrigou a refacer o castelo, pois resalta ben á vista. Porque el non o ergueu, a bo seguro. Quen o faría? Todos o sabemos, non si? Pois xa é hora de que vaia volvendo a quen o fixo, desfixo e refixo. Non vos parece? O pobo. A administración, ou administracións, deberían poñer o máximo empeño nisto. E a veciñanza tamén, claro. Polo visto, este conde de altas miras debeu facerse coas terras, ou con parte delas, do que fora en tempos da reconquista o antigo Condado Naviensis, terceiro dos condados galegos, segundo Vázques Seijas. E isto debeu acontecer aló polo andar do ano 1450. Nalgunhas fontes lin que os Osorio tamén chegaran a ser propietarios deste condado, mais non hai coincidencia plena neste punto. Compraríallelo o conde de Altamira aos Osorios? Quen o saiba, que nolo diga, por favor. O caso é que por volta do 1611, o conde da época fixo inventario das súas moitas pertenzas no concello de Navia. De tal facer xa se garda documentación no Museo Provincial de Lugo. Dado que a Igrexa pouco mandaba por aquí, os dominios do conde eran plenos: súas eran a vila e as xurisdicións civís e criminais; e tamén exercía o control económico e eclesiástico. E, claro, arredor do conde, xirarían os satélites habituais, as delegacións do poder ou rendeiros secundarios, case sempre fidalgos. E esta estrutura socioeconómica mantívose ata ben entrado o século XX por estas terras. Aínda o meu avó lle baixaba a cabeza e quitaba a gorra cando o señor de Freixís pasaba por diante da Casa do Muxo. Os décimos foran abolidos no 1830, mais os fidalgos conservaron o seu poder vía arrendamentos e foros. E tampouco podemos esquecer que as medidas desamortizadoras non tiveron, practicamente, consecuencias por aquí, pois xa dixemos que a Igrexa campaba moi pouco nestes lares. Finalmente, a maioría

dos caseiros puideron ir redimindo as súas rendas, e outros optaron polo camiño da emigración. Así, esta estrutura de sometemento servil foi entrando en crise e acabou por entr *As fondas e embeleñadas raíces do feudalismo tamén sucumbiron diante do vento devorador da historia…* egarse á historia, que todo o devora.



Unha historia que se escribe a golpes. A golpes de estacas, de espadas, de canóns… Ou de azar. Unha historia que se escribe a golpes de egoísmo, de odio, de vinganza… Ou de amor. Pero a historia dos pobos non é lineal. Unicamente os episodios singulares pasan a esa historia. Segundo lin en diferentes fontes, por volta do século XV, Gonzalo Becerra de Navia, sobriño do mariscal Pardo de Cela, participou do lado do seu tío nunha quimera entre señores feudais contra o mesmo conde de Lemos. Seica este, o conde de Lemos, quixo someter a Fernán Díaz de Ribadeneira, de Sobrado de Aguiar (Outeiro de Rei); pero o Ribadeneira era protexido do Conde de Monterrei, quen convocou os seus, o mariscal Pardo de Cela entre eles, para poñerlle respecto ao de Lemos; e, co mariscal, o seu sobriño naviego. Do resultado da liorta non se fala. Velaquí un anaco, algo confuso, de historia. Da nosa historia.

E aínda que a súa importancia non traspasa as marxes da anécdota, pero anécdota histórica, non podo deixar de facer referencia a outro feito singular: o paso das tropas napoleónicas polas terras de Navia. Así está recollido nun documento que se atopa na páxina web da Biblioteca Virtual de Andalucía, onde se conta que o 14 de maio de 1808 pasou por aquí o propio mariscal Ney encabezando unha moi numerosa expedición que se dirixía a Oviedo. E que intercambiaron disparos de fusil, e que

fixeron varios prisioneiros en Navia, ademais de destruír o Arquivo Público. Tamén se di neste curioso e interesante documento que, a pesar de que o mariscal francés se decatou de que o chamado Exército de Galicia, formado por uns 3.000 homes de infantería de liña e unha multitude de labregos armados ao mando dos xenerais Mendizábal e Maky, estaba acampado en A Fonsagrada e Piquín, preferiu menosprezalos e virarlles as costas para poder chegar antes a Oviedo, que era o seu obxectivo. Despois de ler isto, atopei outra fonte que aseguraba que Ney chegara a España en agosto… Non sei… Canto máis afondo na historia, máis dúbidas históricas vou colleitando…

Máis adiante, segundo foi medrando o século XIX, parece ser que os predicamentos carlistas tiveron bastantes adeptos por aquí. Ao parecer, os nosos fidalgos, pouco poderosos, entenderon que o Carlismo defendería mellor os seus privilexios e arrimáronlle o ombro á causa do infante Carlos María Isidro, irmán de Fernando VII; renegando, polo conseguinte, do sospeitoso liberalismo. Dise que un batallón de arredor de 600 homes da comarca ancaresa participou nalgunha das incursións carlistas.

De seguido, correron os anos e chegaron a Guerra Civil e o franquismo. Anos ben tristes, anos de dor, odio, medo e sangue, amais de fame. Non houbo grandes carnizarías no noso concello, como sucedeu noutros, isto é certo. E xa contei do sentido da veciñanza e da humanidade dos falanxistas locais. Pero… O trebón e as consecuencias foron, non obstante, cruentos. E nas batallas de aquí e de acolá tamén perderon a vida, ou a saúde, un número importante de mozos naviegos. Sendo eu neno, aínda lembro o desacougo e o medo que sentían as xentes (e eu, claro) dos *pueblos* a que se achegasen *os rojos* polo lugar. Unha noite entraron en Silvouta e deberon facer unha boa desfeita. O caso correu de boca en boca coma o vento. Con estes antecedentes, na miña imaxinación nena medrou a idea de que os tales *rojos* eran xentes peor ca o demo e ca o trasno xuntos; xente malísima, armada con coitelos, pistolas e escopetas, que entraba nas casas pola noite e que collía o que quería e facía cousas moi noxentas. Co tempo, fun sabendo algo máis daqueles tales *rojos*… E os libros, algúns que eu lin, falaban mellor deles… Aínda que tamén habería xente indesexable nesta familia. Como en case todas… Pero, vaia, souben outra versión de quen eran, de que facían e de por que o facían.

Despois da tormenta, foi chegando a calma. E viñeron uns anos de crecemento económico e de melloras importantes, non sen traballos e teimosos esforzos. E, máis despois, apareceron a negra sombra do Gran Suarna e a riada da emigración. E pasou o que pasou… Pero aquí seguimos. Facendo historia. A nosa historia. Que outros escribirán. Adiante!

Histórico tamén é o noso patrimonio monumental, arqueolóxico, etnográfico… Deste patrimonio, as xoias serían a ponte "romana" e o castelo dos condes de Altamira; indisociables ambos doutro monumento, esta vez, natural: o río. Hai xa ben anos escribín:

> *Navia de Suarna, unha pequena, pero fermosa, vila de ribeira. Unha vila atravesada por un non menos fermoso río; río ao que se cingue, como anel ao dedo dunha belida dama, unha lanzal ponte de inspiración romana; río que flúe sereno porque se sabe gardado pola nobreza dun medieval castelo…*



Río que flúe sereno…
Porque se sabe gardado pola nobreza dun medieval castelo…

Ademais, covas, vestixios dun poboado primitivo, mámoas, castros, pallozas, restos funerarios, alzadas... Talvez sexan a arquitectura e a arte relixiosas as nosas zonas de sombra. Xa dixemos noutro momento que a Igrexa acadara pouco poder por aquí. E nótase. A pesar de contar cun Mosteiro na nosa toponimia, nada se sabe da existencia

do tal mosteiro. Igrexas e capelas interesantes, si; mais, non sobranceiras.



A virxe dos Remedios non deu co remedio…

E ningún cruceiro de pedra en todo o concello. Sorprendente. Pero, si, en substitución, cruces de madeira nalgúns lugares, polo menos, ata un pasado recente. Xa falaremos delas.

O castelo fortaleza de Navia érguese sobre unha zapata rochosa sobresaliente; na fachada que dá ao río, e en case toda a súa base perimétrica, hai un desnivel cortado moi considerable. Mirándoo dende o outro lado do río, ou dende o barrio de Subcastelo, semella que está empericoutado nun enorme penedo. E así é. Posiblemente fose construído coa intención de defender a ponte medieval que arrinca case ao pé da súa porta principal. Certamente, da orixe do castelo non se sabe gran cousa. Suponse que os actuais propietarios gardarán papeis que, cando vexan a luz, quizais aporten información valiosa. De momento, coñécese que xa existía polo andar do 1037, porque así aparece reflectido nun documento da época no que se di que foi entregado por Rodrigo Gutiérrez á súa muller Senior, a doncela de Suarna, como dote. Debeu pertencer aos Osorio e, despois, pasaría ás mans do conde de Altamira no 1450. No 1467 foi derrubado polos irmandiños, total ou parcialmente; pero, sufocada a revolta idealista, o poderoso conde obrigoulles ás xentes do lugar a volver a erguelo. Talvez non se reconstruíse fielmente, mais aínda conserva murallas e torreóns da obra orixinal. E un lenzo de elegantes ventás de estilo renacentista, engalanadas de virxinais follas de hedra cumprida. Sucesivamente, iría cambiando de donos ata que, xa no século XX, un cura, Manuel López Ernesto, fíxose coa súa propiedade e destinouno a vivendas de aluguer, despois de sometelo a un “adecentamento” indecente e moi irrespectuoso coa historia e coas máis elementais normas da harmonía estética. No

século XX chegaron a vivir sete familias no interior do castelo. Cara a finais do pasado século, as familias que vivían nel foron abandonando esas vivendas e así foi quedando, ferido de mal gusto e de desleixo. Falecido o cura, que teño oído que habilitara no castelo sete vivendas para deixarlles unha a cada un dos seus sete sobriños, a propiedade pasou a estes, aos herdeiros. Pero nunca ocuparon as tales vivendas. E aquí estamos, cun castelo ou fortaleza medieval envolto en hedra, que chora a berros que alguén se preocupe por ela e a poña en valor; e iso que posúe o recoñecemento de BIC. Lembro cando, de rapaces, xogabamos a *Tres navíos en el mar* e unha banda procuraba agocho entre os diversos recunchos que ofrecía o interior dos seus muros. Berrar dende o pico da atalaia "Tres navíos en el mar" e escoitar ao lonxe, dende o penedo da Forca, dende a Sendiñela, ou dende calquera outro lugar da vila, a resposta dos integrantes da outra banda dicindo: "Otros tres en busca van" era emocionante. Daquela estaba franco e entraba quen quería e cando quería nel, no castelo; porque cada veciño tiña a chave particular da súa propia vivenda e non había porta principal. Agora si, agora hai unha boa porta de madeira, con porteiro electrónico e todo; pero, se chamas, só che responden as pantasmas con voces de ultratumba.



Cando a hedra pode coa pedra…

A outra nosa xoia monumental é a ponte. A ponte, chamada por todas e todos nós Ponte Romana, ou Ponte Vella, é única. Mais, quizais, de romana só lle quede a orixe; pois parece ser que foi feita, a actual, entre os séculos XIII e XIV, sobre os restos da antiga romana; algo parecido á orixe da Ponte de Cangas de Onís, coa cal tamén garda certo parecido. Algunhas fontes apuntan que ata mediados do século XVIII, para pasala, había que pagar un *pontádego*, o que lle suporía ao conde de Altamira uns 88 reais de vellón anuais. En todo caso, é unha ponte, certamente, espectacular; cun arco moi apuntado, case oxival (Fole chamoulle "A ponte chepuda"), e cuns muros de protección moi altos; e, ademais, as súas fachadas non son ben rectas, fan un pequeno ángulo, debido a que é máis ancha nos comezos da calzada de ambos lados ca no cume.



" A ponte chepuda" (Ánxel Fole)

Como xa dixen, a páxina da arquitectura relixiosa é a menos brillante. Aínda que, no tocante á relixión, todo é cuestión de fe… Por que a Igrexa deste lado do mundo foi tan humilde, en comparación coa da Ribeira Sacra, poñamos por caso? …? Curiosamente, tampouco é a igrexa da vila a máis salientable do concello. Todas as parroquias teñen un templo sinxelo, fabricados con pedra do país e sen grandes alardes arquitectónicos. E, ademais, a maioría das aldeas non parroquiais posúen capelas propias moi modestas; talvez a súa fermosura radique nesa sinxeleza. Poderiamos destacar a igrexa parroquial de San Miguel de Barcia, que conserva unha ábsida románica do s. XIII; a de Santa María de Rao, con dous retablos interesantes; a de San Salvador de Mosteiro, cun retablo barroco; e a de Santo Estevo de Vilarpandín, que posúe retablos e tallas de certa importancia. Entre as capelas, salientar as de Abrente, Marcelín e Molmeán.

E, como xa apuntabamos, ningún cruceiro de pedra en todo o concello. Pero, na zona de Rao, e quizais noutros lugares, existiu un costume que podería facernos pensar en que, dalgunha maneira, a ausencia de cruceiros de pedra foi substituída por castañeiros nos que se cravaban cruces de madeira. O tal costume aparece documentado por Walter Ebeling no seu libro de fotografías *A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling (1928-1933)*, páxina 234. González Reboredo pescudou esta práctica e chegou á conclusión de que, efectivamente, estes castañeiros estaban situados á saída dos *pueblos*, en dirección aos cemiterios. E cando a comitiva fúnebre chegaba á súa altura, detíñase, rezábase pola persoa falecida e cravábase unha cruz de madeira no castañeiro das cruces no seu recordo.




Onde os castañeiros fan de cruceiros…

No eido da arquitectura civil tampouco podemos sacar moito peito. A nosa nobreza e a nosa fidalguía non foron aló moi poderosas. Os nosos pazos e as nosas casas principais destacan en relación ás casas labregas medias da zona, pero quedarían mal diante da grandiosidade e ostentación das casas nobres doutros lugares do país. Tres focos de poder local, coas súas respectivas vivendas acomodadas: Freixís, Virigo e Pin.

Destes tres "palacios", o mellor conservado é o de Virigo, pois aínda está habitado. De todos xeitos, os actuais propietarios non entroncan por vía sanguínea cos fundadores do coto (don Pedro Álvarez Osorio e a súa esposa dona María Sarmiento, que viviron no século XVI) nin cos seus descendentes. Segundo Antonio Benito Yebra de Ares, don Joaquín Perejón Pardo, que foi delegado de traballo en Lugo a finais da década dos corenta do pasado século, e don Ramón Perejón Pardo, enxeñeiro industrial, foron descendentes directos da familia fundadora deste pazo. Un pazo que posúe unha torre e portadas salientables; e un escudo rectangular *cuartelado*, con tres flores de lis, lúa contornada con tres estrelas, cinco estacas verticais, unha torre e unha inscrición borrosa.

O palacio de Freixís veuse abaixo; só o arco da portada principal e o escudo deixan ver aínda que alí viviron xentes de poder. Neste escudo, na parte superior, locen tres



Medran o baleiro e o silencio… Onde houbo luz… E prosaico alento…

flores de lis, media lúa sobre estrela e catro barras; na inferior, aparecen un castelo e un guerreiro sobre un león; e todo coroado por un helmo.

O palacio de Pin, ou dos Becerra, tamén está deshabitado. Nesta importante casa naceu don Manuel Becerra Neira, quen viviu a cabalo dos séculos XIX e XX e cursou a carreira de leis, chegando a ser deputado provincial polo distrito de A Fonsagrada e Becerreá, ademais de ostentar moitos outros cargos ao longo da súa vida. Este señor casou con dona María Estrella Cela y Cadórniga, mais non deixaron descendencia. A partir de aquí, a casa entra nun período de progresiva decadencia. Del contoume unha anécdota Guindo de Pin, un vello sabio. Dado o seu poder, Becerra seica desviou o trazado da estrada Becerreá-Navia para o outro lado do río. Como non aceptou que a referida estrada estragase as súas propiedades, mandou que a fixesen pola marxe contraria a Pin, en contra do que rezaba no proxecto inicial. Ao parecer, co paso do tempo, sufriu nas súas propias carnes as consecuencias do supino erro; foi cando enfermou gravemente e tiveron que sacalo da casa nun carro de vacas para levalo ao médico. Xa vedes, os poderosos tamén erraban. Don Antonio Benito Yebra de Ares, na súa obra *Pazos y señoríos de la Provincia de Lugo*, cóntanos como foi o acto de despedida de dona Estrella Cela y Cadórniga, falecida en 1928; un relato ben interesante, pois axuda a facernos unha idea bastante clarificadora da influencia e do poder que estas persoas acadaban nos seus ámbitos de referencia. Yebra de Ares di: "O ataúde portárono catro colonos da casa, e as cintas ofrendáronse en 50 pesetas; e foron levadas polos señores don Octavio García Fernández, de Vilachá-Pedrosa de Cancelada; don Eulogio Rosón Pérez, de Becerreá; don José María Magadán, médico; e don Armando Peñamaría, médico, igualmente. A cerimonia relixiosa oficiárona 14 curas e botáronlle 300 misas, pagadas polo marido. Tamén houbo esmola para os pobres que imploraron pola alma da defunta durante os días de corpo presente; déuselles unha peseta por persoa e unha boa comida: cocido, carne, pan e viño". Pobres pobres! Tiñan festa cando morría algún rico, ou rica. O escudo desta casa é redondeado e ten un reborde e unha lenda que di: "En las armas y en el vencer Lamas es de sostener", o que permite relacionar esta casa coa familia dos Llamas.

Ademais destes tres palacios, en Galegos consérvanse dúas vivendas señoriais: o Palacio de Arriba e o Palacio de Abaixo. Este último tamén foi estudado por Yebra de Ares, por ser o único que puido visitar. Os propietarios actuais non están emparentados cos creadores do vínculo. No seu escudo tamén se alude á familia Llamas, polo visto, todopoderosa noutrora por estas terras. O fundador debeu ser don Diego Gómez de Navia, aló polo 1581. A quen sucedeu o seu fillo don Gonzalo Becerra de Lamas, ou Llamas. Máis adiante, descendentes desta casa ocuparon postos e cargos importantes na España e na Galicia do momento; entre eles, don José Ramón Becerra y Llamas, que foi deputado nas Cortes de Cádiz de 1812, nas de 1834 e nas de 1841.

E aínda teño que referirme á Casa de Fontela, que acadou moita importancia nos últimos tempos da estrutura feudal en Navia, estrutura que sobreviviu ata ben entrado o século XX; na actualidade é a mellor conservada. E tamén hai a Casa do Palacio en Queizán, Palacio Vello e Palacio Novo en Son, a Casa da Torre en Vilarpandín; e outras "casas fortes" en Penamil, Virigo e, na propia vila de Navia, a Casa de Quindós, moi deteriorada xa. Contábame o meu vello amigo de Pin que os últimos caporais das casas de Quindós e de Becerra dirimiran un preito moi longo, que case os leva á ruína a ambos; creo lembrar que por mor do muíño de Penasinceira.

No tocante á arquitectura popular, e a pesar de que foron desaparecendo a case totalidade das pallozas, aínda quedan lugares e construcións de moito encanto. Un exemplo de aldea con gran personalidade é Coro, na parroquia de Rao. Pero moitas outras ofrecen enfoques espectaculares para calquera persoa avezada, ou iniciada. Os nosos hórreos de estilo asturiano (que para iso estamos na raia), as casas, as capelas, os muíños, os pombais, os pontigos, os cortíns, as ouriceiras, os carriles ou porteleiros das fincas, as paredes, as sebes… Perderse por elas, polas aldeas, cunha boa cámara, sos ou en compañía; cruzar regueiros, soutos, reboleiras, tesos, valgadas… Visitar castros, antas, restos de poboados primitivos, brañas, alzadas, penas de mouros de formas espectaculares e caprichosas, covas... resultará plenamente satisfactorio e engaiolante para quen decida facelo.

Mámoas, petróglifos e castros temos moitos, aínda que "a monte"… Di Xabier Moure Salgado que hai por riba de 30 castros documentados no noso concello; e que a maioría non son da Idade do Bronce, senón que foron utilizados polos romanos para o control da actividade mineira; e que, polo tanto, son de época romana, ou ocupados polos romanos. Polo seu emprazamento nunha insua no medio do río, gústame especialmente o de Embernallas, inexpugnable, a poucos quilómetros de Navia, río abaixo. Por falta de espazo, non me vou entreter neste capítulo; e porque, quen teña interese, atopará no *blogue* do infatigable Moure (*Patrimonio dos Ancares*) cumprida información. Tamén temos vestixios dun primitivo poboado entre Ribón e Moia, restos de asentamentos romanos en Santa Mariña e en A Recacha, preto do límite con Asturias, sepulturas medievais en Abrente e Molmeán, covas en As Penas de Frou (Figueira, no límite con A Fonsagrada), penas de mouros en diversos lugares (Penedo do Bispo e Penalufre en Navia, Penas de Murias en Murias de Rao…).

E quedaríame por falar das brañas e das alzadas… Que, que son as alzadas? Pois… como se dixésemos, os segundos asentamentos dalgúns *pueblos*. Alí, onde as montañas fan un descanso, normalmente por riba dos 1000 metros de altitude, aparece un terreo forte e, se está a herba, como hai frescura e humidade abondas, dá moi bo pasto e este, de cote, loce verde. Isto son as brañas. Pois, unha boa parte dos veciños de aldeas que tiñan unha braña próxima, sempre a máis altitude ca a propia

aldea, tiñan unhas segundas casas tipo pallozas nesas brañas. Pero, non as tiñan todos os veciños; normalmente, só as propiedades máis antigas do lugar. E eran casas moi rudimentarias, pensadas para serviren de cortes ao gando, principalmente; cunha primitiva lareira e algún catre para os pastores, non máis. Así, en chegando o bo tempo, a neve derretía e deixaba as brañas libres e ben enchoupadas de auga. Daquela, os veciños subían parte do gando para a braña, onde tiña moito que comer. E, ademais, sementaban parte das terras da braña, principalmente centeo, e quitaban moi boas colleitas. Despois, cando se aproximaban o inverno seguinte e a nova neve, baixaban de volta para o *pueblo* base o gando e as xentes que subiran á alzada. Xa que logo, estes "segundos" *pueblos* recibían, e reciben, o nome de alzadas. Alzada de Xestoso (Aigas), alzada de Vispeiro (Ventosa e Moia), alzada de Liñares (Moia), alzada de Estorneiro (Coruxedo e Moia), alzada de Vilarmundín (Coro e Faquís), alzada de Pandozarco… Esta última, a de Pandozarco, é a correspondente a Murias de Rao e está moi ben conservada. Inicialmente, estas casas, ou pallozas, eran circulares e tiñan a cubrición de palla; pero, ao longo do século pasado arderon parte delas en distintos momentos, polo lume ou por chispas, e, despois, refixéronas con forma rectangular e teitáronas de lousa; tamén hai algunhas teitadas de uralita. Na maioría dos casos, as alzadas foron quedando abandonadas aí polos anos 70/80 do século pasado. E incluso a de Pandozarco estivo a piques de sucumbir... Mais, a xente de Murias de Rao é especial, seino eu ben. A práctica totalidade dos mozos e das mozas de Murias emigraron camiño de Barcelona. E, en xeral, foilles ben; e moi ben, nalgúns casos. E como lle queren coma ninguén ao seu terrón, deulles por volver e amañar as casas a todo tren; mesmo fixeron algunhas novas. E, incluso, á maioría dos veciños deulles, tamén, por recuperar esas segundas casas de Pandozarco e convertelas en centros de reunión, de bo comer e de troula; especialmente para o verán, tempo de vacacións. As cortes convertéronse en grandes comedores; as lareiras, en fogares modernos e en cociñas e grellas nas que os costelares de cabrito, de xato ou de cocho collen a textura e o sabor óptimos. Viva a troula! Vivan as e os de Murias de Rao!



Alzada de Pandozarco… Un "pueblo vintage"

Si, si, os murianos e as murianas sonvos xente moi enraizada. E moi caprichosa. Tamén no cante e no baile son principais. Ata teñen un costume e un xeito de festexar moi seu. Falo das "Mañanitas". Estas xentes celebran o San Donato aló polo 7 e o 8 de agosto. Festa rachada! Pois ben, na noite do 7, a mocidade non se deita e, ao raiar o día do 8 ("As mañanitas"), acompañados dun gaiteiro, van mozos e mozas de casa en casa levantando a xente para que os acompañe nesa falcatruada de espertar a veciñanza. Despois de percorrer todas as casas, con copas, cafés, larpeiradas, e o que

cadre, incluídos, uns trasnoitadores van para a cama e outros… Outros van dereitiños para a misa; confesar os pecados, supoño.

E aínda celebraban tamén os reis e o entroido á súa maneira, con máscaras e mascaróns. Isto por toda a zona de Rao. Pero non me queda papel para contárvolo. Ben que o sinto. Mais, a quen lle guste o tema, gozará lendo os volumes I e II de *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, de Xosé Manuel González Reboredo, Joaquín Rodríguez Campos e Clodio González Pérez. Ora ben… non podo resistilo, teño que contarvos algo que me chamou moito a atención lendo estes libros. Eu xa sabía da existencia dos foxos do lobo noutros lugares; pero nunca escoitara falar de tal cousa por Navia. Pois parece ser que por aquí, entre Pandozarco e Balouta (León), tamén hai un localizado, só que lle chaman o *curral do lobo*. Unha alta parede circular que pecha un foxo cavado no chan, cun porteleiro por onde entrase o animal. Agora está cuberto de vexetación, pero a xente maior do lugar sabe del. E, se aínda hai un, é lóxico pensar que puido haber máis. Seica lle metían dentro un cordeiro ou un cabrito e, cando a fera entraba, trancábanlle e matábana a cantazos. Tamén tiñan un xeito de cazar o xabaril cunha ferramenta especial: o *venable*, unha especie de baioneta mangada nun pau coa que se agardaba o xabaril nun quello ou nun paso pechado polo que non puidese recuar. Pero facía falta un home moi afouto e moi forte…

Salto, xa que logo, o capítulo, case enteiro, referido a apuntes etnográficos. Mais, antes de rematar co feixe do patrimonio, quería determe un case nada no noso patrimonio inmaterial. Como todo pobo ou contorna, temos os nosos contos, as nosas lendas, as nosas cancións, os nosos dicires… Ás veces son manifestacións comúns ás doutros lugares, un case nada adaptadas. Tanto Antonio Reigosa coma Xabier Moure teñen recollida moitísima literatura de tradición oral da zona nas súas respectivas páxinas. Tamén o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do colexio de Navia fixo un traballo moi interesante sobre o tema. Só dous exemplos, a xeito de proba:

A Pena do Corvo

Na Pena do Corvo había un furado debaixo dunha ouriceira. Dicían que o lugar agochaba unha cociña de ouro. Ao chegar alí, había que dar cunha pucha ou cun pano e dicir: *"Toma a miña pobreza e dáme a túa riqueza"*. E, entón, abríase o chan e aparecía outro furado, onde se cavaba o ouro, ao que só tiñan acceso os veciños de Barcia. E, claro, había de pasar: xentes doutras aldeas veciñas, envexosas, armáronse un día con angazos e podóns para levar a cociña. Sabedores, os de Barcia agocháronse no lugar e, cando os ladróns encomezaron a cavar, berraron os de Barcia: *"Covardes,*



Na ouriceira había un furado… No furado había un tesouro… O tesouro era dun mouro…

baixade, que hai carne fresca". Os cobizosos asustáronse, tiraron as ferramentas e fuxiron ás alancadas. Os de Barcia saíron do escondedoiro e levaron para as súas casas todas as ferramentas que deixaran abandonadas os asaltantes.

(Lenda recollida polo ENL do CPI de Navia de Suarna)

Manuel e o lobo

A esta xoia deulle luz don José Rodríguez Santalla, gaiteiro natural de A Lagúa (Asturias). Ao parecer, hai moitos anos, había un gaiteiro de nome Manuel González na Lagúa, poboación lindeira coa parroquia de Marcelín (Navia de Suarna). Nunha ocasión, e xa moi entrada a noite, regresaba Manuel para a súa casa, camiñando polo monte, despois de tocar nunha festa en Marcelín. A medio camiño, parouse a facer un cigarro; mais, cando foi acendelo, a chama do misto alumou a varios lobos situados case ao seu carón. Os lobos, sorprendidos pola chama, recuaron un chisco. O gaiteiro, amedrentado, aproveitou para erguerse e liscar do lugar, acendendo un misto tras outro ata que se lle acabaron. Sen lume, os lobos axiña empezaron a xogar con el, tal e como fan estes animais coa xente. En plena fuxida, Manuel tivo que saltar un muro, mais, como era noite pecha, non calculou ben e caeu ao chan. E foi iso o que lle salvou a vida. Porque, ao caer, apertou por casualidade o fol da gaita e, aínda que case non quedaba aire dentro, o roncón fixo un ruído estraño que espantou un case nada os seus perseguidores. Manuel, que axiña se decatara da reacción dos lobos, pensou: *"Ai, si? Pois, se pola gaita é, de gaita heivos encher"*. Desta maneira, seguiu tocando o resto do camiño deica chegar á súa casa. Si, cóntase que os lobos lle teñen moito medo ao son da gaita.

(Do *blogue Patrimonio dos Ancares*, de Xabier Moure Salgado)

6. Dalgúns itinerarios posibles

Como non podo estenderme, só sinalarei tres posibilidades. Non obstante, son modificables e intercambiables. E tamén se poden complementar con outras que aparecen ben descritas na páxina web do concello. Isto non é máis ca unha referencia, despois, cada quen pode personalizalas ao seu gusto e en función do tempo dispoñible.

6.1. Pobra de Navia, Barcia, Navia

Todo andando (arredor de 5 quilómetros/3 horas). Podemos arrincar na mesma praza principal da vila, fixándonos ben na uniformidade da mesma, na proliferación de galerías e corredores, na singular construción modernista na que viviu e traballou Benedicto o Xastre e a súa familia (Casa Benedicto). A Praza é a mellor testemuña do



Un señor de altas miras… Mandou facer un castelo no alto dun penelo…




Palacios… Palafitos…E hórreos zancudos…

esplendor do comercio naviego noutrora. Ata mediados do século pasado, aproximadamente, no medio da praza aínda había algunha edificación, que, mesmo, facía de cárcere. E circula un dicir por Navia que asegura que, diante da negativa do seu dono a deixala tirar, xuntáronse un fatado de mozos e botárona abaixo unha noite.

E, adeus ao cárcere! Despois, antes de deixar a praza en dirección ao Chao da Torre, contemplar a cara sur do castelo, erguéndose maxestoso no pico da penedía que o sustenta e enaltece, meterse pola calella de Subcastelo e saír á rúa Curros Enríquez. Se estivesen, pedirlles a Mabel ou Javier para poder ver o interesante museo etnográfico privado que están montando no que fora o almacén de Xulio de Nicasio. Subir á Praza do Chao da Torre e fixarse ben no castelo e nalgunha casa que nela se atopa; en concreto, a casa do mesmo nome, Casa do Chao da Torre. Cruzar o río pola ponte medieval sen perder detalle, observar o hórreo que hai na baixada da ponte; din que é o que ten os pés máis altos do planeta. Tamén son singulares algunhas casas que están pegadas á pena, o que fai que no inverno escorra a auga polas paredes abaixo. Unha delas é a que se atopa de fronte, segundo se sae da ponte, a que foi ata non hai moito unha das cantinas máis típicas de Navia: O Burato. Pillar á esquerda e



Aínda quedan argolas para amarrar o futuro…



Os camiños da vida…

deixarse ir polo camiño de Forcois, fixándose ben na cara norte e noroeste da torre, e na ponte, claro. Continuamos e atopamos o antigo Muíño do Médico, edificio harmonioso e, no pasado, un muíño moi activo; aínda eu lembro arredor de vinte cabalerías agardando quenda para moer, todas aliñadas no portal anexo, portal do que só queda un cacho de manxadoira e un puñado de argolas. Seguiremos paralelos ao río ata chegar ao Banzado, ruinoso. E aínda podemos continuar o paseo dun medio quilómetro, aproximadamente, polo camiño de Forcois, un camiño que corre a par do río e vai á sombra dun túnel vexetal que o fai engaiolante. Noutro tempo tiña saída a Penasinceira, pero agora está cego e hai que volver sobre os propios pasos ata a ponte, deixala á dereita e chegar á estrada que vén da Fonsagrada, cruzar o río outra vez, agora pola ponte nova, e tirar á esquerda cara ás



San Miguel… Cantos pecados levarás perdoados?

Veigas. En chegando ao cuartel da garda civil, deixar a estrada e continuar por un carreiro que segue pegado ao río ata a área recreativa das Veigas.

Descansar un case nada nela e, de seguido, cruzar o pontigo de madeira (se segue en pé) que nos levará ata Barcia, a aldea máis regalada do concello. E, a uns escasos cen metros do río, encaramos a igrexa de San Miguel de Barcia, de ábsida románica e da que xa falamos. Fixándonos nas súas casas da costa, con requintadas galerías de madeira, e algunha da parte chá tamén, decatarémonos de que non nos atopamos nunha aldea calquera. Terra rica, de boas colleitas en xeral, terra de viño e de moita froita. En cruzando a ponte que salva o regueiro que baixa de Queizán, seguiremos a estrada que volve a Navia, pasando por Penalufre. Volveremos cruzar a ponte nova e tiramos á dereita pola avenida dos Ancares cara ao centro da vila. Podemos achegarnos á fonte, beber un papadiño de auga riquísima, volver á estrada que vén de Becerreá e seguir ata o barrio do Muxo dando un paseo con calma. Dende alí, baixar pola rúa Galicia outra vez en dirección á praza; pero, antes de chegar á mesma, xirar á esquerda, ganar a beira do río e descansar demorado na área recreativa do Alargo. E non marchar sen fixarse nas "casas colgantes" de Navia que quedan enriba da mencionada área de descanso, e nas ruínas do Banzado, vistas dende esta outra beira. Inmellorable sitio para ler un poemiña. Propóñovos este meu, que escribín de mozo e incluín en *Navia, nai* e en *Poemas de Amor en Outono*, polo que para min significa:

Navia

Un río. Un castelo. Unha ponte.
Uns fillos que sementan fillos lonxe.
Unha muralla de tesos acinchados.
Dous feridos de taberna nunha noite.
Unha praza. Un muíño. Unha fonte.
Unha copa de país no Buchinche.
Unha feira morrendo sen remedio.
Unha moza solteira por despiste.
Un borracho. Un afogado. Un folgazán.
Un cemiterio lóbrego en Penasinceira.
Unha paisaxe parda no setembro.

Unha paisaxe rexa en primavera.
Unha igrexa. Un cura. Unha campá.
Unha muller lavando no Alargo.
Unha troita collida no Curveira.
Un inverno longo coma un parto.
Unha viúva. Un vello. Un tolo.
Unha xeada amoreada vinte días.
Unha porta pechada ás once da mañá.
Un fatado de cans de romaría…
Un neno. Unha vaca. Un pranto.
Un pescador coa cesta ao lombo.
Un burro tirando dun arado.
Unha estrada retorta. Un paporroibo.
Un neno. Unha vaca. Un pranto.
Un encoro que ha de vir unha noite.
Uns veciños armados de berros.
Uns políticos decidindo dende lonxe.
Un neno. Unha vaca. Un pranto.
Un agora de vellos e de mortos.
De esquecemento e de abandono.
Un porvir negro como un corvo…
Un neno. Unha vaca. Un pranto.
Navia. Un pobo. O meu pobo.

6.2. Río abaixo…

Coche. Todo o día. Pódese levar xantar de campo ou facelo en A Tumbiadoira, que conta con dúas boas casas de comidas. Saímos de Navia pola LU-722 en dirección a Rao. Pasamos por As Veigas, A Garduñeira, superamos o río Mosa e, no canto de desviarnos á dereita camiño de Rao, seguimos río abaixo, buscando Asturias. Cruzamos o río de Rao, mesmo na súa desembocadura, e comezamos a subir cara a Embernallas. Á altura desta aldea, podemos baixar por un camiño de terra moi pendente para ver o castro do mesmo nome, que está nunha



No medio do río, unha insua… No medio da insua, un castro…

especie de insua, no medio do río Navia. Alí, ao pé do río, sentar un case nada nunha pedra ou nun madeiro para coller folgos e para poder vencer a costa que nos agarda. E ler o poema *Os segredos do Navia* de Eva Méndez do Roxo, que naceu no Tabillón, preto de Embernallas; poema xa recollido páxinas atrás. Despois, botámoslle peito, subimos a esixente costa, collemos o coche outra vez e seguimos ruta. E chegamos á Ribeira, última aldea do concello de Navia, terra de bo viño e mellor augardente. Ao longo de todo este percorrido podiamos ir vendo a fita do río serpeando polo fondo dun angosto canón; agora, o monte alto, os amieiros e os piñeiros non deixan ver, a penas, o culebrear da auga correndo polo fondo da uve. Pero si se divisan na aba de enfronte unha ringleira de aldeas, case comidas pola natureza, que parece que van caer ao río en calquera momento. Despois de A Ribeira, pasaremos por Barca, xa en Asturias, e desviarémonos á esquerda para baixar ata o Navia, cruzar a ponte, coñecida popularmente como "Chinchorio", e comezar a ascender por unha estrada moi revirada e estreita, que demanda oficio e concentración. E así chegaremos a Valdeferreiros, despois de deixar atrás A Muria. En Valdeferreiros poderemos poñer un pé en Galicia e outro en Asturias. Dende aquí, seguir a estrada que nos leva a Louxas (LU-P-3506), atravesar a estrada Navia-A Fonsagrada e seguir pola LU-P-0708 ata atopar o desvío de Figueira, á esquerda, que nos conducirá, despois, a Cabanela. Neste contorno atoparemos puntos de interese en Cabanela (castros de Cantón e Cabanela, e igrexa), Freixeiro (mámoas de Peredelo), Monterrío (castro), Ferreirúas (anta), Restelo (mámoas). Dende Restelo, pillar a estrada que baixa a Navia e deterse en Vilargüide (pallozas) e Galegos (palacios de Arriba, de Abaixo e igrexa). Algo antes de chegar a Navia, xirar á dereita e baixar ata o cemiterio e subir á gasolineira; alí, coller á dereita pola LU-722 e seguir por ela uns 6 quilómetros e desviarse á esquerda para coller cara a Robledo de Son (LU-P-3512). Despois de pasar Robledo, pillar unha pista asfaltada á dereita que nos leva ata as Casas do Río para ver un castro que se atopa nunha pequena península que forma o río Ser. Volver á LU-P- 3512, e seguir á dereita cara a Arcón, Son e Silvouta. Pero, antes de chegar a Silvouta, desviarse á esquerda para ir ver o castro de Folgueiras. Volver á LU-P-3512, que leva a Silvouta, onde se pode ver unha ouriceira moi ben conservada, preguntando por ela. E alí, ao pé da ouriceira, pode ser un lugar ideal para ler uns versos de Beatriz Dourado; pois aquí, en Silvouta, escoitoulle de nena mil e unha historias engaiolantes á súa avoa; feito que ela sinala como determinante na súa vocación de escritora. Beatriz, filla de emigrantes, naceu e medrou en Barcelona. Pero viña de vacacións nos veráns, e, xa muller, volveu á terra nai e aquí quedou. E, das súas entrañas, e da súa comuñón coa terra nai, sáenlle versos tan fondos coma os que seguen:

volver (a Navia)

eu serei
como queiras debuxarme
entre a túa carqueixa insubmisa
non somos acaso
seres de vida efémera?
mudar de pel, voar
e volver a ti

os nomes das casas

os nomes das casas
soterran baixo pedra húmida
a vontade de sermos
[casa do ferreiro
casa do xastre
casa do crego]
viñemos ocupar o espazo
delimitado polo cable do pastor
... e ti por que levas as pernas
rabuñadas polas silvas?



Os nomes das casas… Casa da Obra, Casa de Nelín, Casa do Ferreiro, Casa de Quiñones, Casa de Pandelo…

E non só versos, porque Beatriz Dourado tamén escribe narrativa; unha narrativa chea de compromiso e de talento; talento xa premiado en diversas ocasións. Un exemplo son estas liñas do seu relato titulado *Naviadela*:

> *No luscofusco da Suarna, instalábase sempre xunto á cabana, chovese ou nevase, unha curuxa de enormes proporcións cor cinsenta. Adela dicíame entre gargalladas que eran os ollos do Comandante Che Guevara, xogando de novo ás metáforas. A continuación, mudaba a súa face cunha expresión taciturna, e confesaba que xa dende nena tiña medo á*

escuridade. Porén, se de algo estaba segura, era de que o avó Ernesto nunca deixaría de velar por ela.

Adela era tan guerrilleira coma el. Mais tocoulle batallar na vida contra homes que a desprezaron, humillaron, deixándoa ferida de guerra por sempre…

Despois destas tan reconfortantes lecturas, podemos preguntar por unha ouriceira moi ben conservada que hai en Silvouta e visitala. E, máis despois, seguimos camiño.. Deixamos Silvouta e pillamos á esquerda cara a Vilaverde pola LU-P-3503, onde se atopa a maior explotación gandeira de carne do noso concello; é frecuente poder avistar o gando pacendo nas proximidades da estrada, con xatos de todas as idades e tamaños. Dende a capela dos Remedios de Vilaverde vese moi ben a serra dos Ancares ao lonxe, maxestosa. E, xa, antes de chegar de novo a Navia, haberá que pasar por Seón e por Freixís. Aquí, en Freixís, desviándonos á esquerda uns escasos cen metros pola pista que vai a Vilameixide, a miña querida aldea, poderemos atopar as ruínas do que foi un dos principais palacios do concello de Navia: o palacio de Freixís. Volta a Navia. Feliz descanso!



Eses animais que tiraron de Galicia séculos…
No tempo das vacas gordas…

6.3. Montaña arriba…

Coche. Todo o día e só é factible percorrelo enteiro nos días longos do ano. Xantar en Piornedo ou Balouta; ou levar feito. Saíndo de Navia polo caduco Campo da Feira, coller dirección Vilarpandín (igrexa e Casa da Torre). Seguimos ata Virigo (Palacio de Virigo) e, despois, Acevedo. Continuamos ata a Campa de Labiadas, onde nos incorporamos á LU-P-3505, que nos levará ata Piornedo. Contábame meu pai cando eu era neno que esta Campa de Labiadas era un lugar onde se xuntaban moitos lobos; algo así como o campo da festa dos lobos. Entraremos, polo tanto, nas terras do veciño concello de Cervantes. Pero todas estas aldeas lindeiras teñen un estreito vínculo, comercial e social, con Navia; xa que logo, pareceume axeitado incluílas nesta excursión. En moi pouco tempo, atoparemos o indicador de Vilaquinte á dereita; pódese visitar esta aldea, incluso parar para ver a Casa do Crego, un exemplo de restauración enxebre e moi creativa. Inmellorable lugar para lembrar os entrañables Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, autores de *Morrer en Vilaquinte*; aínda que este Vilaquinte real non ten nada que ver co da ficción, a escolla do nome non foi casual; porque Helena foi mestra en Vilaver, do outro lado do río Ser, aló polo 1960. Feito do que deixa constancia no seguinte texto, que me prestou xenerosa e que aparecerá no capítulo "*Abrindo as ás*" das súas memorias:

> *Aproveitando os días grandes, un domingo baixei andando desde Vilaver cos veciños que levaban un xato á feira de Navia. Ía repasando os nomes que sabía daquelas aldeas, como Vilaquinte ou Ballo, e crucei o río que nomeaba meu pai: o Ser. Non tiven tempo de averiguar se inda vivía en Vilaquinte a enorme nogueira negra que valía unha fortuna e ningún madeireiro se atrevera a comprar porque non habería xeito de lle sacar as toradas ata a estrada, tal era a incomunicación. Eu desexaba coñecer a vila á que meu pai ía de neno desde Becerreá acompañando ao seu para venderen nas feiras roupa feita transportada en burro alugado e, xa de mozo, para facer os bailes co acordeón. E sabía sen chegar o nome das fondas, dos cafés e de moitos dos seus amigos. Por fin atopei unha vila moi vital que lucía sen nostalxias do tempo ido o castelo e a ponte. Pero hoxe creo que ten señardade daquelas feiras e da poboación que se esvaeceu en toda a rodeada.*



Onde o tempo escribiu as súas memorias…

Volvemos á estrada xeral que traïamos e imos subindo ata Corneantes. E pasaremos diante dunha capeliña, cunha porta máis axeitada aos ananos que para xente do común. Seguiremos por baixo de Moreira e cruzaremos o regueiro que descende de Suárbol. E, en nada, atoparémonos no cruce coa LU-P-1401; collendo á esquerda, chegaremos a Piornedo. Este poboado prerromano ben merece

Car. All day long and it is only possible to complete this route in one day on the longest days of the year. Eat for lunch in Piornedo or Balouta or bring a picnic. Leaving Navia through the Campo da Feira, take the road to Vilarpandín (church and Casa da Torre). Go on towards Virigo (Palacio de Virigo) and then Acevedo. Go on until the Campa de Labiadas, and there we take the LU-P-3505, which will take us to Piornedo. When I was a child, my father used to tell me that Campa de Labiadas used to be a meeting place for wolves, like a party esplanade for wolves. We go into the territory of the municipality of Cervantes. All of these hamlets have a close commercial and social link to Navia, so I thought it was appropriate to include them in this excursion. Shortly afterward, we find the sign to Vilaquinte on the right; we can visit this hamlet and see

the Casa do Crego, an example of traditional, creative restoration. This is the perfect place to remember Helena Villar Janeiro and Xesús Rábade Paredes, the authors of *Morrer en Vilaquinte*. Although the real Vilaquinte has little to do with the fictional one, the choice of name was not casual, because Helena used to teach in Vilaver, on the other side of the river Ser, towards 1960. This is obvious in the following passage that she generously allowed me to reprint – from the chapter "Opening my wings" of her memoir:

> *When the days grew longer, one Sunday I walked from Vilaver with some locals who were taking a calf to the Navia fair. I was going through the names I knew of those hamlets, such as Vilaquinte ou Ballo, and I crossed the river that my father mentioned: the Ser. I didn't have time to find out whether it still stood in Vilaquinte the giant black chestnut tree which was worth a fortune and which no one had dared buying, because it would be impossible to carry the wood to the road – such was the isolation. I wished to know the hamlet my father went to as a child from Becerreá with his own father to sell clothes that they carried on a rented donkey; as a young man, he used to go there too to play the accordion at the balls. Even before I arrived, I knew the names of the inns, the cafés and several of his friends. I finally found a very lively town which boasted its castle and bridge without nostalgia of times past. But today I think it is nostalgic of those fairs and the population that left.*

We go back to the main road and keep going up until Corneantes. We will walk past a small chapel, with a door more appropriate to dwarves than to average-



Where time wrote his memoir...

heighted people. We will continue walking below Moreira and cross the stream that

comes from Suárbol. We will shortly arrive at the crossing with the LU-P-1401; we take the left and arrive at Piornedo. This pre-Roman settlement deserves a long visit. It is at the feet of the Mustallar and Penalonga, some 1100 metres high, and has a number of *pallozas* (one of which hosts a very interesting museum), barns, chapel, fountains, fences... all very appealing. It also has several hospitality establishments, as well as two very old yews. After the visit to Piornedo, we continue along the road to León; we leave Suárbol to our left in a small valley (if we have enough time, it is worth a visit) and, after a few kilometres along a difficult road, we arrive at the Cruz da Cespedosa, again in the municipality of Navia. We take the LE-712 and go up to the Porto dos Ancares, the highest point of the municipality (1650 m) and the starting point of the hiking routes of the Cuíña and Miravalles. The views are impressive here: the valley of Ancares, with Ponferrada and O Teleno in the distance; a balcony to the valley of Balouta, Becerreá far away, also A Fonsagrada, Pico Surcio on the border with Asturias... It is a good idea to go to the balcony of Balouta and recite the ancestral verses of the poet from O Courel, or just to say them to one self, after begging him to change the place names in his writing:

Ancares with rigid peaks looking at the distance!
One understands here how small a man is.

After this poetic prayer, we can go down knowing we've done the right thing. We have two options: A) To go down to Balouta and visit this beautiful hamlet, half Galician and half Leonese, with *pallozas* with roofs of hay, like Piornedo, and to return after that to the Cruz da Cespedosa and take the road which goes down to Pandozarco. B) To not visit Balouta and, at the Cruz da Cespedosa, take the road between the road which comes from Piornedo and the LE-712 which goes to Balouta. We can make a decision according to how much time we have available or how hungry we are. During the visit to Balouta (where there are good eateries), or even if we don't visit it, we head towards Pandozarco, a very well-preserved *alzada* that I have already discussed, with extraordinary views. We go down the narrow road on which Froom, Contador, Purito, Valverde and others fought for victory during the cycling tour of Spain. We will find the most photographed *cortín* in the area on a meadow almost on a slope, to our left, on the lower side of the path; to the right, the majestic Pena de Murias. We arrive at Murias de Rao going back to the road LU-P-3508 which comes from Balouta. We keep going down and we walk past the "chestnut of the crosses", but we won't be able to see it, because it's on the old road. We then arrive at the bridge which crosses Balouta's river; there stood here a blacksmiths manufacturing the pots of Rao. After the bridge, to our right, just above the road, there is another circular *cortín,* restored not along, and there are others on the plot opposite. Later on we find Robledo, which writer Xurxo Borrazás, from Carballo, visited some years ago. And he must have liked the place, because his novel *Ser ou non* is set in this place. Xurxo's narrator says:


I came to A Pena because I was told no one would be there. As simply as that. There are thousand of places to visit…

The hamlet of A Pena, on the borders of Galiza, Asturias and León, is formed by twenty-odd buildings on the sides of a hill crowned by a rock. "I

will crumble any day!," threatens the rock. "When you least expect it, I will slip, and – sod off! …

I am now the only dweller and it is appealing to imagine that through these lanes and streets hundreds of people used to walk, large families lived, children used to jump, red faces and thin bodies, tanned hands and mouths without teeth, couples rushedly making love among the bushes, carts burdened with grass shrieking with a wet shaft, fresh, smoking shit, bagpipes and tambourines enlivening the summer evenings. It is appealing because all of this has now disappeared…

We go on and drive on the LU-P-3502. If we have time, Rao and the church of St Mary, on the right, is worth a visit. There are also rural houses which hint at their past splendour and very old chestnut trees of capricious shapes in the square, next to the church. It is believed that a member of the Bierzo guerrilla was buried in the old cemetery of Rao, but, when the members of the ARMH wanted to uncover his remains, the inhabitants of Rao opposed it. Just things that happen... We leave Rao behind and take the LU-P-3502 road heading to Navia. WE cross the Murias-Balouta river and after a few yards there is a deviation to the left which takes us to Coro, a hamlet with a strong personality; there is a humble chapel here which is worth visiting.



To paraphrase Uxío Novoneyra:
"Ancares with its rigid peaks looking in the distance!
Here it can be felt how small a man is".

We then drive to Faquís and, after that, I recommend you stop and admire the extraordinary views of the Valley of Rao and the abyssal gorges. If we look carefully,

we will be able to see the *cortíns* on the sides of the mountain, in the most unexpected places. We keep going up and see more precipices and hamlets (sometimes just one house or two: Meda, Asar, Prebello, Trabadelo…) lost in the middle of the immensity of the lost mountains. Impressive! Asturias on the right, in the depth of the mountains, one after each other like angry waves in the sea. A small descent until the stream of Riamonte, then up again and down without interruptions until the LU-722. At the beginning of this final descent we see Folgueiras de Aigas, then the *castro* of Larxentes and finally Muñís (*pallozas,* chapel and traditional houses). Before we get to the shores of the Navia, we leave the house of Fontela to the right, a well-kept "large house" or manor. After we get to the LU-722, we turn to the right towards Navia and after three kilometres... a well-earned rest!

7. About a possible dream

The future needs to be written. I am going to write my dream. Just in case it might become the future. It is not a sin to daydream. And without dreams, the future does not exist. I dream of a living Navia. Different, but alive. It is difficult to imagine that many boys and girls will run in our hamlets in the future, as used to be the case half a century ago. I would be happy if a few settlements didn't die down. I would be happy if some young couples chose to live in these lands with dignity, in the places offering the best living conditions. Farms offering the best-tasting meat. Affordable, well-organized farms run cooperatively, by a community or a family guaranteeing a good life to its workers. When I was a child, most families had sheep and goats. The mountains were "domesticated" by work. Now everything is a jungle. I think this could be a good option for some families, because the mountain is large enough to maintain many sheep and goats. A perfect symbiosis. And, as a complement, well-managed forestry companies. The rationalization of the mountain. Good transport and services. Public, good-quality healthcare and education. And humane care for the elderly, who should live in their environment and surrounded by their own people. Recovery and promotion of collective heritage: pathways, mills, *ouriceiras, paredes, alzadas, cortíns… mámoas, castros, penedos*… barns, churches, chapels…

This would guarantee the future of the Puebla, the village. Without hamlets, there's no village. A state school and health centre, both well-equipped and staffed. There's no excuse. A day centre for senior citizens! Recovery of the historical and natural heritage. I dream with a people's castle, restored and functional. It could host the municipal offices and an auditorium tailored to the needs of the community, a multi-purpose space and another space for an ethnographic and archaeological museum. In which concerns touristic promotion, apart from what I have already said, a riverside route connecting Navia with As Veigas, then Barcia, back to Navia through Penalufre, the way of Forcois, then Penasinceira, back by the cemetery, through Vales de Abaixo and ending in O Banzado. Recovery of the well of Suspenas, now covered with debris, stones and sand, while in the past it was an amazing natural pool. A seasonal riverside beach in the island in the middle of the river, with a wooden bridge to get there. Recovery of the Muíño do Médico and its dyke. Technical appraisal of the House of Benedicto and a democratic decision from the neighbours as to what to do

with it. Well-signposted and maintained walking routes. A route connecting O Muxo to Pucarín, Penedo do Bispo, Curveira, Vistalegre, A Sendiñela, Penedo da Forca, Vilarantón, A Garduñeira, As Veigas, Barcia, Grandela, Trigal, Galegos, Vilargüide, Paradela, Mazaira, Vilagoncide, Pin de Arriba, Pin de Abaixo, Penaseinceira, Maseiriños and Navia. And so many in all of the municipality. Cultural activities (music, literature, theatre, painting...) and sports activities to make it possible for people to come and get to know Navia. Recovery, as far as possible, of fairs, maybe organizing them around themes. Well-informed, well-trained hospitality businesses so that they can offer local cuisine with personality and quality. An example which makes me incredibly angry: to serve industrial produce at breakfast even though we have the delicious walnut and raisin bread to offer the world…

Anyway… This is the dream of a pathological dreamer…

8. And as a farewell

Bridge of Navia, don't fall down

Bridge of Navia, don't fall down,
stay straight,
because through you
the woman I will marry will cross…
Bridge of Navia, don't fall down,
stay straight.

(Popular)

She comes to the fountain for water
very early in the morning;
to the fountain of San Queitano
to find me...
Bridge of Navia, don't fall down,
stay straight.

I am waiting for her
on this side of the river.
I am waiting for her
to give her my love…
Bridge of Navia, don't fall down,
stay straight.

Tell her not to be late,
without her eyes I cannot live;
tell her not to be late
if she wants to marry me…
Bridge of Navia, don't fall down,

stay straight.

Bridge of Navia, don't fall down,
stay straight;
because through you the woman I will marry
will cross…
Bridge of Navia, don't fall down,
stay straight.



Bridge of Navia, don't fall down... stay still...

So, see you soon... if anyone knows a better song, please sing it!

Acknowledgements

Informers

Antón L. Santamarina
Armando Requeixo
Belén de Teodoro
Elda Gómez Fernández
Emma de Vilaquinte
Gonzalo da Casa de Cardela
José Fernández (mayor of Navia)
Juan de Vilagoncide
Julín do Zarabeto
Manolo de Barreiro de Vilaquinte
Manolo de Marica
Manuel do Souto de Vilameixide
Marcos Seixo
Mario de Couso
Moncho de Liñares
Olimpia López Rodríguez
Paco do Médico (former mayor of Navia)
Suso de Muñís
Tino de Féliz
Veiguiña
Xabier Moure
Xosé Manuel González Reboredo

Literary collaborations

Antonio Reigosa
Ánxela Gracián
Armando Requeixo
Beatriz Dourado
Constantino Bértolo Cadenas
Darío Xoán Cabana
Eva Xanim
Eva Méndez Do Roxo
Helena Villar Janeiro
Isidro Novo
Xesús Alonso Montero
Xurxo Borrazás

Special collaborations

Laura Cereijido (for the translation from French to Galician of the text making reference to the passing of Napoleon's troops through Navia).
Mabel and Javier from Casa de Julio de Nicasio (ethnographic family museum).
Dolores G. Ron (for her own photograph of Navia under the mist with snow-covered Ancares in the background).

Special thanks

TO CHRISTIAN VILLAMIDE, the generous author of most of the photographs in this piece.

Bibliography

AMOR MEILÁN, MANUEL: *Geografía General del Reino de Galicia* (Provincia de Lugo, Tomo IV). Casa Editorial Alberto Martín.
AAVV: Internet
CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA: Website.
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO CPI PLURILINGÜE DE NAVIA DE SUARNA: *Palabras de Noso* (Léxico patrimonial da comarca dos Ancares e da súa contorna).
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RUTH: *A provincia de Lugo na obra xornalística en castelán de Ánxel Fole*. Deputación Provincial de Lugo.
GARCÍA FERNÁNDEZ-ALBALAT, BLANCA: *Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas.*
GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares,* Vol. II. Deputación Provincial de Lugo.
GONZÁLEZ REBOREDO, J. MANUEL / RODRÍGUEZ CAMPOS, JOAQUÍN: *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares,* Vol. 1. Deputación Provincial de Lugo.
LÓPEZ FERNÁNDEZ, ENRIQUE: *Patrimonio artístico-monumental de Navia de Suarna*. (Suplemento del nº 39 del Boletín Informativo Lucus). Deputación Provincial de Lugo.
MOURE SALGADO, XABIER: *Colectivo Patrimonio dos Ancares* (Blogue).
REIGOSA CARREIRAS, ANTONIO: *Galicia Encantada* (Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia). Website.
SEVILLA RODRÍGUEZ, MARTÍN: *La toponimia asturiana de origen europeo prelatino.*
RODRÍGUEZ LÓPEZ, MANUEL: *Viaxes con Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
WALTER EBELING: *A Terra e os homes*. Deputación Provincial de Lugo.
YEBRA DE ARES, ANTONIO BENITO: *Pazos y señoríos de la Provincia de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo.

De Navia ó ceu

Toño Núñez

Christian Villamide, fotografía

Acceda aquí ás versións en


Castellano English Galego

Unha iniciativa da

asociación de escritoras escritores en lingua galega

A elaboración do texto, rematada en outubro de 2017, e as súas traducións, xeorreferenciación e subida á sección O Territorio do/ Escritor/a da web da AELG www.aelg.gal foi posíbel grazas ao convenio de 2017 coa Deputación Provincial de Lugo.

DEPUTACIÓN DE LUGO


DE NAVIA AO CEO
Texto
TOÑO NÚÑEZ
Fotografía
Christian Villamide


Estas humildes chorimas,
estas floriñas montesías da memoria,
para as floriñas da miña vida:
Juncal, Violeta e Antía

Aclaraciois previas

Comezarei por confesar que a decisión de escribir este traballo en "galego naviego" foi unha teima persoal. Nesto son algo ben calamoucho. Cuando escribo de Navia, por Navia e pre Navia, paréceme o máis acaído. Porque considero que é pertinente e coherente facelo así, dados os trazos específicos que concorren na fala da nosa contorna. A nosa fala é unha parte importante da nosa esencia e, sendo eu naviego e téndoal mamado de neno, entendo que non debo, nin quero, renunciar a este legado que recibín dos meus familiares e veciños maiores. Ora ben, unha cousa son as intenciois, as ideas, e outra a concreción das mesmas. De principio, mesmo pensei en que debería ser a escolla lingüística, referida ó galego, pra publicación deste exercicio literario. Pero logo me fixeron ver dende a Asociación de Escritores en Lingua Galega que este texto ía dirixido a cualquera lectora ou lector coñecedor do galego estándar, e que publicalo en galego naviego podería dar pé a certa confusión, cuando non a unha comprensión parcial. E esto levoume á reflexión.

A segunda confesión que debo facer é a de que a miña formación filolóxica é elemental. Unhos mínimos coñecementos de lingüística histórica e de evolución lingüística impídenme ter un criterio consistente e fiable. Xa que logo, a intención, sendo boa, ta condicionada pola deficiente formación.

Por outra parte, atopeime con algunhas dificultades engadidas que non tuvera en conta antes de poñerme á tarefa. Xa cuando escribín *Navia, nai* me ocorrera o mesmo. A primeira delas é a diversidade léxica e, incluso, morfolóxica. Outramente, a enorme vacilación vocálica e os castelanismos, que inciaron a esgalla, dificultan muito a escolla. Pero aínda hai máis. O galego naviego de Murias de Rau difire do de Murias do Camín, poñamos por caso. Claro, muitas aldeas de Navia tan na raia con Asturias ou con León, ou con Asturias e León; e xa sabemos o que ocorre cas zonas con interferencias lingüísticas. E, aínda, outra complicación: o galego naviego que lles escoitei ós meus pais xa non é o mesmo que o que falaba a miña avoa. Despois, o estudo do galego estándar no sistema educativo, e o emprego do mesmo en diferentes canles de comunicación e de formación cultural, ta tendo consecuencias indubidables nas xeneracios máis novas. E a enorme mobilidade da poboación que caracteriza o presente, incide, igualmente, na complexidade da nosa realidade lingüística actual. Mais, por se todo esto fose pouco, o meu galego "de leite" ta mui contaminado xa; os muitos anos vivindo fóra de Navia e a miña profesión foron acubillando, en boa medida, o meu galego da infancia-adolescencia.

Despois de darlle voltas ó rodicio, decidín optar pola diversidade (como xa fixera en *Navia, nai*) e renunciar á coherencia. Porque me parece, acertada ou trabucadamente, que é importante, neste momento, recoller a diversidade. Xa virá alguén con máis formación e criterio ca min que afonde e mellore este mapa lingüístico, quizás nun traballo específico sobre o tema. Así, tratei de guardar unha mínima coherencia apartado por apartado, non máis. Espero non ter cometido ningunha aberración lingüística.

DE NAVIA Ó CEU

No devalo do século pasado, no remate do conto *O soño de Ánxela* (Everest Galicia, 1999) escribín o seguinte texto:

> *Hai xa un mangado de anos fun cativo como vosoutros. Crieime nunha aldea de Navia de Suarna, nunha aldea perdida entre tesos, ó pé das montañas dos Ancares. Eilí medrei arrodeado de animales e de natureza.*
>
> *Daqueles anos en Vilameixide guardo muitos recordos: Os contos da avoa Carme a son da lareira nas longas e frías noites de outono e de inverno mentres cociamos a caldeira pros cochos, as primeiras zreixas de maio, o cantar dos carros volvendo pras casas cargados de herba seca nas cálidas e estreladas noites de vrau, o arrecendo das mazás no madureiro…*
>
> *Os recordos son como pombiñas brancas que aniñan na nosa memoria… E cuantos máis anos lle imos ganando á vida, máis pombas imos coleccionando. No meu pombal xa teño ben delas. Algún día ensinaréivolas…*

Pois ben, xa que a AELG me concedeu esta honra, como a xente de lei, eu quero pagar as débedas contraídas. Foi chegado, pois, o día de botar as pombas a voar.

1. O riu que me leva

O riu que me leva, nos leva, é o Navia, o riu que fai de eixe da vida do concello de Navia de Suarna de SO a NE. O seu nacemento localízase na fonte da Pedriña, non lonxe de O Cebreiro; máis concretamente, en Busnullán, concello de As Nogais. E despois de recoller augas das terras dos concellos de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna (atravesando polo medio a súa capitalidade), Fonsagrada e Negueira de Muñiz, entra nas veciñas terras de Asturias (mesmo fai de fronteira natural nalgunhos tramos) e vaise entregar ó Cantábrico; non sen antes descansar e recrearse na ría de Navia, da Navia asturiana: Navia de Luarca. Descanso máis ca merecido, pois o seu leito espétase no fondo de encaixados e estreitos vales; e as súas augas moen e remoen, roen, furan e vencen mil e un montes, tesos, petoutos e penoas pre poder abrirse camín cara ó mar. Un camín de arredor de 150 quilómetros, contando afluentes.

Respecto da orixe e do significado do seu nome, non hai coincidencia, pois os estudosos atopan distintas soluciois. Martín Sevilla Rodríguez afirma no seu estudo *La toponimia asturiana de origen indoeuropeo prelatino* que o nome do riu deriva do vocábulo indoeuropeo *naus*, que significa "barco". Ó riu chamaríanlle *Nawia* nunha lingua indoeuropea falada na zona en tempos bastante remotos, ó tratarse dun riu navegable. Posteriormente, ca romanización, evolucionaría á forma Navia actual. Outra solución bastante aceptada apunta a posibilidade de que o lugar lle deba o seu nome á deusa Navia, que na mitoloxía galaico-lusitana era a deusa das augas e dos rius. Nesta mesma liña, Xabier Moure Salgado recolle no seu blogue *Patrimonio da comarca dos Ancares* o seguinte: “Navia viría da partícula prerromana *nav* (depresión, concavidade do terreo). En Galiza está amplamente documentada na epigrafía a deusa prerromana Navia. Pre Blanca García Fernández-Albalat, no seu traballo *Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas* (1990), sería unha divindade que facilitaría o paso ó Máis Alá a través da auga”.

Se o riu de Navia levase coñac
todos os borrachos iriamos alá…
Iriamos alá, iriamos alá…
Se o riu de Navia levase coñac…

Non, o riu de Navia non leva coñac. Leva augas prístinas e níveas que baixan bulideiras, cantareiras, engaiolantes e verdadeiras dos cumes e das abas dos Ancares.



O riu que me leva… O riu que nos leva…

O riu Navia leva brincos de truita e laios de desespero. O desespero dunhas aldeas, dunhos lugares, dunhas lareiras que morren de soidade. E de desleixo…

E choran as carpanzas, e choran as xestas, e choran os amieiros… E choran as ablairas, e choran os pumares, e choran as zreixales e os garcieiros… As fulgueiras, os xardois, os érbedos, os boxes, os biouteiros…

E choran os cais, os xatos, as ras, os esgónzaros, os bizolos, as sapagueiras… Eilí, onde as terras estremeiras e orientales de Galicia se dan a mau cas de Asturias e León, choran e adoecen de nostalxia e de perdas as poucas vellas e vellos que quedan. U-los nenos e as nenas? As mozas, os mozos, as polavilas, as mallegas…?

E choran os carros, os adrales, os fueiros, os xugos, as grades, as airas, os vincallos, os viortos, os marrotos, os velairos e as medas… As incres, as brosas, os gadaños, as pancas, os podois, os fouzos, as petas e os runqueiros…

Ai… aquela Navia que eu lembro…

Mais, pre vir a Navia non é necesario, nin recomendable, que o riu rei leve coñac… O noso riu leva o que ten que levar: auga! No tempo en que o chamado progreso mudou os rius en correntes de xurro (vaia progreso!), o riu Navia aínda goza de bastante boa saúde. Porque nace na cerna dunha terra brava e vai aleitándose e medrando coa achega de fontes, córragos, regos, rigueiras, rigueiros, seimeiras e rius pequenos de augas puras e frescas; augas que escorren inquedas, brincadeiras e

cantareiras á procura de acougo no colo do pai Navia. Tamén a chuvia que deitan as nubes no lombo das montañas, dos tesos, das chaulas e das campas dos Ancares vai arrexuntándose e atopando acollemento no leito que aloumiña os vales cara a esa grande chaira líquida chamada mar. E, en chegando a primavera, daquela, cuando o tempo amaina e se volve amable, os cumes, os montes e os tesos van espíndose do seu mantelo branco, que se esfarela inocente e impotente diante das caricias sedutoras das primeiras raiolas de sol, que van quentando a cada día con máis decisión.

Ora ben, a saúde é relativa. Un riu que noutrora rebentaba de vida e daba salmois, anguías, mexillois, caranguexos e truitas a esgalla, dende hai anos, foise murchando… Os encoros da treboada franquista interpuxéronse na remontada dos salmois riu arriba. As anguías, os mexillois e os caranguexos foron minguando ata desapareceren. As truitas… Ulas? Manaia sexa o progreso que vai deixando ás súas costas un rastro fedorento e asasino… Dende a ignorancia e a humildade, a un parécelle que o progreso había ser outra cousa. Ai… o home, ese animal racional… Ese animal racional interesado… Quen esto escribe debe ser un dos poucos nativos que non empuñou endexamais unha cana; nin de neno, nin de rapazolo, nin de mozo. Agora que vou pre vello, aínda que quixese, non me pagaría a pena tentalo. Porque nas augas do Navia, coma nas de tantos outros rius, xa case non quedan truitas; tan só unha que outra. Inciaron as bogas. Doinme as tripas ó dicilo. Lembro cuando era novo e, antes de gadañar os prados, se cortaba a auga das presas; por pequenas que fosen, sempre quedaba unha fuente ou dúas de truitas na canle. Pasear á beira do riu, onde os banzados amansaban as augas, era un espectáculo: centos de truitas bulían, rebulían e choutaban incansables pre degoiro dos nosos ávidos ollos. En cualquer pocín de cualquer rigueiro podías pillar unha cambada de truitas á mau, cunha nasoira ou cun espeto de madeira. E, na maioría das casas das aldeas ribeirás, e nas da mesma vila, había redes… No museo de Grandas de Salime (Asturias) contan cunha boa mostra delas. Redar era algo cotiá. Ata se pescaba ás agachadas fóra de tempo e sen permiso ningún; sei de quen se atrevía a facelo poñendo un saco pola cabeza; só había que facerlle dous furados na parte superior pre ver; desta maneira, o guardarrius, ou a guarda civil, non identificaban o furtivo, que fuxía cuando se sabía vixiado ou sentía que se lle aproximaban. O riu pai e os rius fillos daban truitas a sacos. Cantidade e calidade; porque as truitas do Navia tiñan sona internacional. Por eso viñan eiquí, pescar ó Navia, pescadores de toda Galicia, de León, de Asturias, de Madrid… E, aínda, de Portugal.

Agora… Vaiche boa… Levo escuitadas diferentes e "científicas" teorías sobre a desaparición das truitas no noso riu. Que se o *purín*, que se as obras da autovía, que se a sombra dos amieiros, que se o aumento da temperatura da auga… Certamente, e malia a praga que padeceron os amieiros estes últimos anos, o riu, na actualidade, corre enteiramente asombrado por un túnel vexetal, que medrou vicioso e descontrolado. Dende a estrada que vai de Navia a Becerreá, antes, avistábase o riu ó longo de toda ela. E os prados e as veigas de ambas beiras. O riu, os prados e as árbores convivían en harmonía e conformaban cadros visuales de incomparable beleza. Agora a vexetación campou ás súas anchas e, aínda que igualmente fermosa polo que ten de brava e virxe, a relación descompúxose.



No fondo do vale, o riu faise invisible, por veces…


Cuando as aldeas taban poboadas, as xentes e a facenda mantiñan o equilibrio do

hábitat. Agora… Agora seica é pecado cortar unha cana dun fresneiro… Ás veces penso que os que deseñan estas leis, e os que lexislan, nunca a aldea pisaron. Non sei… Quizás a suma de todas estas razois teña algo que ver ca desfeita final. Mesmo hai outra teoría ben curiosa que escuitei en Navia e que ten máis feituras de lenda moderna que de argumento. Din algunhos que os pescadores asturianos, mui riños e ciumentos eles, botaron *piscardos* no riu adrede. Ó parecer, a desculpa sería que servisen de alimento ás poucas truitas que quedaban, pero… Pero… no canto de comeren as truitas os *piscardos*, foron estes quen comeron as ovas das truitas. Malera, sonche mui pillabais os asturianos de riu abaixo…

E se deixamos o riu e botamos monte arriba, outro tanto. Os osos, os lobos, as lebres, os coellos, as perdices, as garduñas, os esquius, as donicelas, os paxaros… Ulas? Ulos? Andar polo monte ou por cualquer camín, de día ou de noite, era tan entretido… Fatados de animales vivían ceibos na serras, nos montes, nas poulas, nas chousas, nas uceiras, nos calangros… E saíanche ó paso, e sen avisar, en cualquer momento; cumpría andar atentos… Os lobos seica volveron… Fain desiladas de cuando en vez, é certo. Pero non se escuitan oulear… Son estes os nosos lobos? Os que xeraron tanta literatura popular? Tamén din que volve andar o oso. Non sei… Pola contra (e algo terá que ver a escaseza de lobos), inciaron desproporcionadamente os corzos, os cervos e os xabariles. Eso si, estes últimos inciaron ó tolo, e fain muito derramo nas colleitas dos poucos e avellentados habitantes que quedan.

E falar do riu e de regueiros é falar de muíños…

Unha noite no muíño,
unha noite non é nada;
unha semaniña enteira,
esa si que é muiñada…
(Popular)



Despois veu a desfeita… Quen nos levou a primavera?

Se os muíños falasen… Pero hai tempo que quedaron calados, mudos e derrotados por sempre. Por sempre? Quen sabe? O futuro ta por escribir. Pero… Quizás fose o do Médico, na vila de Navia, o que pechou o porteleiro, a resistencia. Teño guardada no fardelo da memoria a imaxe de 15 ou 20 cabalerías cargadas de centeu, trigo ou cebada; e atadas no portal de a son, aguardando quenda pre moer… O muiñeiro cobraba en especie, quedando ca maquía. Agosto

pasou, mallou quen mallou… Ai… Na presa do muín do Médico aprendemos a nadar a meirande parte da rapazada da vila. E o banzado, que entretiña e enganaba as augas e as encamiñaba cara á presa… E o enorme e encantado pozo de Suspenas… Postal incomparable. Si, ta cheu de recordos, de momentos, de imaxes, o fardelo da memoria. Os muíños calaron, as presas atollaron, os banzados… O banzado levouol unha riada e quedou soterrado no fondo do pozo. Os restos e cascallos fain de freo e o pozo vaise enchendo de pedras e de reblo. E ano a ano vai deixando de ser pozo…

O Banzado

...Os recordos son coma pombiñas brancas
que aniñan na nosa memoria...

O Banzado era un oasis
no albor da infancia.
Despois veu a desfeita.

Cuitelos de timidez.
Rapazas en flor.
Miradas á espreita.

A presa do Médico.
Forcois.
Suspenas.

O pozo da Madre.
O Rabión.
As Lameiras.

Que foi delas...?
Quen nos levou
a primavera?

Poemas de Amor en Outono, 2014

No Alargo, as lavandeiras…

Era unha noite de lúa,
era unha noite clara,
eu pasaba polo río
de volta da muiñada.
Topei unha lavandeira
que lavaba ó par da auga…
(Popular)

E a roupa clareando. As lavandeiras, aquelas mulleres arregazadas que esluían as maus no inverno, cofa que te cofarás, amolecendo os trapos na auga conxelada. E que deixaban ver algo das súas pernas brancas, de paso… Ai… Cuantos sabañois padecidos! Unhas lavaban pre si e pros seus. Outras… Outras pre sacaren unhos pesos. Co tempo viñeron as lavadoras… Tamén

teño guardada na alforxa da memoria (eu, que case non teño memoria) outra imaxe que me entrou fonda: Coche de liña *La Directa* cargado ata os topes. Xente sentada e de pé. Fora día de feira en Navia. Eu ía pre Lugo, pro estudo. En San Martín da Ribeira baixouse un paisano. Vendera unha res, xato ou vaca. Nunha mau levaba a prisión. Na outra, un paquete de "Colón", deterxente pra lavadora. Aínda me lembro… Certamente, resultárame mui significativo o contraste, que simbolizaba a fin dun xeito de vida e a chegada da modernidade ás entrañas da serra perdida, ás entrañas da serra dos Ancares.

Tamén teño pousada na retina a imaxe do derradeiro barqueiro, o barqueiro de Barcia, Nicanor do Quello. O que non lembro é se aquelas barcas tiñan nome propio por eiquí; creo que era, sinxelamente, *a barca*. Pero, talmente, imitábanlles muito ós batuxos do Miño; unha caixa de madeira invertida, non máis. Tampouco lembro se cheguei a cruzar o riu algunha vez naquela barca. Paréceme que si; pero non sei se confundirei o desexo ca realidade… Nin tampouco sei se naquela barca subiría algunha vez a raposa que sabía as tres verdades máis grandes do mundo. Fermoso conto, abofé. Mais, non mo contaron de neno; non, xa perdera a inocencia había muitos anos; e contoumol o amigo Antonio Reigosa, mestre de contos, lendas e mil sabedorías máis.



Onde a auga, a madeira e a pedra se volven poesía…

Rius, rigueiros, rigueiras, regos, fontes… Veas xenerosas que aleitan e lle dan vida ó noso chau. Saltadoiros ou pousadoiros, pasadoiros, pontigos e pontigois, pontes… Os pontigos, esas obras de madeira que comunicaban beira con beira e que o tempo e as riadas foron levando da nosa paisaxe; mais… non da nosa memoria, aínda. Nas pontes, na ponte, detereime máis adiante.

E non podo deixar de falar do riu sen referirme ó "Gran Suarna". Esa Negra Sombra que asombrou a vila de Navia, e o concello en xeral, e ameazou o seu futuro mui seriamente. E a súa sombra é tan escura e longa que aínda non esmoreceu de todo. Non obstante, como os labregos do conto de *Pedro e o lobo*, as naviegas e os naviegos levamos escuitado tantas veces que vén o lobo (o encoro), que xa non cremos nada.

Corría o ano de 1951 cuando se presentou o velenoso proxecto pre construír un gran encoro, un máis, no curso alto do Navia; esta vez anegando terras galegas. Franco e os seus acolléranse á moda das grandes obras hidroeléctricas. Sería o cuarto que padecería o noso riu, despois dos de Salime, Doiras e Arbón, todos eles, xa, en terreo asturiano. A parede de contención tería 150 metros de altura e arrebatería 123 hectómetros cúbicos de auga. A xigantesca presa erguería nos terreos do concello lindeiro de Negueira de Muñiz e a enchente afogaría terras de Ibias (Asturias), de Negueira, de A Fonsagrada, de Navia de Suarna e Cervantes, acubillando e soterrando a vila da Pobra de Navia. As obras comezaron de contado, mais, ós poucos, interrompéronse. Aínda hoxe se pode ver en San Antolín de Ibias o grupo de vivendas coñecidas como de Santo Domingo, que nunca chegaron a ser habitadas. E en Riudeporcos, unhas salagres rochas lémbrannos os que serían os alicerces da impoñente presa. E tamén se pode ver a pegada no solar que acollería as obras das oficinas e as vivendas dos técnicos. Malia a parálise, a empresa Saltos del Navia C. B. nunca renunciou á concesión e conseguiu que lla fosen renovando nos prazos de seu; e aínda al conserva. Recentemente, no 2010, a empresa concesionaria volveu abalar a pereira coa intención de superar a peneira da lexislación medioambiental. Mais, no 2012, o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente fanou polo pé a arroutada e ditou unha resolución negativa, argumentando graves consecuencias pra flora e pra fauna da zona, así como pros lugares de interese comunitario do Alto Navia, de Ancares-Courel, e pra reserva da biosfera Eo, Oscos, Terras de Burón e dos Ancares. Manaia sexa esta vez o referido ministerio. No tocante ás datas, non coinciden sempre nas distintas fontes consultadas; pero, os feitos, entendo que se desenvolveron nunha secuencia mui parecida a esta. Sendo eu un rapazolo de 14 ou 15 anos, removido pola traxedia, escribín, quizás, os meus primeiros versos:

Navia I

Entre tesos illada,
no vale das soidades,
espira un pobo esquecido,
mortal de necesidade;
que morre pola inxusticia

e sen ilusiois de ser redimido
da ameaza que ol acubilla,
da ameaza do Gran Suarna.

Diante da contestación e da oposición veciñal dos concellos afectados, o proxecto inicial detívose, foi evolucionando e pasou por distintas etapas: un encoro considerablemente menor, dous encoros (un abaixo da vila de Navia e outro augas arriba)… Conclusión: máis de medio século de incerteza e de ameaza.



Como as gadoupas opresoras do espiño…
Como un mar de néboa…
O "Gran Suarna" quixo afogar o noso futuro…

Incerteza que coutou o desenvolvemento de, especialmente, Navia vila e Navia concello. Durante máis de arredor de trinta anos non se fixo unha casa nova en Navia, pecharon negocios, a xente marchou… E as administraciois deixaron esquecida a Navia á súa sorte. O argumento era sempre o mesmo: non paga a pena investir nun pobo que vai desaparecer. Así, muitos servicios que ían chegando a outras vilas, a Navia tardaron un mangado de anos en vir; ou nunca viñeron. E todo esto agrandou aínda máis a febre migratoria da época, claro. Mais, despois, a veciñanza foi perdendo o medo e, en chegando a década dos oitenta do século pasado, a construción tuvo un curto, pero intenso, período de revitalización; ficéronse edificaciois novas e restauráronse outras; tanto é así, que hoxe a imaxe de Navia é a dunha vila mui renovada. Mesmo, nas aldeas erguéronse obras novas e acondicionáronse muitas outras. E a administración volveu a ternos algo, pouco, en conta. Agora ben, dende hai xa ben anos, a agonía é evidente… Porque falta o máis importante: a xente. Agora veinse ben as consecuencias da riada migratoria.

De certo, con ben tristura ol digo, Navia ta ferida de morte. Morre de soidade… Si, o que non logrou o "Gran Suarna" á forza, poida que ol consiga, en non muitos anos, a soidade; sen pretendelo, e sen esforzo. A soidade e o desleixo. Pilloume algo verde e irresponsable, pero lembro como épica a luita da veciñanza, apoiada pola xente concienciada de toda a provincia e de toda Galicia, contra o encoro asasino. En realidade, cuando digo veciñanza, tería que matizar que quen máis enerxía puxo nesa luita foi a xente nova; mozas e mozos que tiraron do carro do "Non ó Gran Suarna" con especial forza e empeño. Manifestaciois, festivales, pintadas, artigos de opinión e cartas na prensa… Rius de tinta correron polo Navia abaixo pre librar as súas augas dun atranco máis. Xa os maiores se opuxeran e asinaran escritos de protesta e de reclamación de danos, pero foi a mocidade quen socializou e pediu axuda ó resto da provincia e de Galicia. E a solidariedade foi decisiva. A min soábame que o profesor don Xesús Alonso Montero, ata hai ben pouco presidente da Real Academia Galega, anduvera por Navia. E púxenme en contacto con el e confirmoumo; e mais contoume como fora e cuando fora a visita. Ousado eu, pedinlle se me esribiría unha crónica sentimental daquela andaina… Veleiquí a súa resposta baixo o título de *Unha fermosa lembranza*:

> *A primeira vez que estiven en Navia de Suarna foi o 10 de xullo de 1977 co gallo da campaña das eleccións lexislativas dese ano, as primeiras, en democracia, dende 1936. Eu lideraba a candidatura, pola provincia, do Partido Comunista. No mitin falou unha mestra que estivera nas cadeas franquistas 13 anos, a gran Enriqueta Otero, e eu pechei a rolda de intervencións. Lembro que foi nunha discoteca e que fomos escoitados con moito respecto, e lembro que foi o concello da provincia que máis nos votou. Penso que se debía este éxito electoral a un longo artigo que eu publicara na revista Triunfo de Madrid no que me solidarizaba cos miles de veciños da comarca que, desde había máis de 40 anos, vivían baixo a lousa dunha tremenda incerteza: construirán ou non as autoridades un embalse que asolague os nosos mellores eidos?*

Anos despois, Darío Xoán Cabana tamén tomou parte activa na defensa do noso riu e do noso concello. E tamén Darío me emprestou o seu texto. Deixo eiquí unha entresaca da produción do actual académico de Roás, ou Saor, produción que escribiu pre ler no peche da manifestación antiencoro que aconteceu por volta do ano 1994:

> *…A nosa Terra non ten falta ningunha de máis enerxía eléctrica. A metade da que en Galicia e á conta de Galicia se produce é exportada sen ningún beneficio para nós: parte dela en quilovatios para o consumo de fóra, e outra parte non pequena en forma de aluminio. Para que queremos nosoutros os encoros proxectados no Alto Navia, que nos privarán para sempre daquel val? En nome de que progreso popular ou ben común se pode defender tanta barbarie destructiva? Non lles abonda con teren xa apedrado o curso medio e baixo daquel río? Non lles abonda con teren sobreexplotado de maneira selvaxe os outros ríos de todos que regaban vales fértiles, terras de viño e nutrimentos agora asolagadas para sempre baixo a lama? Será acaso que queren practicar unha louca enxeñaría da paisaxe e converter o País dos Mil Ríos noutra Finlandia dos Mil Lagos?...*

Vaian, pois, dende eiquí, o meu recordo, o meu recoñecemento e o meu agradecemento pre todas aquelas persoas que luitaron por e con nosoutros. E, tamén,

claro, pre todos aqueles mozos e mozas naviegos, hoxe cumpridos e cumpridas xa, que defenderon con afouteza o noso chau das poutas dun progreso noxento e servil. Aquela ferida, aínda que deixase secuelas, case poderiamos dicir que restañou. A da soidade…

E aínda así, mentres hai vida… hai esperanza… E en Navia, malia a todo o antedito, hai muito que ver, muito que facer, muito que gozar e que vivir. Porque temos unha paisaxe máxica, de montaña e de vale. Pre min, toda vila, lugar ou cidade que é atravesada por un riu, este xa lle confire unha personalidade de seu.



Din eses do outro lado que cantan mellor ca nosoutros…

E Navia de Suarna, a máis dun fermoso riu, e de mil e un rigueiros e fontes, ten un enclave único. A nosa orografía, que tanto dificultou os traballos dos nosos labregos e labregas ó longo dos séculos, e a nosa variedade climática, compensáronnos agasallándonos un medio natural privilexiado. As terras do concello soben e baixan incesantemente entre altitudes que van dos 300 ata mui preto dos 2000 metros. Unha sucesión de vales e montes sen descanso. Vales e valicatos encasquetados entre eses montes, con mui escasas concesiois ás veigas. Ladeiras sollías e avesías. De mornura e de frescura. Tesos multicolores. Xogos de luces e sombras. Un clima de encontro e fusión entre as rexiois eurosiberiana e a mediterránea. Unha flora e unha fauna poucas veces superadas en cantidade e diversidade. A nosa vila… Un fermoso neal agochado entre tesos, fermosa cunca prateada, engalanada pola tríade riu-castelo-ponte;



Un riu, un castelo, unha ponte…
Unhos fillos que sementan fillos lonxe…

as súas prazas, as súas rúas, os seus rincois, as súas características casas de galerías e balcois, os seus arredores… As nosas aldeas e os nosos xeitos de vida… Os nosos horros, os nosos curtíns, as uriceiras, as alzadas, as brañas… Os soutos, as reboleiras, as grandas… Os montes engalanados de chorimas de carpanzas, de uces, de toxos, xestas e piornos… As truitas, as lebres, os coellos, as perdices… As androllas, os chourizos, os turrullois… Os galos, os cordeiros, os cabritos… A rosca de noces, o roscón, as papas de arroz… A nosa lingua… As nosas xentes… Porque, en Navia, definitivamente, todos somos bois…

Ai… O tempo levou os salmois, os muíños, as fraugas, as veigas, os barqueiros e as lavandeiras… Mesmo o medo ó "Gran Suarna"… O riu vaime/vainos levando… Como levou antes a tantas naviegas e naviegos… E aínda levará. Porque, como tan ben

deixou dito Jorge Manrique: *"Nuestras vidas son los ríos que van a dar a la mar…".* E a naviega, do Tabillón, Eva Méndez do Roxo tamén quixo mergullarse nas augas do noso riu pre sacar do fondo do fondo estes fermosos versos:

Os Segredos do Navia

Achégome á túa pel milenaria,
aínda fría a pesares do paso das vidas.

Ollo o meu reflexo no fondo dos teus segredos.
Dador de vida,
sepultura de almas.

Afondein os pés en ti,
xoguein, a non ter medo, na escuridade que habitas,
apañeinche as pedras e ameinte coa paixón toda de
quen só sabe ser.

Medráronme as canas,
fíxenme vella,
tú tamén mudaches:
quitácheme outros amores,
desbordácheme a mesa con manxares.
Fuches meu.

Ispo as teas neste friu mes de incerteza,
volto a verme reflectida na túa pel,
volto a tar chea de amor.
Sen roupa, sen medo,
entrégome a ti.

Novamente na paixón infinita.

Desta volta quero ser un máis dos teus segredos.
Envólveme angorde,
penetra polos poros da miña inexistencia.

Convérteme en pedra, peixe, vida.

Como poético e fermoso é tamén o traballo audiovisual de Ovidio Fernández Sánchez, meu vecín de porta, *Naviegos, os outros arraianos* (2001), no que viaxa ó lombo do riu pai, dende o seu nacemento ata se derramar no mar, e polo riu do tempo, e nos leva augas abaixo á procura da memoria e da identidade; narración emotiva, imaxes de singular beleza, música engaiolante.

Mesmo Manuel Rivas, naquel interesantísimo programa de Televisión Española *Esta es mi tierra*, pasou polos Ancares e falou de Navia con muito cariño.

Ai… O riu que nos leva…

2. Da terra

O concello de Navia de Suarna (noutrora, as terras que conformaron o Condado Naviensis) forma parte da comarca dos Ancares, no estremo centro-oriental de Galicia; eilí, onde se dan a mau as terras de Galicia, León e Asturias. Limita, xa que logo, con terras dos concellos de San Antolín de Ibias (Asturias), Candín (León), Cervantes, Becerreá, algo de Baleira e A Fonsagrada; todos estes cuatro últimos, da provincia de Lugo. Mesmo temos aldeas compartidas con A Fonsagrada e con San Antolín de Ibias. Si, si, aldeas nas que a liña divisoria entre concellos ou comunidades pasa polo medio dalgunha casa. Por eso se di que hai persoas dalgunhas familias que dormen coa cabeza en Galicia e cos pés en Asturias; ou ó revés. Ata teño escuitado que o corpo dun accidentado, que logo morrera, quedara metade dun lado e metade do outro. E que esto orixinara un grave conflito entre Asturias e Galicia, pois naide quería levantar o cadáver. E o morto botou eilí non sei cuantas horas, e días… Como acabou o conto? Quen cedeu? Creo que, finalmente, o morto tuvo que levantalo un xuíz galego; porque a cabeza, o corazón e a ferramenta da reprodución quedaran do noso lado. E seica as pernas e os pés non valían tanto… Será un conto? Non ol sei. O que si sei é que as 20 parroquias do concello e os seus arredor de 100 núcleos de poboación repártense por entre os, aproximadamente, 242 quilómetros cuadrados de superficie que abrangue. Dende o aire, os nosos ollos contemplarían unha morfoloxía do terreo esgrevia; unha sucesión de montes e vales que se asentan e medran en distintas direcciois, con poucas lombas, alzadas ou chaulas de repouso. De leste a sur, o concello deféndeol a serra dos Ancares, imperial, vista dende o alto de Restelo, ó oeste.



A serra puxo o seu traxe branco pre recibir a primavera…

Nas terras do concello non se erguen grandes elevaciois, emporiso: porto de Ancares (1680 m.), Tesón (1375 m.), Pico Surcio (1122 m.)… Pero as concas dos nosos rius, grandes e pequenos, aliméntanse das augas que caen, en forma líquida ou de neve, en cumios muito máis empoleirados, que arriman ós 2000 metros de altitude: Miravalles, Cuíña (Pico do Horro pre nosoutros), Mustallar… e nas súas abas que miran pre Galicia. E por entre esa ringleira de montes e tesos furan valentes e decididos eses nosos rius, rigueiros, rigueiras e regos, formando vagoadas, valicatos, vales pechos, gargantas e grobas; a maioría das veces, sen concesión a veigas ben definidas. Unha mínima expresión serían as veigas de Navia e de Barcia, e poucas máis. Por eso, os prados que regan, case sempre, son costentos e de mui difícil acceso. Pero prados poucos quedan…

Unha grande arteria, dúas veas medianas e muitas pequenas sucan as nosas terras. O Navia, o noso riu rei, que entra polo O e sae polo N, fendendo case pola metade o concello e a propia capitalidade; o Ser, que corre de SO a NO alimentado por unha manchea de rius menores, agunhos enraizados nas lindeiras terras de Cervantes; e o Rau, que vén do SL/SE, pilla cara o N e, despois, xira con rumbo ó NO; e que mesmo lle rouba augas a León e vai engordando cas achegas, tamén, dun fatado de rigueiras e rigueiros pequenos que lle axudan a chegar ó Navia feito un señor. Despois, o rigueiro de Bullán, o de Folgueiras, o de Galegos, o Curveira, que atravesa tamén a vila, o de Queizán e Barcia, o de Mosteiro, o Mosa…

Todos eles corren con frecuencia polo leito de fondales imposibles e de montes que case se din segredos ó oído. Impresionantes e espectaculares os canois do Ser, que se perde misterioso entre penedois cortados pouco menos que a chumbo que ol agochan receosos. Contemplalo dende algunhos balcois estratéxicos encolle a alma. Noutrora, sacar a herba dos seus prados era tarefa de heroes, porque os carros non chegaban a eles e había que carretar os feixes e as cordadas ó lombo por carreiros mui

salagres e empinados. Por algún destes calangros despenáronse os que levaban un morto a enterrar; por eso reza o título de *Un morto que matou cuatro vivos*. O que non sei dicirvos a ciencia certa é se tal suceso aconteceu ou se é un conto; dá o mesmo, se non pasou, puido ter pasado, talmente. Mais, o que si é ben certo é que levar os mortos a enterrar dende algunhas aldeas da montaña ata o cemiterio parroquial volvíase un traballo complicado; o normal era organizar quendas de cuatro homes pre írense relevando, porque podía ser necesario percorrer varios quilómetros co falecido ou falecida a ombros dos portadores.

O Rau, que engule o Murias e o Balouta, vén de León con muito xenio; e en chegando á aldea de igual nome, Rau, acouga e bota unha cabezada no abrigado, vicioso e fermoso vale que ol acolle e lle dá mecos, a cambio da auga xenerosa que lle deixa. A soneca é pequena porque logo esperta e pilla ás alancadas en louca carreira, abríndose paso a cachetazos por entre penas talladas e tesos bravos; tan bravos, que non lle deixan ver o sol nin lles deixan baixar ós humanos beber das súas augas; non sei ás cabras do monte. Como no Ser, muitos dos prados que rega, hoxe a monte a maioría deles, daban unha herba mui escrava, sen concesiois ó eufemismo; perder o equilibrio neles implicaba baixar a reboullois ata o mesmo riu, e máis dunha vaca ou xovenca se ten esgromizado desta maneira. Mirar os seus impresionantes cavorcos dende Becerral ou Aigas corta o impo. Agora ben, na súa marxe dereita, a sollía, os camiñantes afoutos poderán atravesar a colleita de érbedos máis salientable de Galicia, é dicir, o paraíso do oso pardo; que, ó parecer, volve poboar estas terras. Certamente, esta ladeira, de microclima amable de matices mediterráneos, semella un oasis no medio da fraga atlántica. Por eso podemos atopar, estragallados por toda ela, un mangado de curtíns que guardan rexos os trobos ou colmeas das poutas do lambelo plantígrado. O clima quente e os inesgotables xardíns de uces e xestas virxes que locen estes montes con vistas ós cursos de auga son propios pras abellas, que dan, xenerosas e solidarias, un mel incomparable. Un curtín é unha construción de pedra, case sempre circular, que remata nunhas lousas ou bardas que sobresaen do pico da parede, formando un beirado mui requintado; certamente, son dunha feitura rechamante e engalanan e alegran notablemente a paisaxe, tan montesía e salvaxe. Algunhos deles foron ergueitos en lugares caprichosos, sempre abrigados, pero de mui difícil acceso; e haios que mesmo parecen prolongaciois das inexpugnables penas. A mágoa é que á maioría deles tragouos, igualmente, o monte por falta de uso e mantemento. Ai… o desleixo…



O palacio da raíña das flores…E das súas doncelas…

E, do Navia… xa falei abondo… Pero aínda podería engadir muitas máis cousas. Podería dicir, por exemplo, que os canois do Sil levan a sona; mais, os que guardan o Navia cuando se vai achegando a Asturias non lles tein envexa a aqueles. E que as súas voltas e reviravoltas, as do Navia, pre abrirse paso cara ó mar, pintan postales e cuadros dunha beleza cativadora na retina de quen os contempla; por veces, beleza serena; outras, desbocada. Poño por testemuña á amiga de Castroverde Ánxela Gracián, quen pasou por eiquí un día de lecer e amizade e quedou anegada de beleza. Daquela gozosa viaxe naceron estes versos:

Lembranza

Se durase para sempre aquela viaxe no ar
dos recordos.
Detendo un instante infinito do tempo todo acugulado
de amizade.
Escoitariamos eternamente aquel rumor
asulagado.
Coma un nimbo de ecos que nas ondas leva o río
cara á Ribeira.
Transformado en música que fai amarelear as follas
dos abeneiros das beiras.
Anunciando o outono que entra preguiceiro
polas Veigas.
Navia, detida para sempre nesa imaxe que só é música
de auga e pedras
no recanto de Barcia.
Si, deixei aberta a porta da túa magoada torre medieval.
Para regresar.

Quedo, pois, autorizado pre afirmar que quen decida pasar unhas horas, unha tarde, unha mañá, ou o día enteiro, camiñando ou paseando polas súas, case sempre, estreitas e sombrizas beiras, non perderá o tempo. Por momentos atopará lugares de augas tranquilas que aloumiñan con tenrura sedutora os nosos ollos; momentos pra serenidade, pra contemplación e pra introspección; noutros, as augas collen présa e corren nerviosas, bulideiras, apuran o seu camiñar e vólvense música de *jazz*. Daquela, o noso espírito espreguízase e sentímonos nenos. E, de tanto en tanto, beirearemos pozos e remuíños enfeitizados, de augas escuras, hipnotizadoras, que nos producirán un certo desacougo… Na primavera, as augas baixan tolas e rebenta a vida, e o coro dos paxaros interpreta sinfonías sublimes pre calmalas. No verán, a peneira de follas de amieiros, salgueiros, pradairos e fresneiros xoga cos fíos do sol e crea pre nosoutros un espectáculo de luces e sombras impagable; os violíns dos paxaros e os clarinetes da auga poñen a banda sonora. No outono, paz; no inverno… silencio… Pero, cuando a neve derrete seguido ou a chuvia cae teimuda, as enchentes asaltan o leito con ímpeto irreprimible; entón, como di a copla, o riu leva carballos e follas, e madeiros, e todo o



As augas aloumiñan con tenrura sedutora os nosos ollos…

que se lle poña por diante. Como a auga non ten por onde estenderse, o nivel sobe de maneira ameazante e os alicerces das pontes tremen de medo. Unha desas riadas foi a culpable da morte do fermoso, pero enfermizo, banzado do Médico, que atrancaba o riu de Vales de Abaixo a Forcois e guardaba o pozo de Suspenas con fidelidade de amante, amais de alimentar o muín de igual nome, o muín do Médico. Lamentable e vergoñento que as "autoridades competentes" leven máis de trinta anos sen recuperalo. Mais…

Mais… Onde queda Navia? Veleiquí a pregunta que muitas lectoras e lectores se farán. Malia ser un concello estremeiro e medio esquecido entre montañas, na actualidade ta mui ben comunicado e pódese chegar á súa capitalidade, a Pobra de Navia de Suarna, dende distintos lugares e por diferentes camiños. Hai anos non sucedía así, e as enormes dificultades orográficas eran as responsables dunhas estradas e dunhas pistas mui salagres, esgotadoras e, case sempre, perigosas. E esto teno ben acreditado Xabier Moure no seu *blogue Patrimonio dos Ancares*, onde se pode ler: "No *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia*… de Tomás López, publicado no ano 1784, a vía máis importante que cruzaba o concello era unha desviación da que ía de Lugo á Fonsagrada". En 1804 escribía Lucas Labrada: "No concello de Navia de Suarna asegura a xustiza que case todos os camiños son intransitables". A primeira obra que fai referencia ás comunicacións de cada parroquia e ao seu estado é o *Diccionario* de P. Madoz, publicado entre 1845 e 1850, onde sinala que todos os camiños locais son malos e están mal coidados. Situación que a principios do século XX non millorara tal como testemuña Amor Meilán na súa *Geografía General del Reino de Galicia* adicada á provincia de Lugo: "A capital do concello, por toda vía de comunicación ten un tramo (29 km) entre Becerreá e a Pobra de Navia. Coa Fonsagrada, a capital do partido, únea un mal camiño de carro, torto e difícil, de 28 quilómetros. E nada máis".

Na actualidade, a principal vía de acceso sería a LU-722, que vén, dende Becerreá, case sempre paralela ó riu. Este percorrido, de voltas e reviravoltas constantes, era mui engaiolante, porque se divisaban o curso e os fermosos meandros ó longo de case todo o traxecto, con abondosos prados ás beiras; agora, o túnel vexetal formado por, sobre todo, amieiros, cegaron o leito do riu, e a maioría dos prados quedaron a poula; esto fai que este percorrido sexa menos gozoso. E, dende hai xa vinte ou máis anos, a

maioría de naviegas e naviegos preferimos deixar a autovía, ou a N-VI, á altura de Baralla, tal e como reza nos indicadores respectivos, e baixar a Navia despois de coroar o alto de Restelo. Por eiquí, se non hai néboa, poderemos extasiarnos coa vista da serra ancaresa á dereita e o vale de Córneas, e os tesos que ol defenden, á esquerda. A beleza manca. Mais, se houbese néboa nos vales, o espectáculo sería, igualmente, indescritible; aínda que máis incómodo e perigoso o percorrido. Un mar de néboa do que emerxen algunhos cumios como illas.



Un mar de néboa… Do que emerxen cumios coma illas…

E, se fose de noite, al luces dos lugares, agora iluminados, semellan as beiras dalgunha das nosas rías galegas. O recomendable é vir por unha das opciois e volver pola outra. Pero tamén podemos chegar a Navia dende A Fonsagrada pola LU-P-1901, cruzando o alto de Louxas. Ou dende San Antolín de Ibias (Asturias) pola LU-722, pasando por Sena e A Ribeira. Así mesmo, dende Balouta (León), pola estrada que atravesa o porto de Ancares, baixa por Balouta en dirección a Rau e morre na LU-722 que vén de Asturias. E aínda se pode chegar pola LU-P-3505 que nos trae dende Piornedo e pasa por riba de Vilaquinte, pola Campa de Labiadas, por Vilaverde e Freixís. Certamente, non quedan esgotadas as posibilidades; porque hoxe en día hai un sarillo de estradas que intercomunican aldeas, parroquias e concellos lindeiros que sería esgotador e innecesario desembeleñar eiquí.

Procurei situar o concello con certa miudeza porque, con frecuencia, cuando me presentan a alguén e lle digo que son de Navia, pensa antes en Navia de Luarca que en Navia de Suarna. No contexto dos afeccionados á pesca, Navia de Suarna era, e é aínda, ben coñecida; fóra del, non tanto. Ora que nosoutros tamén existimos; somos e tamos eiquí. Eiquí, onde as cadelas son cuzas e os becerros, xatos; onde as píntegas

son sapagueiras e os vagalumes, vellas das papas… Onde o sol acende os tesos e a lúa aluma os lousados… Eiquí, onde o reloxo da vida ten un andar demorado…

Quen sabe ben onde queda Navia, esta Navia, é Antonio Reigosa, sabio amansador de raposos el. Claro que me ten dito que os raposos de por eiquí son máis malos de amansar, máis rebezos, que os de Mondoñedo, nos que el é experto. Mais, quen sabe, sab
e. O
de
Zoñán vén e volve con frecuencia, por un lado e polo outro. Porque el sempre ten *Ansia de Navia*:

Falan a sabedoría ie a arte popular…



Nas cinco ou seis veces que visitei as terras de Navia, desde a primeira aló polo fin da década dos oitenta do pasado século ata a máis recente haberá un par de anos, sempre regresei con ansia de volver. Ansia de ver, de andar, de estar... Ansia por gozar ao vivo do pentagrama que di Muñís, Coro, Vilarmundín, Castañedo, Freixís ... e tantas notas sonoras inesquecibles, imposibles de soñar.

Terra costenta, de grobas, de penas, de chabosqueiros e de montes… En consecuencia, e dada a característica costenta do noso terreo, os nosos carros, os nosos xugos e a nosa maneira de xoncer as vacas, ou os bois, é (era), tamén, diferente. Mentres houbo carros, arados e grades, nosoutros xonciamos á cabeza; é dicir, o xugo suxeitábase coa soga á base dos cornos das vacas, despois de poñerlles unha boa mulida protectora. Tamén había xugos mixtos: vaca-cabalería; esta, a cabalería, burro

ou macho, si que se xoncía ó pescozo, como nas terras máis chás. O xugo mixto era o propio das casas onde só había unha vaca e un burro, ou macho; ou, nas casas máis fortes, usábase pros traballo menores, ou para arar leiras pequenas cuando o resto das vacas andaban ocupadas noutros labores. Mesmo había veces, cuando as costas eran pronunciadas e as cargas cumpridas, en que era preciso tirar do carro con dúas ou máis parellas; neste caso, a parella dianteira uníase ó carro por medio dunha gavita, ou cadea. Por eso, tamén, os carros eran muito máis lixeiros. E os camiños máis estreitos. Tanto, que houbo labregos que, cuando comezaron a vir os tractores, por aquelo de ser máis que o vecín, trougueron algunhos que entalaban nas paredes ou nos ribados. E, polo conseguinte, víronse na obriga de cambialos; ó tempo que quedaron cas as ganas de ser máis que os mais.

En fin… Terra gandeira, agrícola e, tamén, madeireira, bases principales da nosa economía. Porque industria… pouca, certamente. E eso que tuvemos unha experiencia pioneira, que paga a pena salientar. Falo da ferrería-fundición de Rau. Si, seguramente, un dos primeiros e escasos intentos de industrialización da zona. Parece ser que xa funcionaba a finais do século XVIII e que, nese momento, traballaban nela por riba de 20 operarios. Tal industria debeu tar situada entre as aldeas de Robledo e Murias de Rau; posiblemente, próxima á actual ponte que une as beiras do regueiro de Balouta, entre as aldeas citadas. Na actualidade non queda rastro dela. E pouco tempo debeu permanecer en activo, pois xa no ano 1826 debera deixar de funcionar; ó parecer, por falta de ferro. Aínda que a *veneira* non quedaba lonxe (disque se localizaba no monte Carozo, preto de Murias), faltaba a materia prima. Os potes que nela se facían debían ser de boa calidade e levaban estampado na *panza* o nome de Rau. Consérvanse mui poucos exemplares, pero algún aínda queda. Talvez, unha das causas deste fracaso industrial fose que, daquela, deixar de traballar as terras taba mal visto. No século pasado chegou a haber unha mui activa serra, unha fábrica de gasosas e de refrescos, varios muíños importantes, dous albardeiros, dous ferreiros, varios carpinteiros, xastres… E, notable foi, tamén, a actividade comercial da vila. Ultramarinos, comercios de teas e de roupa, ferreterías, farmacias, pensiois, bares… E cantinas, muitas cantinas! En consecuencia, na Pobra de Navia coexistiron durante ben anos cinco ou seis entidades bancarias. Na actualidade hai unha fábrica de embutidos, unha central eléctrica pequeniña, unha importante explotación gandeira de carne, que funciona a xeito de cooperativa… E aínda sobrevive, pero decadente, unha certa actividade comercial. Mais… sabedes cal é a empresa máis potente de Navia dende hai xa ben anos? Si, esa que tades pensando: a de ambulancias e pompas fúnebres,



No lombo das serras… Repousan as aldeas…

que é toda unha e conta con varios empregados. Dixo o outro: "É o que hai".

Pero, tamén, terra de rius e de pontes… De alzadas, de brañas, de vaguadas e de fontes… Xa ora, non todo son carpanzas, uces, xestas, toxos, piornos e carqueixas. No concello de Navia, eilí onde os montes toman alento pre seguir engatando ata os cumios, a terra amansa. E, ó abrigo das serras, dos tesos e das lombas, os nosos vedraños ergueron lareiras e teitos. E antes das aldeas houbo castros. E antes… Arredor dun cento de aldeas, grandes, medianas e pequenas, asentadas en lugares ben escollidos, con terras pre labrar, prados, lameiros e soutos. Como oasis de fartura no medio das serras bravas. Fértiles leiras de nabos, de maís e de patacas; ou de trigo, centeu, avea e cebada, en barbeitos e searas. Muitas e de máxima calidade as castañas, as noces e as abelás. Lembro cuando aínda se varexaban os castañeiros e se apañaban os urizos pras uriceiras… E daqueles mozos que fachendeaban de pasar de castañeiro a castañeiro facendo exercicios de funambulismo polas varas de abalar… Do noso concello saían os mellores xatos, cabritos e años… E toneladas e toneladas de madeira; principalmente, de castañeiro e nogueira… E nos lugares de ribeira, como a vila de Navia, Barcia, Vilarantón, A Ribeira… viño, mel, froita… Hoxe, a modernidade e a globalización, amais dunha poboación mui escasa e mui avellentada, son as máximas responsables de que muitos destes produtos, que foron a riqueza do noso concello, deixasen de colleitarse ou de recollerse.

Froito da "civilización" de todas estas terras, as vistas aéreas das aldeas ancaresas de hai 50 anos, despois da sega, amosaban cuadros espectaculares. O mosaico de cuadrículas irregulares que formaban as terras de labor arredor dos núcleos habitados, cos marrotos de pan nas leiras e as medas nas airas, contrastando co verde dos prados, dos lameiros, dos hortos, dos soutos e dos montes, extasiaban a vista dos bizolos e das aigas. Un decorado de formas e de cores caprichosamente dispostas e estruturadas. Xeometría pura. A xeometría dun minifundismo levado ata extremos inimaxinables… Ou, na entrada da primavera, cuando as leiras, ateigadas de montois de esterco, fumeantes e perfectamente aliñados, ofrecían imaxes artísticas, inverosímiles. Os camiños, as paredes, as sebes e os sebeiros… No outono… o lapis dos arados debuxando liñas infinitas nos barbeitos sucados… O cromatismo dos montes e das árbores froiteiras na primavera… Agora… Agora o rural cambiou muito. Sobra terra. Falta xente. Xa case non se bota centeu, nin trigo, nin avea, nin cebada… Tampouco garavanzos. Nin liño, nin millo do país. A contorna das terras produtivas arredor das aldeas minguou unha animalada. Nalgunhas desas aldeas, mesmo entran os piñeiros nas casas… Non se pode negar a evidencia: o rural, especialmente a montaña, xa non é o que era. Non tou eiquí analizando causas, só constatando un feito irrefutable. Tras de tempos, tempos vein… E foron chegados os tempos das máquinas, que substituíron os fouzos, os podois, as gadañas, as brosas, os malles, os carros, os fueiros, os xugos, os runqueiros, as petas, as aixadas… E foron chegados os tempos da desvandada… Emporiso, aínda, muito queda. A vista a voo de paxaro aínda segue ofrecéndose telúrica…

E… volvendo ó viño… E a pesares de que eu son o menos indicado pre falar de viño. Pero… ta tan de moda falar de viño… Como xa dixen, na vila e nas aldeas de ribeira había ben viñas. Na costaneira de Forcois, ata Landedo; en Barcia, Vilarantón, Embernallas, A Ribeira, Coea… Igualmente en Sena, Barca… terras veciñas, xa de Asturias. Muitas daquelas viñas desapareceron. Mais, polo que sei, estase recuperando o cuidado das cepas, das parras e dos galleiros e, riu abaixo, vólvese colleitar bon viño.



As maus encalecidas… A Terra… O sol…

Eu probeino en Sena, un branco fresquín, que entraba só e consolaba… Mais eu non son de fiar, abofé. Non obstante, os entendidos din que si, que glorea. E a augardente sempre tivo sona. Os meus maiores posuían viñas en Barcia, e aínda eu teño vendimado nelas. Ai… aquelas cubas de madeira nas que, pre pisar as uvas, había que entrar nelas en coiros… E cuando se libraban, tamén servían pre guardar a gra. Tal foi que un día, un meu tiu meteuse nunha desas tinas pre apañar unhos tegos de centeu e… botoulle un rato por entre a perna esquerda e a perneira do pantalón arriba… Boa se armara! Onde querería ir dar? Dódema de rato!

Fose polo viño, fose pola augardente, fose polo que fose, por estas terras anduvo Fole en diferentes ocasiois; do seu paso por eiquí hai varios documentos gráficos que non menten. Unha das fotos é dos primeiros anos sesenta; nela aparece o autor de *Á lus do candil* acompañado de Avelino Pousa Antelo e de Antón Santamarina Becerra, tiu do académico de San Martín de Suarna Antón Santamarina. Noutra viaxe posterior, Fole chegou a Navia na compaña do escritor de Paradela Manuel Rodríguez López, tal e como este recolleu no seu libro *Viaxes con Ánxel Fole*. O propio Manuel Rodríguez López, no mencionado libro, fala sucintamente desa viaxe. Veleiquí un parágrafo que concorda ben co que levo eu dito:

> *Deixámo-lo troiteiro río Ser e entramos no profundo e estreito val da vila medieval de Navia de Suarna, tantas veces condenada a desaparecer polo antigo proxecto dun complexo hidroeléctrico. Navia é unha fermosa vila que últimamente perdeu o medo ó asulagamento e decidiu erguer novas edificacións, incluso un moderno grupo escolar, a carón do castelo e da ponte, tamén medieval, orgullo do pobo.*

E, da relación Fole-Navia, Ruth Fernández Fernández, en *A provincia de Lugo na obra xornalística en castelán de Ánxel Fole*, fai referencia a un artigo foleano publicado en *El Pueblo Gallego* nos primeiros días do ano 1936 baixo o título de, precisamente, *Navia de Suarna*. Polo enorme interese que este artigo do mestre Fole ten pre min, pre toda a veciñanza de Navia e pros potenciais lectores e lectoras deste traballo, reproduzool integramente. Di cousas marabillosas:

No cejaremos hasta interesar la curiosidad inteligente por estos pueblos montañeses de la provincia de Lugo, tan repuestos, tan a trasmano, que se llaman Portomarín, Navia de Suarna, Cebreiro, etc. Conservan todavía, firmemente calcada, la huella de la tradición, y justifican, como pocos, las molestias de un largo viaje. No se ofrecen fáciles a la banal curiosidad del turista; pero, en cambio, ¡qué espléndido hallazgo, para el viajero que sabe peregrinar al mundo antiguo: andar, mirar y admirar!

En el hondón del valle queda Pontes de Gatín, de donde parte la nueva carretera que, atravesando toda la comarca de Cervantes, llegará a Ambas Mestas, ya en tierra leonesa. Después, San Román de Cervantes, encaramado en las nubes. Tierra de lobos: tierra de cultivo difícil, con pocos caminos, de vida económica rudimentaria, a pesar de la fertilidad de su suelo.

Otro valle, muy apreciado, guarnecido de altas montañas, atravesado por el Navia, ya caudaloso, que una hora antes habíamos visto torrente de espumosas aguas. Aquí el clima es clemente y se cultiva la vid, a unos kilómetros de bravas tierras serranas, azotadas por la ventisca, cubiertas por la nieve, inhóspitas fragosas.

En este vallecito, Navia de Suarna, con su puente romano y su castillo con su redonda y mellada torre.

Dos únicas "pallozas" en el pueblo y muchas casas antiguas con bellas volandas de balcones de madera, curva fachada y alto y redondeado tejado. En ellas perdura la traza de las primitivas viviendas de estos pueblos: la "palloza", aún existentes en tierras del Cebreiro y Cervantes. Esta sola circunstancia bastaría holgadamente a justificar una detenida visita a esta interesantísima villa de la Puebla de Navia de Suarna.

Subimos al castillo. Dentro del espacioso cubo hay un viejo edificio que antes fue local de escuela. Anchas grietas en sus paredes, puertas y ventanas, desfondadas. Una ruina dentro de otra ruina; pero ¿qué diferencia entre esta mísera casa vieja, que fue levantada hace menos de medio siglo y ya no sirve para nada, y la robusta y gloriosa ancianidad de las piedras del castillo que, después de ser, durante siglos y siglos, inexpugnable defensa del pueblo, aún hoy sirve para algo: siquiera para

contemplar la villa de un solo golpe de vista…, y para encender enconadas disputas entre los arqueólogos! Una escuela dentro de un castillo… ¿La cultura en el regazo de la tradición?. Pero no estamos ahora para fabricar metáforas"ad usum et abusumpaidantium". Subimos por una escalera tallada en la roca, de donde brota una fuente al ras de una angosta saetera cavada en el formidable espesor de los muros. No sabemos si esta fuente tiene una leyenda. Si no la tiene, hay que inventarla a toda prisa, antes de que lleguen aquí las primeras caravanas de turistas. ¿Qué heroico guerrero, qué bárbaro Moisés con casco y cota de malla, ha hecho brotar de la entraña de la roca esta vena de agua, al vigoroso golpe del cuento de su lanza? ¿Qué caballero andante, qué Esplandián, qué Amadís, después de rescatar a su dama, que padecía cautiverio en este castillo, al descargar colérico su espada contra la cabeza de un guardián, alumbró esta fuente, al errar el golpe, dejando perdurable testimonio de su hazaña? Tal vez conociésemos su nombre, si, en lugar de una espada, blandiera un rastrillo o, siquiera, un tridente, como Poseidón, al disputar con Atenea.

Una fuente dentro de un castillo… De hoy en adelante llamaremos a esta fuente: "Fuente de los Arqueólogos". ¿Por qué no va a haber en Navia de Suarna una "Fuente de los Arqueólogos", como hay en Guadarrama una "Fuente de los Geólogos"?.

Ya estamos en lo alto de la torre. El pueblo y el valle. Suben penosamente la rampa izquierda del puente romano dos parejas de bueyes que tiran de un carro del país, cargado de bocoyes. Van uncidos a la "mulida" por el testuz. Al lado del puente hay un hórreo muy espacioso, de tipo asturiano, con el tejado de cuatro vertientes, muy repentino, y balconaje de madera a lo largo de sus cuatro caras. Tiene cierto aspecto de pagoda, visto desde el castillo. Aquí no existen los típicos "cabaceiros" gallegos.

El puente romano, las casas viejas del pueblo, las altas montañas, el cielo brumoso, las aguas del Navia, de sordo color, componen una añeja litografía romántica.

Es tiempo de retirarse

"que xa as tellas fumegan I-os curutos
das montañas se fan muito mais grandes"

Como se dice en los dos postreros versos de la primera Égloga de Virgilio, trasladada por Gómez Ledo a nuestra lengua vernácula.

Ya en casa de nuestro amigo y guía, el Sr. Calvo, corresponsal de EL PUEBLO GALLEGO, reposamos y restauramos nuestras fuerzas con un jamón de la tierra, digno de dar más fama al pueblo que le dá nombre, y un pan que nos hace perder la nostalgia del de Vilaboa y del de Mondoñedo. Todo

esto adobado con un vinillo deliciosamente travieso, con la llana gentileza del anfitrión y con nuestro apetito, propincuo pariente del hambre canina… Penden del techo, suculentas, guirnaldas de chorizos, pingües perniles que provocan caudalosas secreciones desaliva. Por el suelo, parapetos de sacos de nueces, formando "blocaos" de Jauja, sustanciosas columnas de quesos. Arrimadas a la pared alcuzas, bocoyes. Un cuerno de cazador colgando de la pared, nos parece el auténtico cuerno de la abundancia… Entra unjoven labrador, que acaba de apearse de una magnífica yegua. Compra y compra, en grandes cantidades, los más variados productos alimenticios. Nos pasa por el magín la idea de interrogarle de esta guisa: "¿Cuándo se casa usted, amigo Camacho?".

A la salida del pueblo encontramos un hombre que lleva un farol, cuya luz violentísima muerde la niebla furiosamente. Recordamos lo que en el pueblo nos contaron. Hace una semana mataron tres lobos, a unos kilómetros de Navia. "Pero –pensamos– con tan magnífico farol, no hay por qué tener miedo a los lobos". En Becerreá nos deshacen brutalmente la conjetura:


"–No es por miedo a los lobos; es porque aquí se usan mucho el carburo y también la gasolina".

¡Qué siempre hemos de topar con estos antipáticos desfacedores de leyendas y fantasías! Son tan inevitables como los catarros. Nosotros a crearlas y ellos a deshacerlas.

Pasamos por delante de una ventana fuertemente iluminada. Sus travesaños son las aspas negras, inmóviles, enormes, de un fantástico molino de viento. Pero, ¿para qué un molino en estos parajes cuando hay tanta abundancia de harina en el aire? Porque las aspas luminosas de los faros del auto han ido removiendo incesantemente, a lo largo de todo el camino, blanquísima harina de pan candeal…

Navia de Suarna. Ánxel Fole
Sección "Andar y ver"
El Pueblo Gallego

Certamente, temos muitas cousas das que "presumir", sen querer ser máis que naide. Dalgunhas xa din conta: a diversidade e singularidade do noso medio natural, a riqueza da nosa terra, do noso patrimonio… Ora ben, do que non podemos "fachendear" é de ter escritores recoñecidos. Eso non. Nesto témoslle envexa, da boa (admiración), á serra irmá, ó Courel. Poetas populares, como en todas as latitudes do mundo, claro que houbo. Quero lembrar eiquí a Esther Fernández de la Peña e a José María Alonso, o pai do noso pintor Roberto Alonso, que viviu no castelo unha pila de anos. Seguramente houbese máis, mais eu non sei deles. De José María non din conseguido ningún texto, pero aínda confío en facelo; de Esther, si. Esta muller, que



Ai… A poesía popular… Ese sabor a mazás…

case chegou ó século e foi mui crente e mui sensible, escribía poesías como esta que me prestou Elda, a súa filla:

Gratitud

Es la gratitud una bella cualidad
que poseemos las personas
al llegar a cierta edad.
En mi juventud yo fui
siempre muy agradecida.
Y ahora que soy mayor,
lo soy aún más, todavía.
La sensibilidad que tengo
no me deja ser feliz;
sufro por todo y por todos…
No sé si sufrirán por mi.
Tengo ya setenta años
y no lo puedo creer…
La gente toda se admira
cuando a mi me ven mover.
Tengo una salud completa,
que a Dios quiero agradecer;
siempre me ha favorecido

en todo mi recorrer.
Dios mío, sigue mis pasos
como lo has hecho hasta ahora.
Y en el día de mi muerte,
dame una pequeña hora.

Esther Fernández de la Peña (8-6-1915/4-1-2015)

Mais, non, non temos historia no campo das letras. Muitos contos do mestre Fole poderían ter acontecido por eiquí e, como queda dito, visitounos en máis dunha ocasión, proba de que nos guardaba lei. E tamén se acorda de nosoutros en *A caixa de habanos* (Terra brava), aínda que sea só de pasada. Cuando cheguei a ler a Fole, por momentos, revivín contos que eu escuitara de neno. Claro, nosoutros tamén somos terra brava, terra de lobos, de mortos… E de vivos. Mesmo alguén ten escrito que atopa rastro de Fole nalgunhos dos meus contos primeirizos. Un orgullo, ben entendido, claro. E muita poesía de Uxío Novoneyra tamén nos é ben familiar.

Por demais, Álvaro Cunqueiro, igualmente, túvonos presentes en *Xil da Ribeira* (Escola de menciñeiros), onde di que o bon do Xil, meirés da Ribeira de Piquín el, era posuidor dun grande talento médico e musical; e que tiña un fillo, Felipe Marat Danton, afillado de Portela Valladares, que andaba por Navia de Suarna e a terra buronesa facendo de capador. E, xa, camín do remate, lévanos á apoteose:

> *Para final, Xil era xastre de doentes. Ía ver a un e dicíalle á familia que nada se podía faguer, e que o doentiño íase, e preguntaba se tiña traxe novo, e se non o tiña, Xil ía a Lugo, a Vilalba ou Mondoñedo, e mercaba un corte tirando a escuro, e facía o traxe que soamente usaría o doente cando fose defunto… Algúns enfermos animábanse algo ó ver ó Xil facerlles un traxe novo. Un tal Moure, de Navia de Suarna, sandou cando xa estaba despachado de todo, e gastou o traxe que lle fixera Xil e as xentes, nas feiras e nas festas, pedían permiso para tocalo no lombo, e levaban os nenos a que aloumiñaran a chaqueta de Moure.*

Si, noutros terreos temos historia, a nosa historia; pero dá medo o futuro… Na fraga da literatura, pola contra, a falta de historia, temos semente de mañás. Xa vos din a probar un poema de Eva Méndez do Roxo; se seguides lendo, falareivos de Beatriz Dourado, de Eva Xanim, de Ítaca Cara, todas elas rapazas novas que andan a debuxar o seu propio camín no mapa das nosas letras. E todas elas son fillas ou netas destas terras. E aínda pode haber máis persoas abríndose paso das que eu non dea razón.

Xa que logo, con todo o que temos, e todo o que nos falta, tamos eiquí e queremos seguir tando. Nestes tempos en que viaxar e coñecer é unha necesidade (ás veces case chega a converterse nunha obriga, e, se non contemplache as vistas do banco do Calamoucho ou non fuche ás covas da Penamoura, non eres naide), achegarse a Navia e ós Ancares é tan necesario como visitar cualquera outro lugar fermoso. Son da opinión de que en todos os lugares hai algo que ver e algo que aprender. Vivimos tempos en que é de obrigado cumprimento visitar París, Londres, Roma, Nova Iork… Eu tamén fun algo, pouco, por eí adiante. Pero, logo, confeso que non coñezo máis da metade dos concellos de Galicia. Creo que algo non tou facendo ben… En fin… cousas miñas… Sempre ando a cabalo de dúbidas… No que non dubido é en recomendarvos que vos perdades un día, un par deles, unha semana… por eiquí. Si, porque o que vos podemos ofrecer abonda de sobra pre que veñades coñecer esta terra na que vin ó mundo, na que aprendín a dicir *pumar, zreixal, biouteiro… esgónzaro, cochosa, cucín… pantalois, chambaril, pertegal… pavilón, palafastrán, tulibán…* Na que aprendín a dicir *mai, pai, irmau, avoa, padrín…* Unha terra cunha personalidade ben singular e definida; xa na paisaxe, xa nos xeitos de vida, xa na fala… Unha terra engaiolante pre quen al visita. Unha terra de benvida, de repouso, de conversa, de acollida…. Unha terra de ribeira, de media montaña e de serra… Unha terra que vos espera.



Mais… Que é a beleza? Un enigma…

3. Da fala

O noso emprazamento físico, as características xeomorfolóxicas das nosas terras e o noso illamento son razois de sobra pre entender que a nosa fala tamén ten trazos específicos e ben marcados. Este non pretende ser ningún estudo lingüístico, vaia por diante, senón unha mera constatación do que recoñecidas autoridades na materia xa teñen investigado e publicado con muita solvencia. Situámonos no bloque oriental, evidentemente; pero, aínda, e a pesar do reducido do noso concello, en comparación co conxunto do país, conviven no noso torrón diferentes versiois dunha mesma palabra. Por ese noso encuadre especial, temos de veciños ós leoneses de Balouta, Suárbol e, en xeral, as xentes do vale de Ancares leonés; e, á vez, tamén veciñamos cas xentes asturianas de Ibias. Esto explica que o noso galego non sexa uniforme e convivan diferentes soluciois: truita/trutia, eles/elos, caixa/caxa, muín/molín, unha/úa, unhos/unhes/uis…

Despois de recompilar información en diferentes traballos publicados, deixo eiquí unha entresaca pre contextualizar o fenómeno. No tocante ó léxico, a diversidade é difícil de apreixar. Tanto o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CPI de Navia en *Palabras de Noso* como Isidro Novo na sección da AELG que dirixe, *Palabras con memoria*, teñen aberto un camín polo que aínda se pode, e se debe, seguir camiñando; puntualmente, teño colaborado cos dous proxectos. Ó longo deste traballo irei sementando unha mínima mostra da nosa riqueza léxica. A enorme vacilación vocálica e os castelanismos, que inciaron coma as malas herbas, complican, aínda máis, o asunto.

Decálogo dos trazos morfosintácticos máis recoñecibles:

11. Mantéñense os grupos latinos QUA-, GUA-: cuatro, cuando, guardar…
12. Solución do ULT- latino: muito/ mutio, truita/trutia…
13. Resultado das terminaciois latina –INUM, -INAM: camín, cucín…
14. Plural dos nomes rematados en -N: cais, ladrois…
15. Perfectos e futuros: cantein, cantarein...
16. Segunda pers. do plural: cantais, cantabais…
17. Segunda pers. de sing. do pret. de indicat. da 2ª conxugación: comiche, deche…
18. Solución –ANUM, -ANAM: irmao/irmau, irmá…
19. Pronomes persoais: eu, tu, ela, el, nosoutras, nosoutros, vosoutras, vosoutros, eles/elos, elas.
20. Demostrativos neutros: esto, eso, aquelo, estos, esos, aquelos.

Non te acordas? Cuando baixache guardar os cais, atopache úa sapagueira eilí, na beira do camín. Deuche tanto noxo, que trousache e dexobache os pantalois. Despois, o meu irmau riuse muito de ti. Ie tu encarneirárchete con el e viñeche pre xunto de nosoutras. Esto foi tal e como chol conto. Pro non volverein falar do caso. Tabais mui nanorados tu ie Luís aquel vrau.

E aproveitarei esta breve incursión lingüística, mais necesaria, pre inserir eiquí unha achega de Eva Xaním, rapaza nova, naviega ela, con conciencia e formación fondas respecto da nosa lingua e do seu devir histórico. Eva, ademais de filóloga e investigadora, tamén vai medrando con paso firme como escritora, igual no eido da narrativa que no da poesía. Si, temos futuro! Veleiquí este seu marabilloso agasallo en forma de diálogo literario, un poema cheo de memoria e de luz:

Interrogantes

Dona Isabel de Castro e Andrade,
uma pregunta eu lhe queria fazer,
porque escreveu os seus versos de loor
numa linguagem com tão pouco prez?
Foi para que vissem em La Araucana
o poder abismal das nossas palavras?
Araucana nação mais venturosa,
mais q[ue] quantas og'ha de gloria dina,
pois na prosperidade ò na ruina
sempre enuejada estais, nunca ennejosa.
Dona Isabel de Castro e Andrade,
outra pregunta lhe queria eu fazer,
onde escreveu esses versos tão belos
cara ao ilustre Don Afonso de Ercillla?
Foi no castelo que queriam afundir
nos anos 50 aqueles mandos caciquís?
Se enresta ¡oh Illustre Afonso! a temerosa
lança, se arranca á espada q[ue] fulmina,
creyo q[ue] julgareis que determina
s'o conquistar a terra bellicosa
Dona Isabel de Castro e Andrade,
muitas preguntas mais eu lhe faria,
mas é preferível, naviega minha,
seguir desfrutando deste seu soneto
e bordar linhas novas coas mesmas grafías.
Faraa, mas não temais essa mão forte,
que se vos tira á liberdade e á vida,
ella vos pagará bem largamente.
Qu'atroco dúa breve e honrada morte,
Cõ seu divino estillo, esclarecida
deixará vossa fama eternamente.[9]

[9] "Soneto de la Señora Isabel de Castro y Andrade, a Don Alonso de Ercilla" publicado na obra *La Araucana* (1589) de Alonso de Ercilla e reproduzido tendo en conta a edição de Eugenio Carré Aldao de 1916. Há vários estudosos (não sem polémica) que consideram que este é um dos poucos poemas escritos em língua galego-potuguesa em Galiza durante os Séculos Escuros e que afirmam que Isabel de Castro e Andrade, a condesa de Altamira, seria a primeira mulher galega em escrever na nossa língua.

4. Da xente



E quedei esí, aqueloutrado, fendido pola metade…

Os naviegos somos todos *bois*… Ollo, esto non quere dicir que seamos todos mui grandes, grosos e afoutos… Nin que teñamos, por necesidade, cornos. É un chiste rin, non me aguantaba sen botalo; aínda hai outro peor, que vou reter… Non, na nosa lingua, bois tamén significa bos. Cambadelas lingüísticas. Como slogan vale. Pero, como eu non creo nesas cousas, e como este traballo ol fago con sentimento, mais tamén con seriedade, non quero quedar no slogan. As naviegas e os naviegos somos xente corrente. Guapa e fea, gorda e fraca, covarde e valente, intelixente e non tanto, divertida e afumada, egoísta e solidaria, malnacida e honrada… E, no medio, todos os matices que entren. De todos xeitos, sendo eu alumno do Instituto Masculino de Ensinanza Media de Lugo, despois de ter feito, unhos cuantos, unha pequena traxudiada colectiva, fomos chamados a contas. Nome, apelidos, curso e… de onde eramos. "De Navia de Suarna", dixen eu. "Do monte tiñas que ser!" E quedei así, aqueloutrado, afundido, cavilando en que ser de Navia era mui mala cousa. Sempre fun lento de reflexos. E non caín na conta de que os que me acompañaban non eran, precisamente, de Navia, e tamén foran declarados culpables. Nalgún tempo, a quen posuía un algo de poder, do tipo que fose, humillar saíalle de balde. Se fose hoxe, ben sei o que lle espetaría: "A muita honra, meu señor". Mais, daquela… quedei calado, cheo de desacougo e culpabilidade. Unha anécdota, non máis. E hai que contextualizar, que eran outros tempos, e o sentido da autoridade vestía outro traxe.

Certamente, ser de Navia imprime marca. Mais… non creo que máis que nacer en cualquer outro lugar. Este, o de quererlle á terra onde un nace e medra, penso que é un sentimento universal; que un vive e expresa con maior ou menor intensidade en función da personalidade de cada quen. En xeral, nacer nun lugar pequeno, entendo que impregna máis que facelo nunha cidade, poñamos por caso. Lembro cuando casei e me incorporei á nova familia, e falaba e falaba marabillas de Navia. Tíñaos queimados. Esto seica é bastante común en todas e todos nosoutros. Chauvinistas? Si e non. Eu fágome responsable de chufar muito (todo cuanto dou) o meu horto; mais, non de facer menos do dos veciños. Ata non hai tanto, a maioría da xente nacía, casaba e morría no torrón sen case saír del. Como a miña mai. Pola contra, o meu pai

fixo o "servicio militar" na Coruña. E fora a Barcelona á voda dos meus tius; amais de andar polos Perineos franceses, na madeira, dous vraus e dúas primaveras; pero eilí só vía ceu, coníferas, tesos e cumios, e o mar ó lonxe, seica. Tamén pasara unhos meses polo Valadouro e por terras de Viveiro. E quedara namorado destas terras da mariña luguesa. Pero… non había quen ol baixase da burra: Navia era o mellor lugar do mundo, o paraíso. Un paraíso no que tuvo que traballar como un escarvo. E xa que vén a conto, déixovos eiquí unhos versos que lle dediquei en *Navia Nai* e en *Poemas de Amor en Outono* a este home cosmopolita, viaxado. E dígool porque coñecía mui ben todas e cada unha das aldeas do noso concello.

Meu pai é comunista

Meu pai non vai á misa.
Meu pai traballa os domingos.
Meu pai é comunista!
Meu pai ten unha fouce.
Comunista!
Meu pai ten un martelo.
Marxista!
Meu pai ten un arado de pau.
Leninista!
Pro tamén ten unha vaca.
Capitalista!
E cuatro fillos que manter.
Masoquista!
Meu pai…
Meu pai arrea feixes de toxos,
gadaña a herba de Curveira,
bota e recolle a colleita.
Meu pai érguese ás seis da mañá
e vai plantar pinos pro Icona.
Meu pai foi a Francia clandestino
a traballar na madeira
e non cobrou unha peseta!
Meu pai…
Meu pai é comunista!
Pobre meu pai...
non entende os meus versos.

E aínda era máis fondo o querer da miña tía Manuela do Muxo. Ela pediulle a miña prima que lle puxese unhas letriñas no nicho que rezasen así: *"De Navia ó ceu".* E a miña curmá cumpriulle o desexo, malera. Gústanme muito estas pegadas, este rastro, que deixan as persoas do seu paso por este labirinto de camiños chamado mundo. O que non me gusta tanto é que o fermoso texto rece en castelán…

Mais… agora… Agora xa somos case todos unha caste mestiza, de eiquí e de acolá. Unhos van e outros vein. A finais do século XIX e primeira metade do XX, muitas naviegas e naviegos pillaron un barco e cruzaron o pozo grande. E por aquelas terras fixeron vida. Arxentina, Cuba, Venezuela… Algunhos chegaron a bon porto e casaron entre si, outros e outras foron mesturándose. Ó mesmo tempo, Navia foi lugar de acollida e eiquí viñeron facer o seu neal maragatos e fornelos en diferentes momentos, amais doutra xente. A vila de Navia, na segunda metade do XIX, era ben pouca cousa. Despois deu en medrar e a actividade comercial chegou a ser, certamente, importante. As aldeas taban cheas de xente, pois, na maioría dos casos, os matrimonios tiñan a seis, oito, dez, ou máis, fillos. E a terra non daba pre manter tantas bocas. Así é que, pola norma, o mourádego casaba na casa e… E os mais botábanse ó camín… Despois do trebón da Guerra Civil, e cuando as augas foron acalmando e a industria deu en espertar un algo nas grandes cidades, o camín foi, case sempre, o de Barcelona. Tamén houbo quen pillou cara a Madrid, Bilbao… E, xa, algo antes, Francia, Suíza, Inglaterra, Alemaña… Abro paréntese: Un recordo dende eiquí pre todos os mozos naviegos que morreron traballando na madeira, ben en Francia, ben en Navarra; traballo tan perigoso ou máis que o da mina ou que o do mar. Pecho. E, eí polo último cuarto do século XX, Vigo, Ferrol, A Coruña, Lugo… Unha hemorraxia incesante. E pasou o que pasou. Pasou que este recuncho do mundo comezou a padecer de soidade. E de desleixo. A xente máis nova, decidida, arroutada e emprendedora marchou case toda. E casaron e fixeron lume fóra. E a natalidade freou en seco. Mesmo eu, que, non tanto por decidido, senón porque cadrou, probei sorte. E quedei preto, pero aniñei en Lugo. No sentimental, teño a Navia caltrida na medula, no cerebro e na capela máis fonda da epiderme… Pero deixei un neal baleiro… Un máis… Velos eiquí vos deixo estes versos de *Poemas de Amor en Outono,* que falan desto:



O camín da emigración… Un camín cheu de baleiro…

Futuro imperfecto

Xa non volverei a Vilameixide
en primavera.
Xa non volverei, gozoso, apañar,
por xuño, as zreixas á Lameira.
O meu barrelo de neno.
O meu barrelo...
Nin as castañas, no outono.
Nin as noces das nogueiras.
Nin dos pumares, as mazás primeiras.
U-los seus prados?
U-las súas leiras?
U-la Casa do Souto?
Que foi delas?
O meu planeta de neno...
Todo o meu planeta!
Xa non volverei a Vilameixide
en primavera...
A Sunavia, ó Canto, á Rebordela;
á Granda, ás Cruces... á Pumarega.
Mudaron as searas a pan
en barbeitos viciosos de toxos e xestas;
de caxigas, de carpanzas... e silveiras.
U-los carros cargados de vida
cara a unha morte sen tregua?
Tan só quedan as pegadas das rodeiras
no leito lítico dos camiños desertos
poboados de baleiro. E de ausencias.
U-los mollos, os marrotos e as medas?
Aquel olor a herba seca.
E a fornada recén feita...
Soa quedou a fonte.
Só o Nabal a monte.
Soas as paredes que me acolleron
cuando sempre era inverno.
Soa quedou xa, e sen lume,
a paleolítica lareira.
Sos quedaron o escano, o guindastre,
o trespés, o pote... a garmalleira.
As andoriñas no portal.
As cochosas na figueira.
As vacas, as cabras... as ovellas.
Sos, en Freixís, Fermín e os avós,
no regazo da Nai-Terra...
Soa... Deixeite soa.
Miña querida aldea.

O certo é que, se lle botamos unha ollada ás táboas de poboación, vemos que, hai máis ou menos un século, no concello de Navia había censadas arredor de 8.000 almas; no 1950, 7.200; no 1975, 4.500 e… na actualidade… Na actualidade non chegarán ás 2.000; e, pre máis, a pouca poboación que queda, mui avellentada…. Hai futuro? A esperanza nunca se perde… Poder, pode habelo. Pero, se chegase a habelo, as coordenadas socioeconómicas han ser ben diferentes das que rexeron no pasado. E,



Si, son de aldea… Na aldea calou o cantar dos carros…
Deixarán de escuitarse os paxaros?

aínda, no presente.

Por unhas e por outras razois, a riada migratoria mantívose durante décadas. Ora ben, o éxodo e a concentración en macroformigueiros urbanos non son unha patente que posuamos en exclusiva a xentiña de Navia, nin a do fogar de Breogán, siquiera. Problemática complexa, que non se pode explicar á lixeira. Certamente, o rural en xeral, e a montaña en particular, sempre foron os primeiros desherdados. Mais… hai máis tea que cortar… Pero… terá que ser noutro momento e noutro lugar.

O mesmo Ánxel Fole, curioso e perspicaz coma sempre, despois dunha daquelas visitas das que vos falei, quixo saber a opinión dos propios veciños respecto do abandono das terras e anduvo pescudando entre eles. E, despois, escribiu en El Progreso (Táboa Redonda, 8 de maio de 1977):

> *… Recogemos la primera información de labios de una señora de cierta edad, en una tasca. En los contornos, numerosas aldeas quedaron despobladas, cerrándose muchas casas. Las dos ferias de Navia de Suarna están ahora menos concurridas. Y añade que se dejaron de trabajar los*

viñedos por la misma causa. Pero el propietario del café "El recreo" nos asegura que la falta de concurrencia a las ferias está motivada principalmente por las entregas semanales de ganado que tienen lugar en Navia…

Faise eco eiquí o autor de *Contos na néboa* dun inesgotable debate que entretivo a veciñanza de Navia por décadas. Por que marcha a xente? Por que morren as feiras? Por que Navia non progresa? Como se solucionarían estes males? …? Aínda hoxe resoa o eco destas preguntas, e das moi diversas respostas, nas paredes das cantinas e das casas pechadas de Navia. Mais, como dixo o *nóbel* Dylan, as respostas agóchanse no vento…

Os camiños da vida, que dicía aquel grande home… Naviegas e naviegos sementados por aló e por acolá. Á procura dun futuro mellor. Pre eles e pros seus fillos. E tal foi así que, en muitos casos, eses fillos e esas fillas puideron facer carreiras universitarias ou atopar traballos ben valorados. Lembro aquel tempo mozo en que as fillas e os fillos dos "catalais" que volvían pasar o mes de vacaciois ás súas casas de nacemento parecían todas actrices e actores de cine. E aqueles coches que traían… E a alegría ca que gastaban o diñeiro… Os fracasos non saían á luz. Ou non queriamos velos. Quen non sucumbía?

Algo máis tarde e en menor medida, tamén os fillos e as fillas dos poucos que quedaron puidemos vivir ese feito marabilloso: a chegada á universidade das fillas e fillos de labregos, mariñeiros, zapateiros, albaneis... Fermoso! Xa o tardo-franquismo deu en repartir unhas faragulliñas, do que sobraba, en forma de bolsas de estudo; bolsas que muitas e muitos aproveitamos o mellor que soubemos e puidemos.

Si, as causas da riada migratoria dos anos 50, 60, 70 e, aínda, 80, do século pasado son mui complexas e diversas. Máis fáciles de observar son as consecuencias: a despoboación e o abandono das terras. E, a pesar da longa crise económica e das penurias que padece muita xente nas cidades, a xente non regresa. E eso que, agora, ca axuda da maquinaria e da tecnoloxía, a vida na aldea é muito máis liviá. E si que hai algunhas persoas que escollen vivir en harmonía ca natureza e vivir nun medio no que cada persoa, cada animal, cada árbore, cada lugar… ten un nome e entidade de seu; e non sucumbir devorado pola indiferenza e pola despersonalización da masa, pola tiranía do reloxo, polas gadoupas dun liberalismo irracionalmente competitivo e inhumano. Veleiquí a esperanza…



Cubrirase de néboa o futuro? Volverá saír o sol?

Mais, como non son futurólogo, non quero cuspir ó ceu. Prefiro volver ó rego, que me perdo. E neste rego tocaba falar da xente, da xente de Navia. E cómpre dicir que a xente de Navia sempre se veu levando aceptablemente ben cos veciños. Pero, hai matices. Ós de Becerreá igual os miramos sempre como algo "señoritos"; pola contra, os de Cervantes… como xente da montaña; os da Fonsagrada, boa xente; e os de Baleira… Uf, os cornapelos tiñan mui mala sona; onde chegaban, montaban quimera e ensinaban as cachabas e as navallas. E, se falamos dos de "fóra", tamén hai diferenzas. Os da raia con Asturias considerámolos "nosos"; en xeral, os asturianos sempre foron ben vistos. Ós de León, non. E, tamén, hai que distinguir: Os de Balouta e Suárbol, casteláns de dereito, pero galegos de feito. Agora ben, se tiramos pro outro lado do porto, eses eran "ancareses". E tal xentilicio tiña un valor pexorativo non disimulado: os do trato, xente sen palabra e sen peso, informales, pouco de fiar. Certamente, sendo eu neno, os ancareses eran os do outro lado do porto: Candín, Pereda, Teixedo… As xentes de Cervantes e de Navia eramos outra cousa, eramos galegos! Co tempo, os de eiquí tamén fomos aceptando ser "ancareses"; e, na actualidade, ser galego-ancarés, dos Ancares galegos, dá *pedigrí*. É o que ten o *márketin* ese. Mais… teño que precisar. Na nosa casa, na Casa do Muxo, adoitaban parar eses tratantes ancareses; especialmente "Os Cachuchos". Varios irmaus que andaban no trato, que cruzaban o porto cun fatado de vacas e chegaban a Navia a véspora da feira, e durmían na nosa casa; e as vacas, na nosa corte. No inverno, naqueles invernos, atravesar o porto non era cousa doada, xaora. Arredor de 50 quilómetros de andaina pre vir, e outros tantos pre volver. En cabalerías e a pé. Tres días fóra. Ás veces deixaban algunhas vacas na casa nosa, a cargo de meu pai. Teño que dicir que aqueles "Cachuchos" eran boa xente, pagadores e cumpridores, amigos. Mesmo o meu pai debeu andar en tratos, esta vez de namorar, cunha "cachucha" ancaresa. Despois, as cousas torcéranse…

As feiras… Que feiras! Do Bierzo, dos "Ancares", de Ibias, da Fonsagrada, Becerreá, Cervantes, Córneas… viñan feirear a Navia. E de máis alá. Ás noites, despois da feira, había tantas cabalerías atadas ás argolas, diante das cantinas, que non se daba entrado nelas. E eso que en cada casa había unha cantina. Corría o viño, corrían as cántigas, corría o cuarto… Por veces, o viño collía por mal camín e a feira acababa a paus. Aínda lembro unha batalla campal que protagonizaran os de Vilaverde e algunhos máis contra os de Córneas. Recreeinal nun relato, *Cornapelos*, de *Navia, nai*. Comeza así:

> *As argolas que había na parede non abondaban pre amarraren tanto cabalo. Simón da Poza quixo entrar no almacén a mollar a palleta; o viño era un dos escasos praceres que a vida lle concedera. Simón non era ben de todo. Andaría daquela polos trinta anos e aínda tiña cara de neno. De neno alto con andar de vello. O seu corpo escangallado abaneábase, a cada paso que daba, igual que unha caxiga verde. Mesmo parecía que aquel esqueleto de manteiga que ol sostiña se fose desmembrar dun momento pre outro. Aquela feira xa levaba o carro ben cargado. Quizás por eso non se decatou de que os cabalos que taban presos á porta eran dos cornapelos. El xa tiña oído falar deles. De sabelo, máis lle valera non ter entrado. Non sen esforzos, e correndo serio perigo de ir parar entre as patas dos animales, acadou o local. Xa dentro, e en vendo a clas de xente que eilí había ,*

dubidou entre dar a volta pre fóra ou quedar. Á fin, a sede púidolle máis que o xuício e a súa voz tatexou pre pedir un vaso de viño. Foi daquela cuando un deles reparou nel. Ó Simón, de cote miñaxoia, de bebido alixeirábaselle a lingua. Pero non pre falar mellor; ó contrario, volvíase malfalado e faltón. Os que ol coñeciamos, dabámoslle ó pau e non lle faciamos caso. Pero os cornapelos non ol coñecían de nada e veulles que nin pintado que aquel espantallo aparecese por eilí pre encetar a feira.

-Ois, viorto, bebe a modo, non vaia ser que te torgues co viño- falou un cornapelo.

-Me cago na Pena Moura -sempre empregaba o mesmo xuramento-, bebo como me dá a gana, que pre eso ol pago- farfullou o Simón.

De seguido, ergueu o brazo e levou o vaso á boca. Entón, o que falara primeiro chusgoulle o ollo a un dos outros e este bateulle un case nada ca caiada no cóbado ó infeliz; e fixo que o viño lle collese por mal camín, ata polos narices. Simón tusiu e espurriou o viño. O outro deulle unhas palmetadas no lombo máis fortes do necesario.

-Me cago na Pena Moura, ois, fillo da cuza, quítame as maus de enriba que teño a navalla mui ben afiada, non vaia ser…

E foi. Simón non era ben. E era mui normal que os mozos dun lugar asoballasen, humillasen e abusasen cuanto se lles antoxaba do débil, ou dos débiles, da tribo. Ora que, como a alguén de fóra lle dese por meterse con el, daquela, non había peor ofensa. Por eso os de Vilaverde e achegados, aquela noite, en cuanto se enteraron da afronta, xuntáronse pre chamar a contas ós cornapelos. Fora épica a liorta.

A aquelas feiras tamén viñan xentes de Balouta e de Murias de Rau, por setembro, con varas de ablaira pre varexar os castañeiros e as nogueiras. Dábanse e danse mui ben nas beiras do Rau. Feixes de varas de 4 ou 5 metros carretados ó lombo, costas arriba e costas abaixo, unhos 30 quilómetros. E, supoño, as que non vendían, volvíanas pras casas. Que duro era facer un peso… E cesteiros con peselos, banastras, e cestos de todos os tipos. E albardeiros, capadores, tratantes desto e daquelo, zoqueiros, romanceiros… Bailes no salón de Carmen de Marcelín… Empanada de sardiñas, polbo… Rosquiñas e algún chifre pros nenos… Ño! Vou maior! Xa teño muito que contar…

E as festas… Que festas! Navia anegada de xente pre honrar a virxe das Dores… Unha riada de crentes que chegaban descalzos, camiñando de xeonllos… pre cumpriren as súas ofrendas. Pero, tamén, pre bailar e troulear… Pre xantar nas Veigas o luns, día da romaría… Precisamente, e en relación ás festas, teño que dicir que non din atopado o pregón que Manuel María escribiu e deu en Navia, creo, aló polo ano 1983. Que mágoa! Se alguén soubese algo del…



Perduran as marcas do tempo… O arame guarda, aínda, a ilusión…

Falei das relaciois cos de fóra. Pero había dicir algo tamén das relaciois entre nosoutros. Como na viña daquel señor, houbo e hai de todo. Cuando o traballo era á mau e había muita xente, o sentido do labor colectivo taba instituído. Pre botar a colleita, pre segar, mallar, esfollar o maís, matar os cochos… E, despois do traballo, as polavilas, as festas. E os xuntoiros na fonte ou nunha aira, nun quintairo, nun cancileiro, nun camín… Pero, non nos equivoquemos, non todo eran rosas; tamén había espiñas e corría o sangue por mor dun marco dunha leira que lle daba por mover os pés, por un derrego que se botaba fóra de si, por unha vaca que entraba nun xardín prohibido de verzas ou nabos… Unha moza que atendía a máis dun mozo… E, peor, aínda, se un deles era alleo… Si, o mellor e o peor da xente. Como en todas partes, xa que logo. Que tampouco somos tan revirados nosoutros, eh… Xa falei de como se abusaba dos débiles. Pero, tamén, cuando ardía unha casa, ou diante de cualquera desgracia, a veciñanza era solidaria sen miramentos. Incluso, se o meu informante non novelou de máis, seica na Guerra Civil, os representantes da falanxe local enganaron os xefes de Lugo pre que lles dese tempo ós seus veciños *rojos* a "retirarse". De feito, no concello de Navia non debeu haber mortos por represalias ou axustes de contas, que eu saiba. Na fronte, si; eilí morreron mozos naviegos como de cualquera outro lado; pero non se aproveitaron xenreiras personales pre tomar represalias, tal e como pasou en tantos sitios. Esto gústame contalo, porque fala ben da xente de Navia daquel tempo tan tinguido de dor, de odio e de sangue. Despois… Despois todo foi mudando. Ca chegada das máquinas, a pouca xente que quedaba e queda en idade de traballar, foise volvendo muito máis autosuficiente. A radio, primeiro, a televisión, internet… "Feisbu"! Si, mudou todo. A maneira de traballar, de vivir, de relacionarse, de pensar, de sentir… Detrás de tempos, tempos vein… Sempre foi. E será.

E aínda quería engadir un case nada sobre outro tipo de relaciois, non mui amables noutrora. Refírome á relación dos vilegos cos dos *pueblos*, como se dicía por

eiquí. A vila de Navia ten sido mui "señorita". E miraba ós da aldea por riba do ombro. Ata na forma de vestir había evidencias. Esto aínda ol vivín eu. Pouco a pouco, as cousas foron indo a mellor. As concentraciois escolares axudaron muito a sanear estas relaciois. No tocante ó arraigo e ós dereitos dos individuos e das comunidades, xa é outro cantar. Pero, nesto, foron decisivas. Agora, as nenas e os nenos medran xuntos e interactúan dende os tres anos, comparten experiencias un mangado de cursos e a relación é, inevitablemente, de amizade. Tamén en *Zreixas bravas* (*Navia, nai*) escribín un relato que algo ten que ver con aquela relación tan pouco amable.

> *Era un neno pobre. Mui pobre. Da aldea. Era un neno mui pobre da aldea. Sucio e mal vestido. Mui mal vestido, con remendos. Se mal non lembro, era rubio; pero mui espeluxado. Levaba postas unhas botas que lle quedaban grandes, mui grandes. Debían ser de seu pai, se ol tiña, ou de seu avó. Eran unhas botas vellas, mui gastadas. Debía ser, o neno, do Tabillón ou de Embernallas. Ou, igual, da Balsa ou da Cernada. Era por maio, polo tempo das zreixas.*
>
> *O neno pobre, que quizás fose de Embernallas, trouxera a vender unha cestada de zreixas riñas, verdes aínda, que amargaban. Debían ser zreixas bravas. Pedía a peso por cada pratadín do café. Naide lle compraba. Pepín de Xosé díxolle que as rebaixase, que, se non, non vendería nada. O neno pobre fíxolle caso.*
>
> *Saímos ó recreo. O Catuxo, ó que ol viu, dixo:*
>
> *-Ímoslle roubar as zreixas a aquel pabilón…*

Por outra parte, a xente da vila era hospitalaria e aberta, e segue a selo, coa xente que chegaba/chega de fóra. Si, a amizade prende fácil eiquí. Temos boa terra, bon clima, boa mesa e bon viño. Abonda. Lembro o caso daquel pescador ó que convidaron a ir pescar alpibardos de noite. "Si, oh, eiquí péscase polo día e pola noite; polo día, truitas; e, pola noite, alpibardos". Reticente ou non, o home aceptou a proposta. E, en chegando a noite pecha, marcharon á beira do riu. Ó forasteiro déronlle un saco e dixéronlle: "Métete eí, cos pés na auga, e chama por eles polo baixín, non vaia ser que os espantes; nosoutros imos eí, algo máis arriba". O aprendiz de pescantín de alpibardos preguntou como había chamalos. Ti dilles: "Alpibardo, vente ó fardo, que por ti aguardo". Non sei cuanto ol tuveron aguardando. Despois, cea e borracheira cumpridas e… amigos pre sempre! En superando o ritual iniciático, coser e cantar. Si, muita xente chegaba eiquí, por cualquera razón, e enraizaba fondo. E esto segue pasando, certamente. Aínda que tamén haberá quen saia escaldado, que flor que guste a todos non se cría en lado ningún.

Na boa mesa e no bon viño tamén me quero deter un case nada. Porque tamén somos xente de bon comer e de bon beber. Marisco non temos, abofé. Pero as truitas do Navia son incomparables. O peor é que, agora, xuntar dúas ducias delas xa é privilexio de poucos. Noutrora, xa ol dixen, habíaas a esgalla… Mais, a falta de lumbrigante, un bon galo do país feito con maus expertas e amorosas fai relamber os dedos. Xa non digamos unha lebre, un coello do monte, unhas perdices… E a carne á maragata facíase muito tamén e con muito éxito. As costeletas e os bistés de xato de eiquí tein sona ata en Madrid. Un cabrito, un año… sendo da casa, fartura sen taxa. O corzo ou o xabaril con castañas… E, se pasamos ó cocho, somos os inventores das androllas; delicioso embutido feito con angallada, é dicir, costela de porco picada, debidamente adobiada, sazonada, embuticada na tripas gordas e curada ó fumo. No tempo da fame, pre estirar a angallada, picábanse os pelexos e engadíanselle á costela; un que outro non lle quedan mal; pero, sen abusar, que mellor sabe a carne con óso. Na Fonsagrada chámanlles butelos… Que saben elos! Butelo só hai un por cocho, a ver se se decatan dunha vez esos do teso. O butelo faise co mesmo mondongo, pero enchendo o ventrullo; e, que eu saiba, ventrullo só hai un por animal. Polo menos, nesta terra. Na Fonsagrada (boa xente, eso si, xente amiga) non sei… igual os porcos da Fonsagrada tein varios ventrullos… E cuando se enche a tripa gorda ca mesma costela, entón facemos o pigureiro; un por cabeza, igualmente. Os chourizos e as morcillas saben ás mil marabillas. Os turrullois, a cachola, o rabo, a soá… E o lacón tamén ta ben bon! As nabizas, os garavanzos… E os cachos que sobran da noite, torrados na prancha desoutro día pola mañá… E os faragatos que quedaron na pota, pisadiños na tixola cunhos turrullois das tripas e unha ceboliña ben picadiña… miña madriña! E o queixo de cabra que me facía a miña avoa Carme… Tamén me conformaba se fose de vaca, daquelas vacas nosas… A Morena, a Pinta, a Lucera, a





Non recoñeceremos a derrota… Mentres a Terra sexa xenerosa…

Garrida… E as filloas con mollo, tal e como mol daban en Murias de Rau… Pero, non saberedes que é o mollo, claro… Quéntase mel cunha pouquiña de auga e bótaselle manteiga de vaca; as proporciois a gusto de cada quen. Métese a filloa no mollo, enchóupase ben e… delicia suprema! As papas de arroz… Empanada de chourizo e toucín entrefrebado… Empanada ou compota de mazá. Peras ó viño… E a rosca de noces e pasas que facemos eiquí… O doce de castañas… Ai… Os amorodos, os pexegos, as zreixas de maio ou os garcios de quince libra… as peras de auga, as mazás do Santiago… Róncalle o nabo!

E xa vos dixen que tamén temos viño en toda a ribeira. Cada casa gobernaba a súa propia viña, ou tallos de viñas, e facía viño pre consumo familiar. As cantinas da vila, que eran muitas, como xa dixen, adoitaban ir mercar uvas ó Bierzo e mesturábanas cas do país; e cuando foron deixando de cuidar as cepas de eiquí, xa se deu en traer toda a uva de León, e, incluso, de Zamora. Lembro as procesiois, de cantina en cantina, pre probar o viño novo, a ver cual saíra mellor. Kubala, Tralacerca, Xulio de Nicasio, José de Baixo, Arsenio, Eladio do Muxo… E, do outro lado da ponte, O Burato, a de máis sona fóra. Muita xente de Lugo me fala do Burato, unha cantina enxebre onde as houber, metida debaixo da pena da que saíron as pedras pre facer a ponte e, tamén, o castelo; tan só tiña unha parede, a fachada frontal. Hoxe, ningunha delas queda. Ai… O viño novo, os magostos… A augardente da nosa ribeira… E, se a alguén non lle gustase o viño, no tocante á auga, a fonte de Navia dá unha auga que cura o mal de amores. Fresquiña, no vrau; natural, no inverno… Acouga a mesma señardade.



As cepas vístense de outono… Regalía pros ollos…

Ben sei que tou algo chufón. Xa me decato. Igual non me credes. E tedes razón, facedes ben en non crerme. Non son obxectivo. Pero, se non vos fiades de min, facédelle caso ó bardo Isidro Novo, que de bon comer e bon beber aínda sabe algo:

Lembro estar por Navia no primeiro lustro dos oitenta. Eu tiña estado antes, pero non collera referencias. Soamente recordaba que había unha taberna fermosa ao pasar a ponte medieval que tiña un tinto moi xeitoso e tamén desa vez foramos probarllo. Á hora de xantar fomos a unha casa nunha praza - non sei se a Maior ou a de Chao da Torre, - onde nos dixeran que daban de comer malia que non houbese nada no exterior anunciando que o confirmase. Dixeramos na porta ao que viñamos e dando por boa a nosa vontade, a señora de mediana idade que nos atendeu subiunos a unha primeira planta nun silencio relaxado e amábel. E logo de acomodarnos á mesa dun comedor común de casa particular da época e de poñernos a bebida, desapareceu sen facernos ningunha pregunta. Cando volveu aparecer logo de pasado un tempo fíxoo cunha enorme sopeira e logo, seguidamente, cunha bandexa de arroz con carne e axiña con outra de cocido, e despois desa, con unha de carne asada e non sei agora se houbo máis... Logo trouxo unha variada sobremesa e cafés, botellas de licor, whisky... Todo moi rico e moi económico. Saímos de alí moi contentos.

Si, definitivamente, os de Navia somos todos *bois*.

5. Da historia e do patrimonio

Pre abrir boca, tirarei de comodín. Un comodín literario que nace de entre dúas penas fondas, que son alicerces da vida: o sentimento e a xenerosidade. Un comodín, un debullar literario, con letras de ouro da autoría de Armando Requeixo, Mestre de Cociña Maior das Nosas Letras. O de Mondoñedo, con amor, escribiu de Navia e pre Navia o que segue:

Navia nación de auga, veas fluentes da filla de Lugoue e Elaídna, nos confíns das terras dos seurros, pé das estremas que habitan os albións.

Navia matria, arco infindo da Ponte da Pobra, calzada que apunta aos ceos dende os tempos do Imperium.

Navia fidalga, señorío e feudo dos Osorio e do grande Conde de Altamira, muros medievais que ollaron o mundo dende os comezos do primeiro milenio e esborroaron irmandiños.

Navia en lombas e castrelos, corgas e furcos, píncaros que desafían os horizontes no Porto dos Ancares e chaman de tu os altores astures de Ibias, as cumieiras leonesas de Candín.

Navia castrexa do esplendor das citanias, landas de mámoas e dolmens, inframundos da espenuca das Penas de Frou, vieiros subterráneos entre os castros fortes de Cantón e Cabanela.

Navia cereal de farturento vizo, reino de pallozas e piornos, rodicios e pombais, alzadas de Pan do Zarco e Vispeiro, muíños do Ser, cortíns das solainas do Rao nos que a pedra libra de todo mal urso o néctar de Aristeo…

Navia anainada por un bris antergo e melancólico, vas comigo cosida ás pregas da amizade, á letra outonal de quen mellor te cantou no tempo noso, beizón que ha perdurar, por sempre, na santa mesma dos ollos.

Fermosa introdución, pois, que me serve pre aproximarnos un case nada á historia, ou ó que sabemos da historia, desta terra. Vaia por diante que non podo fachendear de ser un bon coñecedor do noso pretérito, do noso patrimonio, nin da nosa etnografía. Vou botar mau da miña mui escasa formación, da miña memoria de pulga e da miña preguiza como atenuantes. Tampouco son un tipo necesariamente curioso, nin lido. Oín dicir que nesta bóla xiratoria naide é perfecto. É un mínimo consolo pre lutiar contra a culpabilidade. Daquela, non me vou estender mutio neste lance. Roubarei coñecementos na viña dos que saben. Non podo, nin quero, que non son tan ousado, competir con José Manuel González Reboredo, Pegerto Saavedra Fernández, Enrique López Fernández, Xabier Moure Salgado, etc., que son mestres na materia. Beberei das súas e doutras fontes pre contextualizar minimamente este meu exercicio literario; non irei máis alá. Quen queira afondar na bouza da historia, da nosa historia, poderá axudarse da bibliografía final; e, por ese camín, chegará a mutia e mellor información ca que eiquí eu deixo.



Mírome no espello da auga… E vexo medrar o día…

E, daquela, que sabemos da historia de Navia de Suarna? Pre comezar e, insisto, sen ánimo de esgaravellar mutio, falaremos da orixe do topónimo. Xa quedou recollida noutro punto a posible orixe de "Navia". Cómpre dicir algo agora referido a "Suarna". Ó parecer, podería vir da preposición latina *so* (baixo ou debaixo) maila partícula *–arn* (terra). Cabeza Quiles opina que derivaría de *sub arna* (debaixo da depresión). Segundo Manuel Murguía, a etimoloxía de Suarna vén das palabras sánscritas *rua* (ribeira) e *arna* (riu); Murguía considera céltico o nome de Navia, deducindo que, polo tanto, significaría "á beira do río Navia". E, que opino eu? Miñaxoia… Eu opino que me parece ben o que opinan todos elos.

Entrando no ámbito da historia propiamente dita, a

señora Wikipedia non sei se será de fiar; pero o señor Xosé Manuel González Reboredo, e con el a páxina web do concello, dinnos que existe mui pouca documentación que nos permita coñecer a historia de Navia de Suarna na Idade Antiga; e pouco, tamén, respecto da Idade Media. Hai que ter en conta que a Igrexa non tuvo unha presencia notable nestas terras e non houbo quen guardase e conservase viva a memoria da nosa xente e do noso concello, dinos Reboredo, escritor relacionado afectivamente cas terras ancaresas. Non obstante, os restos arqueolóxicos aparecidos son testemuña da presencia de asentamentos humanos nestas terras dende a época megalítica. Curiosamente, atopei esta xoia no blogue de Xabier Moure: "Segundo algunhes autores, en Coea, na parrquia de Castañedo, está a orixe do emperador romano Teodosio I o Grande (347-395). Se ben é certo que a maior parte dos investigadores sitúan o seu nacemento en Coca (Segovia), non fallan os que o trasladan a Galicia. Benito Vicetto identifica Coca ca parroquia de San Salvador de Coea, en Castro de Rei; mais, Amor Meilán inclínase pola Coea de Navia de Suarna". Lenda? …?

Certamente, con anterioridade ao século XVI, só temos noite, case, pecha. Algunha referencia á ábsida románica da igrexa de San Miguel de Barcia, á ponte de orixe romana e ó castelo medieval… E acabouse a colleita. Mui pouca cousa, pois. Mais sábese que a representatividade social taba xa ben definida e que por volta do 1466-67 os irmandiños botaron abaixo a fortaleza dos Altamira. Deste feito dá conta o senlleiro naviego Constantino Bértolo Cadenas (Tino de Féliz pre nosoutros), afamado crítico literario e editor, quen recrea de maneira épica a arroutada irmandiña nun texto titulado *Irmandiños del Navia*, creo que inédito, que se le con degoiro. Reproduzo unhes anacos:

> *Desde las alturas de la barrincada Quicho de Féliz vió levantarse la polvareda, escuchó cascos y rumor alborotado de muchas gentes avecinándose. Vióse luego como la bandada de la Hermandad vandeaba el rio Ser por las praderías de Villa de Quinte y alcanzaba a Veiga de Son. Con Don Alvaro de Quindós y sus capitanes gran bando de cuadrilleros con treinta flecheros, cincuenta lanzas y más de tres docenas de caballerías bien armadas y defendidas se aposentaron en la casa grande de Freixís habiendo grandes regocijos y ruido gozoso cuando el procurador que con Don Alvaro hacía compañía , con vara de mando en enseña, dio cuenta del desmochamiento alcanzado de las torres de Doiras que hasta entonces les había mantenido en trabajos y envió discretos a reclamar al alcalde de la Puebla su venida así como mandar recaudos y avisos a las gentes de Vilaverde, Son, Vilar de Pardín, Vila de Quinte, Barcia, Mera de Barcia, Villa de Antón, Abrente, Envernallas, Queizán, Penamil y de otros lugares del a este lado y de al otro del río para que todos tuvieran noticia y se levantase concejo antes de adentrarse en la Pobla de Navia para deshacer rocas y muros y murallas que la torre se levantaba sobre roquedal abrupto y a su refugio se hallaban los hombres malhechores de Altamira bien armados…*
>
> *…Y fue entonces que Quicho de la casa de Félix se hizo oír adelantándose hasta el asiento de Don Alvaro y pidió derecho de sangre por razón de sentirse el más asoballado y quebrantado por las*



No corazón da pedra latexa un queixido…
Que convoca á reconquista ó pobo irmandiño…

arbitrariedades y desmanes de Altamira y sus allegados, que a su padre Ricardo, quién fielmente había combatido bajo las ordenes reales en las contiendas y trastornos de marras, habían dado alevosa muerte, en noche y a escondidas, y luego arrojada fue su persona, que infante sin talla era por entonces, y su familia, su madre Doña Dorinda y sus hermanas, de su casa de Villar de Antón y que tuvieron hospitalidad de sus parientes de Ibias donde criado se había y con talla y fuerzas se sentía y por eso reclamaba ocasión primera de desclavar la afrenta a su sangre con la sangre de Don Nuño Lamas que ese sí era villano y nacido en mala hora. Don Alvaro dióle espada y cota de malla y bien dijo que la Hermandad no era tarea de venganza pero que bien atendía su reclamo y que acaso ocasión tuviera, y hablando a todos la vara de mando cogió de manos del procurador y dio cuenta de haber mandato del rey para el desportillamiento y desmochamiento de fortalezas, torres y muros de todo el Reyno que como encomendador de las Santas Hermandadas a cumplir ese mandato estaban emplazados y que razón de todo aquello era la llegada de las huestes y que a hacer juntanza y armas en la fecha de mañana, día de san Miguel, hacía llamada para llevar acabo la obediencia sin fuego o con fuego si hubiera resistencia…

Alguén, poñamos por caso, o concello, debería publicar o texto íntegro. Fago votos. Pero, sigamos co fío da historia. Despois da desfeita revolucionaria labrego-fidalga, o señor de Altamira impuxo a súa lei e obrigou a refacer o castelo, pois resalta ben á vista. Porque el non ol ergueu, a bon seguro. Quen ol faría? Todos ol sabemos, non si? Pois xa é hora de que vaia volvendo a quen ol fixo, desfixo e refixo. Non vos parece? O pobo. A administración, ou administraciois, deberían poñer o máximo empeño nesto. E a veciñanza tamén, claro. Polo visto, este conde de altas miras debeu

facerse cas terras, ou con parte delas, do que fora en tempos da reconquista o antigo Condado Naviensis, terceiro dos condados galegos, segundo Vázquez Seijas. E esto debeu acontecer aló polo andar do ano 1450. Nalgunhas fontes lin que os Osorio tamén chegaran a ser propietarios desta parcela, mais non hai coincidencia plena neste punto. Compraríallelo o conde de Altamira ós Osorios? Quen ol saiba, que nolo diga, por favor. O caso é que por volta do 1611, o conde da época fixo inventario das súas mutias posesioios no concello de Navia. De tal facer xa se guarda documentación no Museo Provincial de Lugo. Dado que a Igrexa pouco mandaba por eiquí, os dominios do conde eran plenos: súas eran a vila e as xurisdiciois civís e criminais; ie tamén exercía o control económico e eclesiástico. E, claro, arredor do conde, xirarían os satélites habituales, as delegaciois do poder ou rendeiros secundarios, case sempre fidalgos. E esta estrutura socioeconómica mantúvose ata ben entrado o século XX por estas terras. Aínda o meu avó lle baixaba a cabeza e quitaba a gorra cuando o señor de Freixís pasaba por diante da Casa do Muxo. Os décimos foran abolidos no 1830, mais os fidalgos conservaron o seu poder vía arrendamentos e foros. E tampouco podemos esquecer que as medidas desamortizadoras non tuveron, practicamente, consecuencias por eiquí, pois xa dixemos que a Igrexa campaba mui pouco nestes lares. Finalmente, a maioría dos caseiros puideron ir redimindo as súas rendas, e outros optaron polo camín da emigración. Esí, esta estrutura de sometemento servil foi entrando en crise e acabou por entregarse á historia, que todo ol devora.



As fondas ie embeleñadas raíces do feudalismo tamén sucumbiron diante do vento devorador da historia…

Unha historia que se escribe a golpes. A golpes de estacas, de espadas, de canois… Ou de azar. Unha historia que se escribe a golpes de egoísmo, de odio, de vinganza…

Ou de amor. Pero a historia dos pobos non é lineal. Unicamente os episodios singulares pasan a esa historia. Segundo lin en diferentes fontes, por volta do século XV, Gonzalo Becerra de Navia, sobrín do mariscal Pardo de Cela, participou do lado do seu tiu núa quimera entre señores feudales contra o mesmo conde de Lemos. Seica este, o conde de Lemos, quixo someter a Fernán Díaz de Ribadeneira, de Sobrado de Aguiar (Outeiro de Rei); pero o Ribadeneira era protexido do Conde de Monterrei, quen convocou os seus, o mariscal Pardo de Cela entre eles, pre poñerlle respecto ó de Lemos; e, co mariscal, o seu sobrín naviego. Do resultado da liorta non se fala. Veleiquí un anaco, algo confuso, de historia. Da nosa historia.

Aínda que a súa importancia non traspasa as marxes da anécdota, pero anécdota histórica, non podo deixar de facer referencia a outro feito singular: o paso das tropas napoleónicas polas terras de Navia. Esí ta recollido nun documento que se atopa na páxina web da Biblioteca Virtual de Andalucia, onde se conta que o 14 de maio de 1808 pasou por eiquí o propio mariscal Ney encabezando unha mui numerosa expedición que se dirixía a Oviedo. E que intercambiaron disparos de fusil, e que fixeron varios prisioneiros en Navia, ademais de destruír o Arquivo Público. Tamén se di neste curioso e interesante documento que, a pesar de que o mariscal francés se decatou de que o chamado Exército de Galicia, formado por unhes 3000 homes de infantería de liña e unha multitude de labregos armados ó mando dos xenerales Mendizábal ie Maky, estaba acampado en A Fonsagrada e Piquín, preferiu menosprecialos e virarlles as costas pre poder chegar antes a Oviedo, que era o seu obxectivo. Despois de ler esto, atopei outra fonte que aseguraba que Ney chegara a España en agosto… Non sei… Cuanto máis afondo na historia, máis dúbidas históricas vou colleitando…

Máis adiante, segundo foi medrando o século XIX, parece ser que os predicamentos carlistas tuveron bastantes adeptos por eiquí. Ó parecer, os nosos fidalgos, pouco poderosos, entenderon que o Carlismo defendería mellor os seus privilexios e arrimáronlle o ombro á causa do infante Carlos María Isidro, irmau de Fernando VII; renegando, polo conseguinte, do sospeitoso liberalismo. Dise que un batallón de arredor de 600 homes da comarca ancaresa participou nalgunha das incursiois carlistas.

De seguido, correron os anos e chegaron a Guerra Givil e o franquismo. Anos ben tristes, anos de dor, odio, medo e sangue, amais de fame. Non houbo grandes carnicerías no noso concello, como sucedeu noutros, esto é certo. E xa contein do sentido da veciñanza e da humanidade dos falanxistas locales. Pero… O trebón e as consecuencias foron, non obstante, cruentos. E nas batallas de eiquí e de acolá tamén perderon a vida, ou a saúde, un número importante de mozos naviegos. Sendo eu neno, aínda lembro o desacougo e o medo que sentían as xentes (e eu, claro) dos *pueblos* a que se achegasen *os rojos* polo lugar. Unha noite entraron en Silvouta e deberon facer unha boa desilada. O caso correu de boca en boca como o vento. Con estes antecedentes, na miña imaxinación nena, medrou a idea de que os tales *rojos* eran xentes peores có demo e có trasno xuntos; xente malísima, armada con cutielos, pistolas e escopetas, que entraba nas casas pola noute e que collía o que quería e facía cousas mui riñas. Co tempo, fun sabendo algo máis daqueles tales *rojos*… E os libros, algunhes que eu lin, falaban mellor deles… Aínda que tamén habería xente indesexable nesta familia. Como en case todas… Pero, vaia, souben outra versión de quen eran, de que facían e de por que ol facían.

Despois da tormenta, foi chegando a calma. E viñeron unhes anos de crecemento económico e de melloras importantes, non sen traballos e teimosos esforzos. E, máis despois, apareceron a negra sombra do Gran Suarna e a riada da emigración. E pasou o que pasou… Pero eiquí seguimos. Facendo historia. A nosa historia. Que outros escribirán. Adiante!

Histórico tamén é o noso patrimonio monumental, arqueolóxico, etnográfico… Deste patrimonio, as xoias serían a ponte romana e o castelo dos condes de Altamira; indisociables ambos doutro monumento, esta vez, natural: o riu. Hai xa ben anos escribín:

> *Navia de Suarna, unha pequena, pero fermosa, vila de ribeira. Unha vila atravesada por un non menos fermoso riu; riu ó que se cingue, como anel ó dedo dunha belida dama, unha lanzal ponte de inspiración romana; riu que flúe sereno porque se sabe guardado pola nobreza dun medieval castelo…*

Ademais, covas, vestixios dun poboado primitivo, mámoas, castros, pallozas, restos funerarios, alzadas... Tal vez sean a arquitectura e a arte relixiosas as nosas zonas de



Riu que flúe sereno…
Porque se sabe guardado pola nobreza dun medieval castelo…

sombra. Xa dixemos noutro momento que a Igrexa acadara pouco poder por eiquí. E nótase. A pesar de contar cun Mosteiro na nosa toponimia, nada se sabe da existencia do tal mosteiro. Igrexas e capelas interesantes, si; mais, non sobranceiras. E ningún cruceiro de pedra en todo o concello. Sorprendente. Pero, si, en substitución, cruces de madeira nalgunhes lugares, polo menos, ata un pasado recente. Xa falaremos delas.



A virxe dos Remedios non deu co remedio…



Cuando a hedra pode ca pedra…

castelo fortaleza de Navia érguese sobre unha zapata rochosa sobresaliente; na fachada que dá ó riu, e en case toda a súa base perimétrica, hai un desnivel cortado mui considerable. Mirándool dende o outro lado do riu, ou dende o barrio de Subcastelo, semella que ta empiricoutado nun enorme penedo. E así é. Posiblemente fose construído ca intención de defender a ponte medieval que arrinca case ó pé da súa porta principal. Certamente, da orixe do castelo non se sabe gran cousa. Suponse que os actuales propietarios guardarán papeles que, cuando vexan a luz, quizás aporten información valiosa. De momento, coñécese que xa existía polo andar do 1037, porque así aparece reflectido nun documento da época no que se di que foi entregado por Rodrigo Gutiérrez á súa muller Senior, a doncela de Suarna, como dote. Debeu pertencer ós Osorios e, despois, pasaría ás maus do conde de Altamira no 1450. No 1467 foi derrubado polos irmandiños, total ou parcialmente; pero, sufocada a revolta idealista, o poderoso conde obrigoulles ás xentes do lugar a volver a erguelo. Talvez non se reconstruíse fielmente, mais aínda conserva murallas e

torreois da obra orixinal. E un lenzo de elegantes ventás de estilo renacentista, engalanadas de virxinales follas de hedra cumprida. Sucesivamente, iría cambiando de donos ata que, xa no século XX, un cura, Manuel López Ernesto, fíxose ca súa propiedade e destinouol a vivendas de aluguer, despois de sometelo a un "adecentamento" indecente e mui irrespectuoso ca historia e cas máis elementales normas da harmonía estética. No século XX chegaron a vivir sete familias no interior do castelo. Cara a finales do pasado século, as familias que vivían nel foron abandonando esas vivendas e esí foi quedando, ferido de mal gusto e de desleixo. Falecido o cura, que teño oído que habilitara no castelo sete vivendas pre deixarlles unha a cada un dos seus sete sobriños, a propiedade pasou a estes, ós herdeiros. Pero nunca ocuparon as tales vivendas. E eiquí tamos, cun castelo ou fortaleza medieval envolta en hedra, que chora a berros que alguén se preocupe por ela e al poña en valor; e eso que posúe o recoñecemento BIC. Lembro cuando, de rapaces, xogabamos a *Tres navíos en el mar* e unha banda procuraba agocho entre os diversos recunchos que ofrecía o interior dos seus muros. Berrar dende o pico da atalaia "Tres navíos en el mar" e escuitar ó lonxe, dende o penedo da Forca, dende a Sendiñela, ou dende cualquera outro lugar da vila, a resposta dos integrantes da outra banda dicindo "Otros tres en busca van" era emocionante. Daquela taba franco e entraba quen quería e cuando quería nel, no castelo; porque cada vecín tiña a chave particular da súa propia vivenda e non había porta principal. Agora si, agora hai unha boa porta de madeira, con porteiro electrónico e todo; pero, se chamas, só che responden as pantasmas con voces de ultratumba.



A ponte chepuda. *Ánxel Fole*

A outra nosa xoia monumental é a ponte. A ponte, chamada por todas e todos nosoutros Ponte Romana, ou Ponte Vella, é única. Mais, quizás, de romana só lle quede a orixe; pois parece ser que foi feita, a actual, entre os séculos XIII e XIV, sobre os restos

da antiga romana; algo parecido á orixe da Ponte de Cangas de Onís, ca cal tamén guarda certo parecido. Algunhas fontes apuntan que ata mediados do século XVIII, pre pasala, había que pagar un *pontádego*, o que lle suporía ó conde de Altamira unhes 88 reales de vellón anuales. En todo caso, é unha ponte, certamente, espectacular; cun arco mui apuntado, case oxival (Fole chamoulle "A ponte chepuda"), e cunhes muros de protección mui altos; e, ademais, as súas fachadas non son ben rectas, fan un pequeno ángulo, debido a que é máis ancha nos comezos da calzada de ambos lados que no cume.

Como xa dixen, a páxina da arquitectura relixiosa é a menos brillante. Aínda que, no tocante á relixión, todo é cuestión de fe… Por que a Igrexa deste lado do mundo foi tan humilde, en comparación ca da Ribeira Sacra, poñamos por caso? …? Curiosamente, tampouco é a igrexa da vila a máis salientable do concello. Todas as parroquias tein un templo sinxelo, fabricados con pedra do país e sen grandes alardes arquitectónicos. E, ademais, a maioría das aldeas non parroquiales posúen capelas propias mui modestas; talvez a súa fermosura radique nesa sinxeleza. Poderiamos destacar a igrexa parroquial de San Miguel de Barcia, que conserva unha ábsida románica do s. XIII; a de Santa María de Rao, con dous retablos interesantes; a de San Salvador de Mosteiro, cun retablo barroco; e a de San Estevo de Vilarpandín, que posúe retablos e tallas de certa importancia. Entre as capelas, salientar as de Abrente, Marcelín e Molmeán.




Onde os castañeiros fan de cruceiros…

E, como xa apuntabamos, ningún cruceiro de pedra en todo o concello. Pero, na zona de Rau, e quizás noutros lugares, existiu un costume que podería facernos pensar en que, dalgunha maneira, a ausencia de cruceiros de pedra foi substituída por castañeiros nos que se cravaban cruces de madeira. O tal costume aparece documentado por Walter Ebeling no seu libro de fotografías *A terra e os homes* (1928-1933), páxina 234. González Reboredo pescudou esta práctica e chegou á conclusión de que, efectivamente, estes castañeiros taban situados á saída dos

pueblos, en dirección ós cemiterios. E cuando a comitiva fúnebre chegaba á súa altura, detíñase, rezábase pola persoa falecida e cravábase unha cruz de madeira no castañeiro das cruces no seu recordo.

No eido da arquitectura civil tampouco podemos sacar mutio peito. A nosa nobreza e a nosa fidalguía non foron aló mui poderosas. Os nosos pazos e as nosas casas principales destacan en relación ás casas labregas medias da zona, pero quedarían mal diante da grandiosidade e ostentación das casas nobres doutros lugares do país. Tres focos de poder local, cas súas respectivas vivendas acomodadas: Freixís, Virigo e Pin.

Destes tres "palacios", o mellor conservado é o de Virigo, pois aínda tá habitado. De todos xeitos, os actuales propietarios non entroncan por vía sanguínea cos fundadores do coto (don Pedro Álvarez Osorio e a súa esposa dona María Sarmiento, que viviron no século XVI) nin cos seus descendentes. Segundo Antonio BenitoYebra de Ares, don Joaquín Perejón Pardo, que foi delegado de traballo en Lugo a finales da década dos corenta do pasado século, e don Ramón Perejón Pardo, enxeñeiro industrial, foron descendentes directos da familia fundadora deste pazo. Un pazo que posúe unha torre e portadas salientables; e un escudo rectangular *cuartelado*, con tres flores de lis, lúa contornada con tres estrelas, cinco estacas verticales, unha torre e unha inscrición borrosa.



Medran o baleiro ie o silencio… Onde houbo luz… Ie prosaico alento…

O palacio de Freixís veuse abaixo; só o arco da portada principal e o escudo deixan ver aínda que eilí viviron xentes de poder. Neste escudo, na parte superior, locen tres flores de lis, media lúa sobre estrela e cuatro barras; na inferior, aparecen un castelo e un guerreiro sobre un león; e todo coroado por un helmo.

O palacio de Pin, ou dos Becerra, tamén ta deshabitado. Nesta importante casa naceu don Manuel Becerra Neira, quen viviu a cabalo dos séculos XIX e XX e cursou a carreira de leis, chegando a ser

Deputado Provincial polo distrito de Fonsagrada e Becerreá, ademais de ostentar mutios outros cargos ó longo da súa vida. Este señor casou con dona María Estrella Cela y Cadórniga, mais non deixaron descendencia. A partir de eiquí, a casa entra nun período de progresiva decadencia. Del contoume unha anécdota Guindo de Pin, un vello sabio. Dado o seu poder, Becerra seica desviou o trazado da estrada Becerreá-Navia pro outro lado do riu. Como non aceptou que a referida estrada estragase as súas propiedades, mandou que al fixesen pola marxe contraria a Pin, en contra do proxecto inicial. Ó parecer, co paso do tempo, sufriu nas súas propias carnes as consecuencias do supino erro; foi cuando enfermou gravemente e tuveron que sacalo da casa nun carro de vacas pre levalo ó médico. Xa vedes, os poderosos tamén erraban. Don Antonio BenitoYebra de Ares, na súa obra *Pazos y señoríos de la Provincia de Lugo*, cóntanos como foi o acto de despedida de dona Estrella Cela y Cadórniga, falecida en 1928; un relato ben interesante, pois axuda a facernos unha idea bastante clarificadora da influencia e do poder que estas persoas acadaban nos seus ámbitos de referencia. Yebra de Ares di: "O ataúde portárono cuatro colonos da casa, e as cintas ofrendáronse en 50 pesetas; e foron levadas polos señores don Octavio Garcia Fernández, de Vilachá-Pedrosa de Cancelada; don Eulogio Rosón Pérez, de Becerreá; don José María Magadán, médico; e don Armando Peñamaría, médico, igualmente. A cerimonia relixiosa oficiárona 14 curas e botáronlle 300 misas, pagadas polo marido. Tamén houbo esmola para os pobres que imploraron pola alma da defunta durante os días de corpo presente; déuselles unha peseta por persoa e unha boa comida: cocido, carne, pan e viño". Pobres pobres! Tiñan festa cuando morría algún rico, ou rica. O escudo desta casa é redondeado e ten un reborde e unha lenda que di: "En las armas y en el vencer Lamas es de sostener", o que permite relacionar esta casa coa familia dos Llamas.

Ademais destes tres palacios, en Galegos consérvanse dúas vivendas señoriales: o Palacio de Arriba e o Palacio de Abaixo. Este último tamén foi estudado por Yebra de Ares, por ser o único que puido visitar. Os propietarios actuales non están emparentados cos creadores do vínculo. No seu escudo tamén se alude á familia Llamas, polo visto, todopoderosa noutrora por estas terras. O fundador debeu ser don Diego Gómez de Navia, aló polo 1581. A quen lle sucedeu o seu fillo don Gonzalo Becerra de Lamas, ou Llamas. Máis adiante, descendentes desta casa ocuparon postos e cargos importantes na España e na Galicia do momento; entre eles, don José Ramón Becerra y Llamas, que foi deputado nas Cortes de Cádiz de 1812, nas de 1834 e nas de 1841.

E aínda teño que referirme á Casa de Fontela, que acadou mutia importancia nos últimos tempos da estrutura feudal en Navia, estrutura que sobreviviu ata ben entrado o século XX; na actualidade é a mellor conservada. E tamén hai a Casa do Palacio en Queizán, Palacio Vello e Palacio Novo en Son, a Casa da Torre en Vilarpandín; e outras "casas fortes" en Penamil, Virigo e, na propia vila de Navia, a Casa de Quindós, mui deteriorada xa. Contábame o meu vello amigo de Pin que os últimos caporales das casas de Quindós e de Becerra dirimiran un preito mui longo, que case os leva á ruína a ambos; creo lembrar que por mor do muín de Penasinceira.

No tocante á arquitectura popular, e a pesar de que foron desaparecendo a case totalidade das pallozas, aínda quedan lugares e construciois de mutio encanto. Un exemplo de aldea con gran personalidade é Coro, na parroquia de Rau. Pero mutias outras ofrecen enfoques espectaculares pre cualquera persoa avezada, ou iniciada. Os

nosos horros de estilo asturiano (que pre eso tamos na raia), as casas, as capelas, os muíños, os pombales, os pontigos, os curtíns, as uriceiras, os carriles ou porteleiros das fincas, as paredes, as sebes… Perderse por elas, polas aldeas, cunha boa cámara, sos ou en compañía; cruzar rigueiros, soutos, reboleiras, tesos, valgadas… Visitar castros, antas, restos de poboados primitivos, brañas, alzadas, penas de mouros de formas espectaculares e caprichosas, covas... resultará plenamente satisfactorio e engaiolante pre quen decida facelo.

Mámoas, petróglifos e castros temos mutios, aínda que "a monte"… Di Xabier Moure Salgado que hai por riba de 30 castros documentados no noso concello; e que a maioría non son da Idade do Bronce, senón que foron utilizados polos romanos pro control da actividade mineira; e que, polo tanto, son de época romana, ou ocupados polos romanos. Polo seu emprazamento nunha insua no medio do riu, gústame especialmente o de Embernallas, inexpugnable, a poucos quilómetros de Navia, riu abaixo. Por falta de espazo, non me vou entreter neste capítulo; e porque, quen teña interese, atopará no *blogue* do infatigable Moure (*Patrimonio dos Ancares*) cumprida información. Tamén temos vestixios dun primitivo poboado entre Ribón e Moia, restos de asentamentos romanos en Santa Mariña e en A Recacha, preto do límite con Asturias, sepulturas medievales en Abrente e Molmeán , covas en As Penas de Frou (Figueira, no límite con A Fonsagrada), penas de mouros en diversos lugares (Penedo do Bispo e Penalufre en Navia, Penas de Murias en Murias de Rao…).

E quedaríame por falar das brañas e das alzadas… Que, que son as alzadas? Pois… como se dixésemos, os segundos asentamentos dalguhes *pueblos*. Eilí, onde as montañas fan un descanso, normalmente por riba dos 1000 metros de altitude, aparece un terreo forte e, se ta a herba, como hai frescura e humidade abondas, dá mui bon pasto e este, de cote, loce verde. Esto son as brañas. Pois, unha boa parte dos veciños de aldeas que tiñan unha braña próxima, sempre a máis altitude ca propia aldea, tiñan unhas segundas casas tipo pallozas nesas brañas. Pero, non as tiñan todos os veciños; normalmente, só as propiedades máis antigas do lugar. E eran casas mui rudimentarias, pensadas pre serviren de cortes ó gando, principalmente; cunha primitiva lareira e algún catre pros pastores, non máis. Así, en chegando o bon tempo, a neve derretía e deixaba as brañas libres e ben enchoupadas de auga. Daquela, os veciños subían parte do gando pra braña, onde tiña mutio que comer. E, ademais, sementaban parte das terras da braña, principalmente centeu, e quitaban mui boas colleitas. Despois, cuando se aproximaban o inverno seguinte e a nova neve, baixaban de volta pro *pueblo* base o gando e as xentes que subiran pra alzada. Xa que logo, estes "segundos" *pueblos* recibían, e reciben, o nome de alzadas. Alzada de Xestoso (Aigas), alzada de Vispeiro (Ventosa e Moia), alzada de Liñares (Moia), alzada de Estorneiro (Coruxedo e Moia), alzada de Vilarmundín (Coro e Faquís), alzada de Pandozarco…



Alzada de Pandozarco… Un "pueblo vintage"

Esta última, a de Pandozarco, é a correspondente a Murias de Rau e ta mui ben conservada. Inicialmente, estas casas, ou pallozas, eran circulares e tiñan as cubriciois de palla; pero, ó longo do século pasado arderon parte delas en distintos momentos, polo lume ou por chispas, e, despois, refixéronas con forma rectangular e teitáronas de lousa; tamén hai algunhas teitadas de uralita. Na maioría dos casos, as alzadas foron quedando abandonadas eí polos anos 70/80 do século pasado. E incluso a de Pandozarco tuvo a piques de sucumbir... Mais, a xente de Murias de Rao é especial, seiol eu ben. A práctica totalidade dos mozos e das mozas de Murias emigraron camín de Barcelona. E, en xeral, foilles ben; e mui ben, nalgunhes casos. E como lle queren coma naide ó seu torrón, deulles por volver e amañar as casas a todo tren; mesmo fixeron algunhas novas. E, incluso, á maioría dos veciños deulles, tamén, por recuperar esas segundas casas de Pandozarco e convertelas en centros de reunión, de bon comer e de troula; especialmente pro vrau, tempo de vacaciois. As cortes convertéronse en grandes comedores; as lareiras, en fogares modernos e en cociñas e grellas nas que os costelares de cabrito, de xato ou de cocho collen a textura e o sabor óptimos. Viva a troula! Vivan as e os de Murias de Rau!

Si, si, os murianos e as murianas sonvos xente mui enraizada. E mui caprichosa. Tamén no cante e no baile son principales. Ata tein un costume e un xeito de festexar mui seu. Falo das "Mañanitas". Estas xentes celebran o San Donato aló polo 7 e o 8 de agosto. Festa rachada! Pois ben, na noite do 7, a mocidade non se deita e, ó raiar o día do 8 ("As mañanitas"), acompañados dun gaiteiro, van mozos e mozas de casa en casa levantando a xente pre que os acompañe nesa falcatruada de espertar a veciñanza. Despois de percorrer todas as casas, con copas, cafés, larpeiradas, e o que cuadre,

incluídos, unhes trasnoitadores van pra cama e outros… Outros van dereitiños pra misa; confesar os pecados, supoño.

E aínda celebraban tamén os reis e o antroido á súa maneira, con máscaras e mascarois. Esto por toda a zona de Rau. Pero non me queda papel pre contárvolo. Ben que ol sinto. Mais, a quen lle guste o tema, gozará lendo os volumes I e II de *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, de Xosé Manuel González Reboredo, Joaquín Rodríguez Campos e Clodio González Pérez. Ora ben… non podo resistilo, teño que contarvos algo que me chamou mutio a atención lendo estes libros. Eu xa sabía da existencia dos foxos do lobo noutros lugares; pero nunca escutiara falar de tal cousa por Navia. Pois parece ser que por eiquí, entre Pandozarco e Balouta (León), tamén hai un localizado, só que lle chaman "o corral do lobo". Unha alta parede circular que pecha un foxo cavado no chau, cun porteleiro por onde entrase o animal. Agora ta cuberto de vexetación, pero a xente maior do lugar sabe del. E, se aínda hai un, é lóxico pensar que puido haber máis. Seica lle metían dentro un cordeiro ou un cabrito e, cuando a fera entraba, trancábanlle e matábana a cantazos. Tamén tiñan un xeito de cazar o xabaril cunha ferramenta especial: "o venable", unha especie de baioneta mangada nun pau ca que se aguardaba o xabaril nun quello ou nun paso pechado polo que non puidese recuar. Pero facía falta un home mui afouto e mui forte…

Salto, xa que logo, o capítulo, case enteiro, referido a apuntes etnográficos. Mais, antes de rematar co feixe do patrimonio, quería determe un case nada no noso patrimonio inmaterial. Como todo pobo ou contorna, temos os nosos contos, as nosas lendas, as nosas canciois, os nosos dicires… Ás veces son manifestaciois comúis ás doutros lugares, un case nada adaptadas. Tanto Antonio Reigosa como Xabier Moure tein recollida muitísima literatura de tradición oral da zona nas súas respectivas páxinas. Tamén o Equipo de Normalización Lingüística do colexio de Navia fixo un traballo mui interesante sobre o tema. Só dous exemplos, a xeito de proba:

A Pena do Corvo

Na Pena do Corvo había un furado debaixo duna uriceira. Dicían que o lugar agochaba unha cociña de ouro. Ó chegar eilí, había que dar cúa pucha ou cun pano e dicir: *"Toma a miña pobreza e dáme a túa riqueza"*. E, entón, abríase o chau e aparecía outro furado, onde se cavaba o ouro, ó que só tiñan acceso os veciños de Barcia. E, claro, había de pasar: xentes doutras aldeas veciñas, envexosas, armáronse un día con chapos e podois pre levaren a cociña. Sabedores, os de Barcia agocháronse no lugar e, cuando os ladrois encomezaron a cavar, berraron os de Barcia: *"Covardes, baixai, que hai carne fresca".* Os cobizosos asustáronse, tiraron as ferramentas e fuxiron ás alancadas. Os de Barcia saíron do escondedoiro e levaron pras súas casas todas as ferramentas que deixaran abandonadas os asaltantes.

Lenda recollida por ENL do CPI de Navia de Suarna



Na uriceira había un furado… No furado había un tesouro…
O tesouro era dun mouro…

Manuel e o lobo

A esta xoia deulle luz don José Rodríguez Santalla, gaiteiro natural de A Legúa (Asturias).

Ó parecer, hai mutios anos, había un gaiteiro de nome Manuel González na Legúa, poboación lindeira ca parroquia de Marcelín (Navia de Suarna). Nunha ocasión, e xa mui entrada a noite, regresaba Manuel pra súa casa, camiñando polo monte, despois de tocar nunha festa en Marcelín. A medio camín, parouse a facer un cigarro; mais, cuando foi acendelo, a chama do misto alumou a varios lobos situados case ó seu carón. Os lobos, sorprendidos pola chama, recuaron un chisco. O gaiteiro, amedrentado, aproveitou pre erguerse e liscar do lugar, acendendo un misto tras outro ata que se lle acabaron. Sen lume, os lobos axiña empezaron a xogar con el, tal e como fain estes animales ca xente. En plena fuxida, Manuel tuvo que saltar un muro, mais, como era noite pecha, non calculou ben e caeu ó chau. E foi esto o que lle salvou a vida. Porque, ó caer, apertou por casualidade o fole da gaita e, aínda que case non quedaba aire dentro, o roncón fixo un ruído estraño que espantou un case nada os seus perseguidores. Manuel, que axiña se decatara da reacción dos lobos, pensou: *"Ai, si? Pois, se pola gaita é, de gaita heivos encher".* Desta maneira, seguiu tocando o resto do camín deica chegar á súa casa. Si, cóntase que os lobos lle tein mutio medo ó son da gaita. (Do *blogue Patrimonio dos Ancares*, de Xabier Moure Salgado).

6. Dalguis itinerarios posibles

Como non podo estenderme, só sinalarei tres posibilidades. Outramente, son modificables ie intercambiables. Ie tamén se poden complementar con outras que aparecen ben descritas na páxina web do concello. Esto non é máis ca úa referencia, despois, cada quen pode personalizalas ó seu gusto ie en función do tempo dispoñible.

Pobra de Navia, Barcia, Navia.



Un señor de altas miras… Mandou facer un castelo no alto dun penelo…




Palacios… Palafitos… Ie hórreos zancudos…

Todo andando (arredor de 5 quilómetros/3 horas). Podemos arrincar na mesma praza principal da vila, fixándonos ben na uniformidade da mesma, na proliferación de galerías ie corredores, na singular construción modernista na que viviu ie traballou Benedicto o Xastre ie a súa familia (Casa Benedicto). A Praza é a mellor testemuña do esplendor do comercio naviego noutrora. Ata mediados do século pasado, aproximadamente, no medio da praza aínda había algúa edificación, que, mesmo, facía de cárcere. Ie circula un dicir por Navia que asegura que, diante da negativa do seu dono a deixala tirar, xuntáronse un fatado de mozos ie botárona abaixo úa noite. Ie,



Aínda quedan argolas pre amarrar o futuro…

adeus ó cárcere! Despois, antes de deixar a praza en dirección ó Chau da Torre, contemplar a cara sur do castelo, erguéndose maxestoso no pico da penedía que ol sustenta ie enaltece, meterse polo quellón de Subcastelo ie saír á rúa Curros Enríquez. Se tuvesen, pedirlles a Mabel ou Javier pre poder ver o interesante museo etnográfico privado que tan montando no que fora o almacén de Xulio de Nicasio. Subir á Praza do Chau da Torre ie fixarse ben no castelo ie nalgúa casa que nela se atopa; en concreto, a casa do mesmo nome, Casa do Chau da Torre. Cruzar o riu pola ponte medieval sen perder detalle, observar o horro que hai na baixada da ponte; din que é o que ten os pés máis altos do planeta. Tamén son singulares algúas casas que tan pegadas á pena, o que fai que no inverno escorra a auga polas paredes abaixo. Úa delas é a que se atopa de fronte, segundo se sae da ponte, a que foi ata non hai mutio úa das cantinas máis típicas de Navia: O Burato. Pillar á esquerda ie deixarse ir polo camín de Forcois, fixándose ben na cara norte ie noroeste da torre, ie na ponte, claro. Continuamos ie atopamos o antigo muín do Médico, edificio harmonioso ie, no pasado, un muín mui activo; aínda eu lembro arredor de vinte cabalerías aguardando quenda pre moer, todas aliñadas no portal anexo, portal do que só queda un cacho de manxoeira ie un puñado de argolas.



Os camiños da vida…

Seguiremos paralelos ó riu ata chegar ó Banzado, ruinoso. Ie aínda podemos continuar o paseo dun medio quilómetro, aproximadamente, polo camín de Forcois, un camín que corre a par do riu ie vai á sombra dun túnel vexetal que ol fai engaiolante. Noutro tempo tiña saída a Penasinceira, pro agora ta cego ie hai que volver sobre os propios pasos ata a ponte, deixala á dereita e chegar á estrada que vén da Fonsagrada, cruzar o riu outra vez, agora pola ponte nova, ie tirar á esquerda cara ás Veigas. En

chegando ó cuartel da Guarda Civil, deixar a estrada ie continuar por un carreiro que segue pegado ó riu ata a área recreativa das Veigas.
Descansar un cuase nada nela ie, de seguido, cruzar o pontigo de madeira (se segue en pé) que nos levará ata Barcia, a aldea máis regalada do concello. Ie, a uis escasos cen



San Miguel… Cuantos pecados levarás perdoados?

metros do riu, encaramos na igrexa de San Miguel de Barcia, de ábsida románica ie da que xa falamos.

Fixándonos nas súas casas da costaneira, con requintadas galerías de madeira, ie algúa da parte chá tamén, decatarémonos de que non nos atopamos núa aldea cualquera. Terra rica, de boas colleitas en xeral, terra de viño ie de mutia froita. En cruzando a ponte que salva o rigueiro que baixa de Queizán, seguiremos a estrada que volve a Navia, pasando por Penalufre. Volveremos cruzar a ponte nova ie tiramos á dereita pola avenida dos Ancares cara ó centro da vila. Podemos achegarnos á fonte, beber un papadín de auga riquísima, volver á estrada que vén de Becerreá ie seguir ata o barrio do Muxo dando un paseo con calma. Dende eilí, baixar pola rúa Galicia outra vez en dirección á praza; pro, antes de chegar á mesma, xirar á esquerda, ganar a beira do riu ie descansar demorado na área recreativa do Alargo. Ie non marchar sen fixarse nas "casas colgantes" de Navia que quedan enriba da mencionada área de descanso, ie nas ruínas do Banzado, vistas dende esta outra beira. Inmellorable sitio pre ler un poemiña. Propóñovos este meu, que escribín de mozo ie incluín en *Navia, nai* ie en *Poemas de Amor en Outono*, polo que pre min significa:

Navia
Un riu. Un castelo. Unha ponte.
Unhos fillos que sementan fillos lonxe.
Unha muralla de tesos acinchados.
Dous feridos de taberna nunha noite.
Unha praza. Un muín. Unha fonte.
Unha copa de país no Buchinche.
Unha feira morrendo sen remedio.
Unha moza solteira por despiste.
Un borracho. Un afogado. Un folgazán.
Un cemiterio lóbrego en Penasinceira.
Unha paisaxe parda no setembro.
Unha paisaxe rexa en primavera.
Unha igrexa. Un cura. Unha campá.
Unha muller lavando no Alargo.
Unha truita collida no Curveira.
Un inverno longo como un parto.
Unha viúva. Un vello. Un tolo.
Unha xeada amoreada vinte días.
Unha porta pechada ás once da mañá.
Un fatado de cais de romaría…
Un neno. Unha vaca. Un pranto.
Un pescador ca cesta ó lombo.
Un burro tirando dun arado.
Unha estrada retorta. Un paporroibo.
Un neno. Unha vaca. Un pranto.
Un encoro que ha de vir unha noite.
Unhos veciños armados de berros.
Unhos políticos decidindo dende lonxe.
Un neno. Unha vaca. Un pranto.

Un agora de vellos e de mortos.
De esquecemento e de abandono.
Un porvir negro como un corvo…
Un neno. Unha vaca. Un pranto.
Navia. Un pobo. O meu pobo.

Riu abaixo…

Coche. Todo o día. Pódese levar xantar de campo ou facelo en A Tumbiadoira, que conta con dúas boas casas de comidas. Saímos de Navia pola LU-722 en dirección a Rau. Pasamos por As Veigas, A Garduñeira, superamos o riu Mosa ie, no canto de desviarnos á dereita, camín de Rau, seguimos riu abaixo, buscando Asturias. Cruzamos o riu de Rau, mesmo na súa desembocadura, ie comezamos a subir cara a Embernallas. Á altura desta aldea, podemos baixar por un camín de terra mui pendente pre ver o castro do mesmo nome, que ta núa especie de insua, no medio do riu Navia.



No medio do riu, unha insua… No medio da insua, un castro…

Eilí, ó pé do riu, sentar un cuase nada núa pedra ou nun madeiro pre coller folgos ie pre poder vencer a costa que nos aguarda. Ie ler o poema *Os segredos do Navia* de Eva Méndez do Roxo, que naceu no Tabillón, preto de Embernallas; poema xa recollido páxinas atrás. Despois, botámoslle peito, subimos a esixente costa, collemos o coche outra vez ie seguimos ruta. Ie chegamos á Ribeira, última aldea do concello de Navia, terra de bon viño ie mellor augardente. Ó longo de todo este percorrido podiamos ir vendo a fita do ríu serpeando polo fondo dun angosto canón; agora, o monte alto, os amieiros ie os piñeiros non deixan ver, a penas, o trasmorecer da auga correndo polo fondo da uve. Pro si se divisan na aba de enfronte úa ringleira de aldeas, cuase comidas pola natureza, que parece que van caer ó riu en cualquer momento. Despois

de A Ribeira, pasaremos por Barca, xa en Asturias, ie desviarémonos á esquerda pre baixar ata o Navia, cruzar a ponte, coñecida popularmente como "Chinchorio", ie comezar a ascender por úa estrada mui revirada ie estreita, que demanda oficio ie concentración. Ie esí chegaremos a Valdeferreiros, despois de deixar atrás A Muria. En Valdeferreiros poderemos poñer un pé en Galicia ie outro en Asturias. Dende eiquí, seguir a estrada que nos leva a Louxas (LU-P-3506), atravesar a estrada Navia-A Fonsagrada ie seguir pola LU-P-0708 ata atopar o desvío de Figueira, á esquerda, que nos conducirá, despois, a Cabanela. Neste contorno atoparemos puntos de interese en Cabanela (castros de Cantón ie Cabanela, ie igrexa), Freixeiro (mámoas de Peredelo), Monterrío (castro), Ferreirúas (anta), Restelo (mámoas). Dende Restelo, pillar a estrada que baixa a Navia ie deterse en Vilargüide (pallozas) ie Galegos (palacios de Arriba, de Abaixo ie igrexa). Algo antes de chegar a Navia, xirar á dereita, baixar ata o cemiterio ie subir á gasolineira; eilí, coller á dereita pola LU-722 ie seguir por ela uis 6 quilómetros ie desviarse á esquerda pre coller cara a Robledo de Son (LU-P-3512). Despois de pasar Robledo, pillar úa pista asfaltada á dereita que nos leva ata as Casas do Riu pre ver un castro que se atopa núa pequena península que forma o riu Ser. Volver á LU-P- 3512, ie seguir á dereita cara a Arcón, Son ie Silvouta. En Silvouta deterémonos un pouco e preguntaremos pola fonte. Se levamos sede, aproveitaremos a ocasión pre aliviala ie, despois, quedaremos en silencio por ver se se escutian aínda os ecos da cantiga popular que cantaban as mozas ie os mozos desta aldea cuando viñan por auga, ou se xuntaban no lugar a rexoubar:

O pueblín de Silvouta,
non é pueblín que é vila;
ten a fonte na entrada
e a taberna na saída.

En Silvouta chegou a haber feira… Aló van a feira e a cantina… Pro a fonte permanece. Xa que logo, podemos aproveitar o gurgullar musical da súa auga pre ler dous fermosos poemas de Beatriz Dourado, quen, ademais de facilitarme esta copliña popular tan fermosa, escribe marabillosamente. De eiquí, de Silvouta, era o seu avó paterno; polo tanto, lugar mui acaído pre ler os seus versos. Beatriz Dourado, neta de avós paternos naviegos emigrados, naceu ie medrou en Barcelona; pro alimentou a súa nenez con mil ie úa engaiolantes historias dos Ancares que a súa avoa Dolores lle contaba; feito que ela sinala como determinante na súa vocación de escritora. Despois, os seus pais volveron pre Lugo ie entre Navia ie Lugo vive. Ie, das súas entrañas, ie da súa comuñón ca terra nai, sáenlle versos tan fondos como os que seguen:

volver (a Navia)
eu serei
como queiras debuxarme
entre a túa carqueixa insubmisa
non somos acaso
seres de vida efémera?
mudar de pel, voar
e volver a ti

os nomes das casas

os nomes das casas
soterran baixo pedra húmida
a vontade de sermos
[casa do ferreiro
casa do xastre
casa do crego]
viñemos ocupar o espazo
delimitado polo cable do pastor
... e ti por que levas as pernas
rabuñadas polas silvas?



Os nomes das casas… Casa da Obra, Casa de Nelín,
Casa do Ferreiro, Casa de Quiñones, Casa de Pandelo…

E non só versos, porque Beatriz Dourado tamén escribe narrativa; úa narrativa chea de compromiso ie de talento; talento xa premiado en diversas ocasiois. Un exemplo son estas liñas do seu relato titulado *Naviadela*:

> *No luscofusco da Suarna, instalábase sempre xunto á cabana, chovese ou nevase, unha curuxa de enormes proporcións cor cinsenta. Adela dicíame entre gargalladas que eran os ollos do Comandante Che Guevara,*

xogando de novo ás metáforas. A continuación, mudaba a súa face cunha expresión taciturna, e confesaba que xa dende nena tiña medo á escuridade. Porén, se de algo estaba segura, era de que o avó Ernesto nunca deixaría de velar por ela.

Adela era tan guerrilleira coma el. Mais tocoulle batallar na vida contra homes que a desprezaron, humillaron, deixándoa ferida de guerra por sempre…

Despois destas tan reconfortantes lecturas, podemos preguntar por úa uriceira mui ben conservada que hai en Silvouta ie visitala. Ie, máis despois, seguimos camín. Deixamos Silvouta ie pillamos á esquerda cara a Vilaverde pola LU-P-3503, onde se atopa a maior explotación gandeira de carne do noso concello; é frecuente poder avistar o gando pacendo nas proximidades da estrada, con xatos de todas as idades e tamaños.



Eses animales que tiraron de Galicia séculos…
No tempo das vacas gordas…

Dende a capela dos Remedios de Vilaverde veise mui ben a serra dos Ancares ó lonxe, maxestosa. Ie, xa, antes de chegar de novo a Navia, haberá que pasar por Seón ie por Freixís. Eiquí, en Freixís, desviándonos á esquerda uis escasos cen metros pola pista que vai a Vilameixide, a miña querida aldea, poderemos atopar as ruínas do que foi un dos principales palacios do concello de Navia: o palacio de Freixís. Volta a Navia. Feliz descanso!

Montaña arriba…

Coche. Todo o día ie só é factible percorrelo enteiro nos días longos do ano. Xantar en Piornedo ou Balouta; ou levar feito. Saíndo de Navia polo caduco Campo da Feira, coller dirección Vilarpandín (igrexa ie Casa da Torre). Seguimos ata Virigo (Palacio de Virigo) ie, despois, Acevedo. Continuamos ata a Campa de Labiadas, onde nos incorporamos á LU-P-3505, que nos levará ata Piornedo. Contábame meu pai cuando eu era neno que esta Campa de Labiadas era un lugar onde se xuntaban mutios lobos; algo esí como o campo da festa dos lobos. Entraremos, polo tanto, nas terras do veciño concello de Cervantes. Pro todas estas aldeas lindeiras tein un estreito vínculo, comercial ie social, con Navia; xa que logo, pareceume axeitado incluílas nesta excursión. En mui pouco tempo, atoparemos o indicador de Vilaquinte á dereita; pódese visitar esta aldea, incluso parar a ver a Casa do Crego, un exemplo de restauración enxebre ie mui creativa. Inmellorable lugar pre lembrar os entrañables Helena Villar Janeiro ie Xesús Rábade Paredes, autores de *Morrer en Vilaquinte*; aínda que este Vilaquinte real non ten nada que ver co da ficción, a escolla do nome non sería casual; porque Helena foi mestra en Vilaver, do outro lado do riu Ser, aló polo 1960. Feito do que deixa constancia no seguinte texto, que me prestou xenerosa ie que aparecerá no capítulo "*Abrindo as ás*" das súas memorias:


> *Aproveitando os días grandes, un domingo baixei andando desde Vilaver cos veciños que levaban un xato á feira de Navia. Ía repasando os nomes que sabía daquelas aldeas, como Vilaquinte ou Ballo, e crucei o río que nomeaba meu pai: o Ser. Non tiven tempo de averiguar se inda vivía en Vilaquinte a enorme nogueira negra que valía unha fortuna e ningún madeireiro se atrevera a comprar porque non habería xeito de lle sacar as toradas ata a estrada, tal era a incomunicación. Eu desexaba coñecer a vila á que meu pai ía de neno desde Becerreá acompañando ao seu para venderen nas feiras roupa feita transportada en burro alugado e, xa de mozo, para facer os bailes co acordeón. E sabía sen chegar o nome das fondas, dos cafés e de moitos dos seus amigos. Por fin atopei unha vila moi vital que lucía sen nostalxias do tempo ido o castelo e a ponte. Pero hoxe creo que ten señardade daquelas feiras e da poboación que se esvaeceu en toda a rodeada.*



Onde o tempo escribiu as súas memorias…

Volvemos á estrada xeral que traiamos ie imos subindo ata Corneantes. Ie pasaremos diante dúa capeliña, cúa porta máis axeitada ós ananos que pre xente do común. Seguiremos por baixo de

Moreira ie cruzaremos o rigueiro que descende de Suárbol. Ie, en nada, atoparémonos no cruce ca LU-P-1401; collendo á esquerda, chegaremos a Piornedo. Este poboado prerromano ben merece úa visita demorada. Situado ó pé do Mustallar ie do Penalonga, a uis 1100 metros de altitude, conta cun conxunto de pallozas (úa delas destinada a museo etnográfico, mui recomendable), horros, capela, fontes, carriles ou porteleiros de fincas… de enorme atractivo. Ie tamén hai úa boa infraestrutura hostaleira. Ie dous exemplares de teixos mui vellos. Rematada a visita a Piornedo, seguimos pola estrada que vai cara a León; deixamos Suárbol á esquerda nun pequeno vale (indo ben de tempo, paga a pena visitalo) ie, despois duis quilómetros por úa estrada complicada, chegamos á Cruz da Cespedosa, outra vez nas terras do concello de Navia. Incorporámonos á LE-712 ie subimos ata o Porto de Ancares, máxima altitude do concello naviego (1680 m.) ie comezo das rutas de sendeirismo do Cuíña ie do Miravalles. Dende este punto, as vistas son impresionantes: vale de Ancares con Ponferrada ie o Teleno na distancia; un miradoiro cara o val de Balouta, Becerreá ó lonxe, tamén A Fonsagrada, Pico Surcio no límite con Asturias…



Parafraseando a Uxío Novoneyra:
Ancares dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.

Mui aconsellable achegarse ó miradoiro de Balouta ie, dende eilí, berrarlle ó vento os telúricos versos do poeta da serra irmá, os versos do courelao Uxío Novoneyra**,** ou pensalos cara a dentro; despois de pedirlle cos ollos pechados que nos deixe intercambiar os topónimos:

Ancares dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.

Despois deste rezo poético, xa podemos baixar ca conciencia tranquila. Ie temos dúas opciois: A) Baixar ata Balouta ie visitar esta fermosa aldea "galego-leonesa" con pallozas teitadas, aínda, de palla, como Piornedo; ie volver de seguido á Cruz da Cespedosa pre coller a pista que baixa a Pandozarco. B) Renunciar a visitar Balouta ie, na Cruz da Cespedosa, coller xa pola pista que hai entre a estrada que nos trouxo de Piornedo ie a LE-712 que leva a Balouta. Segundo como andemos de tempo, de forzas ie de intereses, ie de fame, decidiremos. En facendo a visita a Balouta (onde se come mui ben), ou sen facela, pillaremos cara a Pandozarco, alzada mui ben conservada ie xa comentada; as vistas son extraordinarias. Seguiremos descendendo pola estreita pista, pro ben asfaltada, pola que engataron Froom, Contador, Purito, Valverde ie compañía cas súas bicicletas pelexando pola vitoria núa épica batalla da Volta Ciclista a España 2014. Ie atoparemos o curtín máis fotografado da contorna nun prado, xa cuase a monte, á esquerda, ó lado de abaixo da pista; ie, tamén, á mau dereita, a maxestosa Pena de Murias. Desta pena, Xabier Moure di:

> *Trátase dun colosal penedo cónico de paredes de lousa negra, con covas na base. Ao parecer aquí houbo unha explotación mineira de época romana. Se ben hai algunhas lendas cuxos protagonistas son os mouros (disque que agochan un carro e dous xugos de ouro), ou un burato que se se tira unha pedra soa como se tocase en metal, a de máis sona entre os veciños (que teñen por unha historia real) aconteceu durante as Guerras Carlistas do século XIX. Cóntase que cando unha partida carlista fuxía das forzas liberais, e por medo a que stas se apoderaran do tesouro que levaban, decidiron agochalo na Pena de Murias. A pesares de que foron moitos os forasteiros que o buscaron, endexamais lograron dar con el. Tamén andiveron na súa procura os veciños, mais, ata o de agora, sen éxito. Iso si, saben que non está lonxe de onde buscan e que, máis tarde ou máis cedo, ha aparecer. Esa seguridade dánlla dúas referencias que, ao parecer, deixaron os carlistas por se algunha vez tiñan que volver a buscalo. Dise que o tesouro está no único lugar da pena dende onde se divisa o campanario da igrexa de Rao. Desta pena tamén falan Xosé Manuel González Reboredo e Xaquín Rodríguez Campos no súa Antropoloxía y etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares (1990) onde recollen que os mouros viviron na Pena de Murias bastante tempo e para evitalos os veciños tiñan que arrodear por Pan do Zarco.*

Ie chegaremos a Murias de Rau, incorporándonos de novo á LU-P-3508 que vén de Balouta. Murias é unha aldea grande, mui renovada ie xa comentada. Seguimos descendendo ie pasaremos cerca do "castañeiro das cruces"; pro non se ve, porque queda no camín vello. Ie chegaremos á ponte que cruza o riu de Balouta, onde dixemos que houbera úa ferrería na que se fabricaban os potes de Rau. En pasando a ponte, á mau dereita, encima mesmo da estrada, outro curtín circular, restaurado de hai pouco. Ie alguis outros na aba de enfronte. Algo máis adiante, Robledo. Ata eiquí chegou Xurxo Borrazás dende o seu Carballo natal hai xa uis cuantos anos. E debeulle gustar o lugar, pois os feitos que acontecen na súa novela *Ser ou non* acontecen nesta contorna. Di o narrador de Xurxo:

Vin á Pena porque me dixeron que non ía haber ninguén. Así de claro. Existen mil lugares a onde ir…

O lugar da Pena, nos límites de Galiza, Asturias e León, agrupa dúas ducias de construcións nas abas dun monte coroado por un petouto."Calquera día caio", ameaza o pedrolo. "No momento menos pensado esvaro e zas, a tomar polo cu"! ...

Hoxe eu son o único habitante e resulta atraente imaxinar que por estas ruelas e canellas circularon centos de persoas a diario, ferveu a vida de familias numerosas, houbo nenos a brincar, faces rubias e corpos chatos, mans tostadas e bocas sen dentes, parellas a facer o amor con présa nos piornos, carros acugulados de herba a renxer co eixe mollado, bosta fresca a fumegar, gaitas e pandeiros a animar o serán do estío. É atraente porque agora todo isto desapareceu…

Seguimos ie incorporámonos á LU-P-3502. Se imos ben de tempo, collendo á dereita, paga a pena visitar Rau ie a súa igrexa, dedicada a Santa María; tamén hai casas de aldea que testemuñan o seu esplendor noutrora, ie uis castañeiros mui vellos con carocas ben caprichosas na súa praza, a carón da igrexa. No cemiterio vello de Rau crese que foi enterrado un guerrilleiro do Bierzo; pro, cuando os membros da ARMH quixeron exhumar os seus posibles restos, os veciños de Rau opuxéronse. Cousas… Ie



E… pre descansar… As Veigas é o lugar…

xa deixamos Rau ie volvemos pola LU-P-3502 en dirección a Navia. Cruzamos o riu de Murias-Balouta ie, a poucos metros, hai un desvío á esquerda que nos leva a Coro, úa aldea con mutia personalidade, ie úa humilde capela, que tamén é recomendable visitar. Despois pasaremos por Faquís ie, algo máis arriba, aconsello deterse ie contemplar as extraordinarias vistas do Val de Rau ie os desfiladeiros que se abren en abismal vertixe; se nos fixamos ben, poderemos ver diferentes curtíns estragallados polas abas dos montes ie asentados nos lugares máis inverosímiles. Seguimos subindo; máis barrancos infernales ie aldeíñas, ás veces de úa ou dúas casas tan só: Meda, Asar, Prebello, Trabadelo…) perdidas no medio da inmensidade da serra esquecida. Impón! Asturias ó fondo, na profundidade das montañas, que se suceden como ondas alporizadas no mar bravo. Úa pequena baixada ata o rigueiro de Riamonte, volta a subir ie descenso ininterrompido ata

conectar ca LU-722. No inicio deste descenso final, Folgueiras de Aigas; despois, Larxentes (castro) ie, finalmente, Muñís (pallozas, capela ie casas típicas). Antes de chegar ás beiras do Navia, deixaremos a Casa de Fontela á esquerda, úa "casa grande", ou palacio, mui ben conservada. Úa vez conectados ca LU-722, virar á esquerda cara a Navia ie, a uis tres quilómetros… merecido descanso!

7. Dun soño posible

O futuro ta por escribir. Eu vou escribir o meu soño. Por se se fixese futuro. Soñar esperto non é pecado. E sen soños non hai eso: futuro. Soño cunha Navia viva. Diferente, pero viva. Faise difícil imaxinar que poderán volver correr muitos nenos e muitas nenas polas nosas aldeas no mañá. Como aconteceu ata hai medio século. Conformaríame con que non desaparecesen algunhos asentamentos. Conformaríame con que algunhas parellas novas apostasen por vivir dignamente nestas terras, naqueles lugares que mellores condiciois ofrezan. Explotaciois gandeiras de carne, de sabor incomparable. Explotacións rendibles e traballadas a xeito de cooperativa ou asociacións veciñales ou familiares que garantan unha vida digna ós traballadores e traballadoras das mesmas. Na miña nenez, case todas as familias tiñamos un fatado



De neno tuven unha cabra favorita… Chamábase Palumba…

mixto de ovellas e cabras. Os montes taban "amansados" pola facenda. Agora todo é unha caótica selva. Paréceme que tamén esta podería ser unha boa saída pre algunhas familias, porque hai monte pre manter muitas cabezas de ovellas e de cabras. Simbiose

perfecta. E, como complemento, unha racional explotación madeireira; individual e colectiva. Racionalización do monte. Boas vías de comunicación, bois servicios. Imprescindibles unha sanidade e unha educación básicas públicas e de calidade. E unha atención á terceira idade humana e digna, no seu entorno e rodeados da súa xente. Recuperación e posta en valor do traballo asociativo. Recuperación e posta en valor do patrimonio: camiños, muíños, uriceiras, paredes, alzadas, curtíns… mámoas, castros, penedos… horros, igrexas, capelas…



Ca cerna da vella pedra… Ergueremos, firmes, novas primaveras…

E, sendo así, garantiríase o futuro da "Puebla", da vila. Porque, sen aldeas, non hai vila. Colexio público e centro de saúde ben dotados e atendidos. Innegociable. Centro pra xente maior xa! Recuperación e valorización do patrimonio histórico e natural. Soño un castelo do pobo restaurado e funcional. Perfectamente, podería acoller as oficinas municipais e un auditorio racional pras necesidades da veciñanza; e algunha sala *multiusos*; e un espazo destinado a museo etnográfico e arqueolóxico. No tocante á promoción turística, ademais de todo o xa comentado, un paseo fluvial que una Navia cas Veigas, con Barcia, volta a Navia por Penalufre, camín de Forcois, continuación ata Penasinceira, volta por tras do cemiterio, por Vales de Abaixo e final no Banzado. Recuperación do pozo de Suspenas; que agora ta atollado de cascallos do vello banzado, de pedras e de area, onde antes era unha piscina natural incomparable. Facer unha praia fluvial de temporada na insua que queda no medio do riu, cun pontigo de madeira pre pasar ata ela. Recuperación do muín do Médico e da presa que ol alimentaba. Valoración técnica da Casa Benedito e decisión democrática, acordada pola veciñanza, respecto de que facer con ela. Rutas de sendeirismo ben sinalizadas e cun mantemento regular. Habilitación dunha ruta que una o Muxo, con Pucarín, Penedo do Bispo, Curveira, Vistalegre, A Sendiñela, Penedo da Forca, Vilarantón, A Garduñeira, As Veigas, Barcia, Grandela, Trigal, Galegos, Vilargüide, Paradela, Mazaira, Vilagoncide, Pin de Arriba, Pin de Abaixo, Penaseinceira, Maseiriños e Navia. E tantas outras, por todo o concello. Actividades culturales (musicales, literarias, teatrales, pictóricas…) e deportivas que posibiliten que a xente de fóra veña coñecer Navia. Recuperación, na medida do posible, das feiras; aínda que sexan temáticas. Unhos negocios de hostalería ben informados e formados pre que saiban valorar e ofrecer a



Gozoso éxtase visual… A beleza aniñou nos meus ollos…

gastronomía local con personalidade e calidade. Sinalo un exemplo que me fai ferver o sangue: poñer produtos industriales no almorzo, tendo a nosa exquisita rosca de noces e pasas pre ofrecerlle ó mundo…

En fin… Veleiquí o soño dun soñador patolóxico…

8. E esta vai por despedida

Din eses do outro lado
que cantan mellor ca nós;
cantan a punta dun corno,
mellore cantamos nós…
(Popular)

Esta vai por despedida,
que me teño que ir marchando;
os nenos chaman por min,
os cartos vanse acabando…

Por non cantar, vou chorando,
por cantar, choran as pedras;
o meu cantar é cativo…
Cantade, nenas da Puebla!

Ponte de Navia, non caias

Ponte de Navia, non caias,
tente de pé, dereitiña;
que por ti ha de pasare
a moza que ha de ser miña…
Ponte de Navia, non caias,
tente de pé, dereitiña.
(Popular)

Que vén á fonte por auga,
pola mañá moi cediño;
á fonte do San Queitano
para atoparse comigo…
Ponte de Navia non caias,
tente de pé, direitiña.

Que al estou agardando

de este lado do río,
que al estou agardando
para darlle o meu cariño…
Ponte de Navia non caias,
tente de pé, dereitiña.
Dille que non se entreteña,
sen os seus ollos non vivo;
dille que non se entreteña
se quere casar comigo…
Ponte de Navia non caias,
tente de pé, dereitiña.

Ponte de Navia, non caias,
tente de pé dereitiña;
que por ti ha de pasare
a moza que ha de ser miña…
Ponte de Navia, non caias,
tente de pé, dereitiña.



Ponte de Navia non caias… Tente de pé direitiña…

Xa que logo, deica logo… O que saiba outra mellor… Que al cante, por favor!

AGRADECEMENTOS

INFORMANTES

Antón L. Santamarina
Armando Requeixo
Beatriz Dourado
Belén de Teodoro
Elda Gómez Fernández
Emma de Vilaquinte
Gonzalo da Casa de Cardela
José Fernández (Alcalde de Navia)
Juan de Vilagoncide
Julín do Zarabeto
Lucía López
(Fonteferreira, Pedrafita do Cebreiro)
Manolo de Barreiro de Vilaquinte
Manolo de Marica
Manuel do Souto de Vilameixide
Marcos Seixo
Mario de Couso
Moncho de Liñares
Olimpia López Rodríguez
Paco do Médico (Exalcalde de Navia)
Suso de Muñís
Tino de Féliz
Veiguiña
Xabier Moure
Xosé Manuel González Reboredo

COLABORACIOIS LITERARIAS

Antonio Reigosa
Ánxela Gracián
Armando Requeixo
Beatriz Dourado
Constantino Bértolo Cadenas
Darío Xoán Cabana
Eva Xanim
Eva Méndez Do Roxo
Helena Villar Janeiro
Isidro Novo
Xesús Alonso Montero
Xurxo Borrazás

COLABORACIOIS ESPECIALES

Laura Cereijido (Pola tradución do francés ó galego do texto que fai referencia ó paso das tropas napoleónicas por Navia).
Mabel e Javier da Casa de Julio de Nicasio (Museo etnográfico familiar).
Dolores G. Ron (Pola cesión da imaxe da súa autoría de Navia baixo a néboa cos Ancares nevados ó fondo).

AGRADECEMENTO ESPECIAL

A **CHRISTIAN VILLAMIDE**, desinteresado autor da práctica totalidade das fotografías que ilustran este traballo.

BIBLIOGRAFÍA

AMOR MEILÁN, MANUEL: *Geografía General del Reino de Galicia* (Provinvia de Lugo, Tomo IV). Casa Editorial Alberto Martín.
AAVV: Internet
CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA: Páxina Web.
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO CPI PLURILINGÜE DE NAVIA DE SUARNA: *Palabras de Noso* (Léxico patrimonial da comarca dos Ancares e da súa contorna).
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RUTH: *A provincia de Lugo na obra xornalística en castelán de Ánxel Fole*. Deputación Provincial de Lugo.
GARCÍA FERNÁNDEZ-ALBALAT, BLANCA: *Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas.*
GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares,* Vol. II. Deputación Provincial de Lugo.
GONZÁLEZ REBOREDO, J. MANUEL / RODRÍGUEZ CAMPOS, JOAQUÍN: *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares,* Vol. 1. Deputación Provincial de Lugo.
LÓPEZ FERNÁNDEZ, ENRIQUE: *Patrimonio artístico-monumental de Navia de Suarna*. (Suplemento del nº 39 del Boletín Informativo Lucus). Deputación Provincial de Lugo.
MOURE SALGADO, XABIER: *Colectivo Patrimonio dos Ancares* (Blogue).
REIGOSA CARREIRAS, ANTONIO: *Galicia Encantada* (Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia). Páxina Web.
SEVILLA RODRÍGUEZ, MARTÍN: *La toponimia asturiana de orígen europeo prelatino.*
RODRÍGUEZ LÓPEZ, MANUEL: *Viaxes con Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
WALTER EBELING: *A Terra e os homes*. Deputación Provincial de Lugo.
YEBRA DE ARES, ANTONIO BENITO: *Pazos y señoríos de la Provincia de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo.